



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 45

Sesión plenaria
26 de marzo de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



Orde do día (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 2945 (12/PNP-000332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e tres deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

4.2 11056 (12/PNP-000917)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo executivo galego en relación coa autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024

4.3 19448 (12/PNP-001536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

4.4 19556 (12/PNP-001551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

4.5 20584 (12/PNP-001652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 162f1, do 26.02.2025



4.6 20941 (12/PNP-001682)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se acolla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

Punto 5. Interpelacións**5.1 1280 (12/INT-000059)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

5.2 18909 (12/INT-000755)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

5.3 21036 (12/INT-000851)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 21905 (12/POPX-000037)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o grao de transparencia, normalidade e legalidade da tramitación dos procedementos relacionados coa implantación do proxecto industrial de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

6.2 21906 (12/POPX-000038)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a instalación en Galicia da macrocelulosa de Altri que non quere Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 21889 (12/PUP-000096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a valoración realizada pola Xunta de Galicia respecto da solicitude de captación de auga no encoro de Portodemouros prevista no Proxecto Gama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

7.2 16166 (12/POP-002377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as demandas de profesorado de apoio manifestadas pola ANPA do CPI Castro Baxoi, de Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140f1, do 16.01.2025

7.3 20731 (12/POP-003171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a cobertura da praza vacante de conserxaría no IES San Paio, de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 167f2, do 05.03.2025

7.4 21890 (12/PUP-000097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as sentenzas que acaban de recoñecer o dereito das nenas e dos nenos galegos ao acceso ás axudas educativas no ámbito da educación inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 175f2, do 19.03.2025

7.5 21305 (12/POP-003253)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o anuncio de peche da Escola Infantil A Casiña, situada no barrio ourensán das Lagoas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

7.6 19096 (12/POP-002944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e oito deputados/as máis

Sobre as medidas de concesión de avais á compra de vivenda postas en marcha polo Goberno central e que terán que xestionar as comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025



7.7 21250 (12/POP-003244)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e nove deputados/as máis**

Sobre as medidas que está a pór en marcha a Xunta de Galicia destinadas a facilitarlle á xente nova o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 171f1, do 12.03.2025

7.8 17776 (12/POP-002795)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á redución das listas de espera para consultas no Hospital Público da Mariña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

7.9 18357 (12/POP-002870)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre o balance dos plans locais de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en debater as dúas preguntas ao presidente da Xunta de Galicia de xeito acumulado, rexistradas cos números 21905 e 21906. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de transparencia, normalidade e legalidade da tramitación dos procedementos relacionados coa implantación do proxecto industrial de Altri. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a instalación en Galicia da macrocelulosa de Altri que non quere Portugal. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor e da autora: Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 12.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 13.).

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 15.)

Réplica do autor e da autora: Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 17.) e Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 18.).

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 20.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo Executivo galego en relación coa autoestrada AP-9. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 22.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 25.), Sr. López Font (S) (Páx. 26.) e Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 28.).

Nova intervención do señor Rodríguez Martínez (P). (Páx. 31.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 33.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 33.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 38.) e Sr. Trenor López (P) (Páx. 38.).



A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 43.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Deza Martínez (P). (Páx. 46.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 48.) e Sra. Méndez López (S) (Páx. 48.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Marnotes Fernández (P). (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 58.) e Sr. Suárez Fernández (BNG) (Páx. 60.)

A señora Castro Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 63.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Gómez Besteiro e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se acolla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 66.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 67.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 69.)

Nova intervención da señora Iglesias Rey (S). (Páx. 72.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e tres deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9: aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 74.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que se atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo Executivo galego en relación coa autoestrada AP-9: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro: *rexeitada por 24 votos a favor, 37 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte: *aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación do Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Gómez Besteiro e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se acolla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 76.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional sobre o recoñecemento ao matemático don José Rodríguez González, que é aprobada por asentimento. (Páx. 76.)

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 84.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro.



Interpelación de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 86.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 93.)

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 102.)

Pregunta de D^a Monserrat Varcárcel Armesto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración realizada pola Xunta de Galicia respecto da solicitude de captación de auga no encoro de Portodemouros prevista no Proxecto Gama. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 104.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 105.)

Réplica da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 106.)

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas de profesorado de apoio manifestadas pola ANPA do CPI Castro Baxoi, de Miño. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 108.)

Réplica do autor: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 110.)

Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a cobertura da praza vacante de conserxaría no IES San Paio, de Tui. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 112.)



Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 113.)

Réplica do autor: *Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG)*. (Páx. 114.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 115.)

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as sentenzas que acaban de recoñecer o dereito das nenas e dos nenos galegos ao acceso ás axudas educativas no ámbito da educación inclusiva. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 116.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Sra. Longueira Castro (S)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 119.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o anuncio de peche da Escola Infantil A Casiña, situada no barrio ourensán das Lagoas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 121.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D^a María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas de concesión de avais á compra de vivenda postas en marcha polo Goberno central e que terán que xestionar as comunidades autónomas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 124.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a pór en marcha a Xunta de Galicia destinadas a facilitarlle á xente nova o acceso á vivenda. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Grueira Fernández (P)*. (Páx. 127.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 128.)



Réplica da autora: *Sra. Grueira Fernández (P)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-
gue)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á redución das listas de espera para consultas no Hospital Público da Mariña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 131.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 132.)

Réplica da autora: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 134.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance dos plans locais de saúde. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 135.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 138.)

Remata a sesión ás seis e corenta e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión.

Antes de comezar, permítanme que saúde os alumnos de 1º e 2º de bacharelato do centro Enrique Muruais, da Pontenova, e tamén a todos os invitados que hoxe se atopan na tribuna. Benvidos ao Parlamento.

E, sen máis, comezamos.

Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debate acumulado das dúas preguntas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de transparencia, normalidade e legalidade da tramitación dos procedementos relacionados coa implantación do proxecto industrial de Altri

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a instalación en Galicia da macrocelulosa de Altri que non quere Portugal

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor Rueda, Altri, o relato dunha gran mentira. Dende o inicio de todo este proceso foi sucedendo todo e tamén todo se foi desmontando. Vostede, señor Rueda, fixo disto un proxecto político co seu aval persoal, no que resulta que era todo unha chea de mentiras. A única verdade que hai aquí é que o PP está disposto a facer o posible e o imposible por que o proxecto vaia para adiante.

Altri presentouse como un proxecto de fibras téxtiles; tamén era mentira. Esta mesma fin de semana, mentres unha conselleira dicía que era un proxecto de fibra téxtil, outra dicía, alto e claro, que se trataba dunha macrocelulosa. Nin vostedes mesmos se poñen de acordo.

Contou, e contábase, que ía ter 2.500 empregos directos; unha mentira máis. Apuntábase incluso que non era necesario mudar o modelo forestal, nin tampouco o enerxético, porque chegou a dicirse incluso que era un proxecto autosuficiente enerxeticamente; mentira tamén.



E no ámbito do financiamento, dese financiamento viable, tamén nos topamos con mentiras. O ano pasado coñecemos que, segundo a empresa, ou se aportaban eses 250 millóns de fondos públicos, de todos os galegos e galegas, a ese proxecto ou o proxecto non sería viable. Nembargantes, hai uns días un medio de comunicación dicía que a empresa estaba disposta e podía sacar o proxecto adiante con independencia desas axudas. A verdade é que soa todo un pouco a pitorreo. E, mentres tanto, vostede, que rexeita a condonación da débeda, está encantado de que se lle entreguen 250 millóns de fondos públicos, de todos os galegos e galegas, a este proxecto empresarial.

Nos últimos días tamén escoitamos unhas declaracións de membros do seu Goberno onde dicían que era o maior proxecto empresarial dos últimos cincuenta anos. E, evidentemente, aí xa á opinión pública e a nós mesmos nos veñen os recordos doutros proxectos tamén espectaculares, grandiosos: a fusión das caixas galegas, proxecto frustrado, ou proxectos de construción de non sei cantos centos de floteis de Pemex aquí en Galicia; todo mentira.

E en relación coas axudas que podía prestar a Xunta de Galicia, a preguntas miñas, vostede dixo que a empresa —textualmente— sabe o apoio que vai ter da Xunta de Galicia. E agora, que coñecemos tamén que non vai haber fondos propios da Xunta de Galicia para este proxecto, a pregunta é: ¿cal é ese tipo de axuda? ¿Quizais a declaración de impacto ambiental era a axuda que esperaba ter a empresa, que coñecía que ía ser unha declaración positiva?

Pero atopámonos actualmente no punto da rigorosidade, de facer un debate rigoroso da viabilidade e da solvencia deste proxecto, e é verdade que o proxecto cae en materia de solvencia, de viabilidade e de rigorosidade; cae; Galicia non necesita un proxecto que adique máis recursos forestais a producir celulosa.

E no tocante ás axudas públicas, deses 250 millóns, dúas cuestións, moi brevemente. En primeiro lugar, agora xa coñecemos por que o Partido Popular quería xestionar os fondos públicos e os fondos europeos; agora témolo claro. Porque, se por vostedes fora, hoxe os 250 millóns, se os xestionaran vostedes, xa estarían en mans desa empresa e xa se estaría construindo ese proxecto empresarial. E, en segundo lugar, quero dicir claramente aquí en sede parlamentaria, sen ocultacións, como o vimos facendo dende hai moito tempo: se do PSdeG dependera, este proxecto recibiría cero euros de fondos públicos, porque nin cumpre nin o merece, señor Rueda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Formula agora a pregunta dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.



Señor Rueda, o pasado sábado na Pobra do Caramiñal vivimos unha manifestación histórica, por terra e por mar, onde milleiros e milleiros de galegos e galegas lle dixeron «Altri non, Galiza si». Aos miles de galegos e galegas, aos que vostede ten a desvergoña de chamar alborotadores e propagadores de bulos, aos que acusa de estar desinformados e manipulados; aos miles de galegos e galegas, dos que vostedes se mofan mesmo en sede parlamentaria, dicindo que queren volver vivir nos castros, esta é a resposta do Partido Popular: desprezo e insulto. (*Aplausos.*) Esa é a súa resposta ante unha cidadanía que democraticamente se opón á bomba ambiental de Altri.

Son vostedes o Partido Popular máis ultra, máis antidemocrático e máis antigalego, pero non nos van parar nin con mentiras nin con insultos, nin con propaganda.

Señor Rueda, eu levo durante meses facéndolle unha pregunta, que aínda non foi capaz de responder. Altri é unha empresa portuguesa; se a macrocelulosa é tan boa, ¿por que non a queren en Portugal?

Fagamos algo de memoria. No ano 2017 Portugal viviu unha vaga de incendios terribles, que arrasou miles de vivendas, miles de hectáreas, e o máis grave é que levou por diante a vida de 111 persoas; repítolle o dato: máis de 100 persoas mortas polos incendios. Esta situación creou un *shock*, como é normal, na sociedade portuguesa e levou a que o Goberno tomara unha decisión importante: prohibir a plantación de eucaliptos. A partir de aí, Galiza convértese no lugar no que buscan os eucaliptos que non poden plantar en Portugal.

E agora, con toda esa información, señor Rueda, ¿pode responder á pregunta? Se Altri é tan boa, ¿por que non a queren en Portugal? (*Aplausos.*) Señor Rueda, ¿de verdade, de verdade vostede está disposto a converter Galiza nun grande eucaliptal e os nosos montes nun polvorín en pleno cambio climático? ¿De verdade está disposto a impoñernos unha macrocelulosa, que envelenaría o río Ulla, a ría de Arousa..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, si, poñendo en risco miles de postos de traballo na terra e no mar? (*Aplausos.*)

Altri é un atentado ecolóxico en contra de Galiza, e a cidadanía galega, e nós con ela, non llo imos permitir. Esta batalla ímola gañar, pese ás súas mentiras e ás súas manipulacións. (*Aplausos.*)

Mentiras, señor Rueda, como que estamos ante unha decisión técnica, cando todo o mundo sabe que esta é unha decisión política, tomada polo seu Goberno, que mesmo aproba normas á medida da macrocelulosa, e na que, no seu empeño por ser o comercial de Altri, está vostede rozando a prevaricación, señor Rueda. (*Murmurios.*)

Rectificar é de sabios, e eu pídlle, señor Rueda, que escoite e rectifique; rectificar é de sabios; rectifique, señor Rueda, porque, se non, a cidadanía deste país non lle vai perdoar nin a súa deslealdade nin a súa traizón a Galiza. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Ben, un saúdo aos alumnos que están hoxe na tribuna, e tamén aos representantes políticos que non merecen o saúdo dos portavoces da oposición, porque deben pensar que, como non son dos seus, non merecen ser saudados. Eu saúdoos en nome de todo o hemiciclo. (*Aplausos.*)

E a verdade é que estaba tomando nota de cousas que dicían tanto o señor Besteiro como a señora Pontón, e chegou un momento —teño que dicir— en que deixei de facelo, por unha razón: porque é o de sempre. Chega un momento en que un, agora que tanto se fala de que os esforzos non valen a pena, non valen nin para presentar un orzamento neste país, di: ¿valerá o esforzo a pena? Decía meu pai que o esforzo inútil conduce á melancolía. E eu, escoitándoos, acórdome, e digo: pois tiña razón. Pero eu creo que vale a pena seguir intentándoo, antes de caer na melancolía.

E miren, de todas as cousas que dixeron, de todos os disparates, de todos os bulos, eu, señora Pontón, non digo que a xente que fora á manifestación levantara bulos, polo menos non todos, pero dende logo vostede si, sen ningunha dúbida. E de todos os que dixeron, de todos os que contaron, hai un que o resume perfectamente, porque ao final todo se basea en que vostedes non sabían de que ía o asunto, porque non poderán negar que durante moito tempo o apoiaron, aplaudindo coas orellas. Polo tanto, a súa escusa, a súa saída é dicir que non sabían de que ía o asunto.

Entón, miren, eu voume esforzar e simplemente facer dúas referencias. A primeira, a hemeroteca. Grupo *El Progreso*, febreiro de 2022, digo exactamente o que dicía: «Comezan a transcender os mimbres do cesto que armará Altri. A multinacional portuguesa deseña dúas fabricas e unha soa planta, unha de pasta soluble e outra de fibra ecolóxica lyocell. Así, a intención do grupo portugués é dobre: unha fábrica de pasta de madeira soluble, que é a materia prima para fabricar lyocell, o tecido sostible que está de moda. Segundo adiantou a Xunta, que xa comezou a avanzar os datos do proxecto, isto permitirá que a primeira unidade de produción nutra a segunda, dentro da mesma planta, é dicir, un pouco o que fai Alcoa na fábrica de San Cibrao. E respecto ás dimensións do proxecto, avánzase que a primeira planta terá o dobre de capacidade que a segunda.» ¡Cantas veces lle temos escoitado, cantas veces, que non sabían nada de que se fora facer pasta soluble!

Diario de Pontevedra e *El Progreso*, de Lugo. Haberá que dicirlles que vostedes ou non len os seus periódicos ou non entenden nada do que poñen. (*Aplausos.*) Primeira demostración.

Hai outra moito mellor, e esta simplemente a digo, por Pontevedra, en homenaxe ao señor Bará, e en Lugo en homenaxe a todos os deputados do BNG, que dicían que era un proxecto marabilloso. Hai outras moitas noticias na hemeroteca. Marzo de 2023, proposición non de lei, ¿de quen? Do Grupo Parlamentario Socialista, aquí no Parlamento. Exposición de motivos. Decía o seguinte: «O grupo portugués Altri anunciou que o denominado proxecto Gama estaría ubicado en Palas de Rei.» Isto dío o Partido Socialista, na súa exposición de motivos.



«Este proxecto supón a creación dunha planta para a elaboración de pasta de papel, que se integrará parcialmente na produción de lyocell, ata alcanzar a súa capacidade.» E despois de facer esta bonita exposición de motivos, os seus deputados, señor Besteiro, piden que, en base a isto, en base a isto, en base a que vai haber esas dúas plantas, o Parlamento inste a Xunta de Galicia a poñer á disposición da empresa promotora o asesoramento para conseguir o financiamento necesario do proxecto e acudir ás convocatorias PERTE do Goberno de España. (*Murmurios.*) Isto dino vostedes, señor Besteiro, (*Aplausos.*) isto dino vostedes.

¿Resultado da votación? Ningún voto en contra. ¡Que casualidade: as dúas plantas que vostedes non sabían que existían! Entón, ¿cal é a conclusión aquí neste caso? No primeiro, que non len o periódico ou non o entenden, e, no segundo, que non len as cousas que presentan e votan.

¿Saben cal é a conclusión? Moi fácil. Miren, maldita hemeroteca e maldito *Diario de Sesións*. Ou son vostedes uns ineptos ou son uns mentirosos, ou non se enteran de nada, ou todo á vez, ou todo á vez. (*Aplausos.*)

Miren, vostedes dous, que agora sobreactúan todo o que poden para intentar tapar isto que está aí, e é irrefutable, son os mesmos que dicían que isto era maravilloso, pelexaban por apuntarse o tanto de que fora aos seus concellos. Dicían que era unha traizón que non fora ás zonas en que vostedes querían que fora. Isto, ano 2022 e ano 2023, o que xa coñecían perfectamente. ¿Cal foi a diferenza? Que chegaron as eleccións e de repente aquilo que pelexaban por inaugurar agora pelexan por derribalo; simplemente iso.

Naquel momento, iso si, xa se metían cos pellets, era unha traxedia ambiental na que se ía tardar anos —iso dicía vostede, señora Pontón—, decenas de anos, en recuperarse Galicia dos pellets. Ese é o rigor da que non levanta bulos, da que cando di as cousas son as cousas moi meditadas e sempre son verdade. ¿Que cambiou? Cambiaron as eleccións.

Mire, señora Pontón, cada un ten os seus motivos. Vostede ten que facer mérito cos coroneis da UPG, e isto é así, e vostede sábeo perfectamente, e canto máis se ría, máis evidencia que é así. Crispación, loita, tensión. Opuxéronse por escrito e vostede aquí encontrou unha oportunidade perfecta.

E, señor Besteiro, eu non sei os seus motivos. Cando o vin o outro día rodeado de bandeiras coa estrela, pensei que ten unha aposta consigo mesmo para deixar o PSdeG en cero deputados, e de camiño vai facelo, e de camiño vai facelo. (*Aplausos.*)

Mire —e remato xa, señor presidente—, non llas vou ler; teño aquí cinco cartolinas de declaracións dos ministros socialistas falando do bo que era o proxecto de Altri, o proxecto que eu lle deixei ao señor Pedro Sánchez cando me recibiu na Moncloa, exactamente o mesmo que vostedes coñecían, as dúas plantas. Non cambiou, salvo que el lle dera o cambiazoo.

O señor delegado do Goberno dicindo que é un proxecto bo. Pero se ata houbo un ministro de Industria socialista que os visitou en Portugal, para dicir que viña acompañalo e comprobar o bo que era.



Señora Pontón, vostede fala de por que non a queren en Portugal. Pregúntelle ao señor Costa, primeiro ministro e agora presidente do Consello Europeo, que está aquí visitándoas e anunciando o apoio do Goberno portugués á planta de Altri en Portugal. (*Aplausos.*) Polo tanto, ¿que di vostede, señora Pontón?, ¿que di vostede?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): En todo caso, o resumo dos xornais do ano 2025 —e isto vai por vostede, señor Besteiro— resume perfectamente tamén a situación. Tras meses de zozobra e respostas como mínimo ambiguas, o PSOE de Besteiro de repente pega un cambio de rumbo, agora na oposición a Altri; isto é o que hai. O Bloque, xusto despois das eleccións, para crispas. Vostede, como non ten rumbo, agora decidiu tomar este rumbo. Ao final, maldita hemeroteca, maldito *Diario de Sesións*, pero a xente é moito menos parva do que vostedes pensan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que dicir «si» a todo é fácil, como dicir «non» a todo é fácil tamén, é verdade. O complexo é —e por iso eu o reto— que recolla algunha declaración miña en sede parlamentaria, ou neste período de sesións... (*Risos.*) Si, si, si, a ver onde atopa esa contradición.

Dende o primeiro momento nós afirmamos que esta cuestión había que analizala dende o punto de vista medioambiental, económico e social. (*Murmurios.*) Si. Eu claro que lembro a portada de *El Progreso* do ano 2022, e di claramente: «*Altri se instalará en Palas. La multinacional creará unos 2.500 empleos en su fábrica de fibra textil, la única en España. Feijóo asegura que la obra empezará a final de año y pide el apoyo de todos para hacer este proyecto realidad.*» Esta é a portada de *El Progreso*, isto era o que dicía *El Progreso* no ano 2022. (*Aplausos.*) A cousa ía rápida, a cousa nese momento ía rápida.

Por iso que nosoutros —dicíalle na miña primeira intervención— estamos a falar aquí do que hai que falar, da solvencia, do rigor, se aporta valor engadido, se é un proxecto de futuro para Galicia, se é positivo. E eu dígolle que non, que non é positivo, que hai outros proxectos tamén maravillosos, por certo, con menos investimento e que van provocar moitos máis empregos, en proporción. Hai un proxecto en Lugo maravilloso —xa que falamos de Lugo hoxe— que ten un investimento de 50 millóns e vai xerar 300 empregos. Este proxecto vai xerar —segundo din, que eu tampouco o creo ao final de todo, vistas as mentiras durante os últimos meses— 500 empregos directos; esta é a realidade. ¿Propónse vostede analizar iso? ¿Nunca o fixo?

Mire, a sensación que dá é que vostede está atado a este proxecto, e eu son absolutamente libre; por iso, pódolle dicir que a convicción que teño é que non é mercedor deses fondos



públicos. Eu teño esa convicción, e que se do PSdeG dependera este proxecto recibiría cero euros de fondos públicos, porque nin cumpre nin o merece.

Pero, á diferenza de vostede, eu son libre de facer esa valoración, e esa é a mesma valoración que vimos facendo durante os últimos meses: que hai que analizar a cuestión medioambiental, que hai que analizar a cuestión económica —e creo que exemplos xa lle puxen das mentiras e dos cambios deste proxecto— e que, finalmente, tamén hai que analizar a valoración social, os empregos que xera e o futuro que crea ou que hipoteca.

E nós cremos que, facendo toda esa análise —que foi o que fixemos dende o principio, dende marzo do ano pasado—, foi cando se empezou a descubrir a verdade deste proxecto, cando coñecemos que, efectivamente, de fibra téxtil pouco, e de celulosa, moito. *(Aplausos.)* E todo iso o que repercute neste país é que non hai xeración de valor engadido, que non é futuro.

Vostede debe facer unha reflexión. Debe pensar que país lles deixamos a futuros, que tipo de antepasado quere ser vostede. Se quere pasar por un antepasado depredador do noso país, sen apostar polos verdadeiros proxectos empresariais e industriais —que nós respaldamos— que xeran valor añadido, que xeran emprego e, sobre todo, que están no momento no que nos encontramos, de emerxencia climática, apostando pola transición enerxética, ou estamos noutra cousa.

Vólvolle dicir: vostede está incomprendiblemente atado a este proxecto, nós somos libres. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a verdade é que hai que ter valor para ser do Partido Popular e vir aquí falar de bulos. ¡Pero se son o Partido Popular do bulo e da mentira! *(Aplausos.)* Mentiron no 11-M, si, si, mentiron no *Prestige*, mentiron co Alvia, mentiron cos pellets *(Murmurios.)* e agora volven mentir con Altri, ¡volven mentir con Altri! *(Aplausos.)*

Miren, no caso de Altri... *(Murmurios.)* Si, señorías do Partido Popular, vou seguir falando, aínda que vostedes veñan aquí alborotar, porque ¿saben quen alborota e quen crea crispación? Vostedes, imponéndonos a crispación madrileña. *(Aplausos.)* Eses son os que crean aquí alboroto.

Miren, no caso de Altri o primeiro dos bulos chegou co seu xefe de filas antes de marchar a salvar a política madrileña, onde nos dicía que o proxecto era un complexo de fibras téxtiles. Así é como lle chamaban ao que logo o DOG, señor Rueda —porque o importante é o que pon o DOG—, dicía que era unha macrocelulosa.

O seguinte bulo son os postos de traballo. Empezaron falando de 2.500 postos de traballo directos; logo xa dixeron que non, que eran directos e indirectos; e agora, como moito, o que anuncia a empresa é que serán 500 no papel. ¿Sabe cales son os empregos de verdade?



Os máis de 4.000 que hai na comarca de Arzúa-Ulloa no sector do agro e os 19.000 da ría de Arousa, que vostede pon en risco con esta multinacional. (*Aplausos.*)

Logo outro bulo que repite todos os días —acaba de volver facelo hoxe aquí— é que cambiamos de opinión. Mire, voulle ler o titular do que se dixo que aprobamos neste Parlamento e o que poñía a iniciativa, que era «unha planta de fibras téxtiles na provincia de Lugo»; iso, o 8 de febreiro de 2022. E vostedes seguiron co bulo, seguiron coa ocultación e enganando a cidadanía, ata que pasaron as eleccións, señor Rueda, porque vostede coidouse moi ben de non publicar antes das eleccións o proxecto de Altri. ¿Sabe por que? Porque se descubría o bulo da fábrica das fibras téxtiles, que era unha macrocelulosa que viña contaminar o noso país. (*Aplausos.*)

Miren, son o Partido Popular o partido... —non sei que xestos me fai a señora Prado— (*Murmurios.*) (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu pediría un pouco de educación e respecto, que estamos no Parlamento de Galiza. (*Aplausos.*) ¡Por favor!, un pouco de educación e respecto, que estamos no Parlamento de Galiza.

Eu xa sei que a vostedes lles gusta máis a realidade do Telexornal, porque son o Partido Popular do bulo e da mentira, do bulo e da mentira.

E é, desde logo, lamentable, señor Rueda, velo a vostede facendo de comercial de Altri, de despacho en despacho en Madrid e en Bruxelas, para pedir 250 millóns de euros a unha empresa que vai vir contaminar o noso país e que pon en risco máis emprego do que promete e do que anuncia, que xa sabemos logo o que pasa coas promesas que se fan neste país.

Eu díxenllo desde o principio, señor Rueda: rectificar é de sabios. Non desprece a cidadanía, que lle está dicindo, libre e democraticamente, que non quere esta macrocelulosa.

Porque realmente, señor Rueda, vostede hoxe falounos de melancolía.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: A súa melancolía vémolala na política industrial, cando quere traer aquí o franquismo industrial, (*Murmurios.*) sesenta anos despois, unha nova Ence. Iso non é futuro para este país. Este país necesita empresas tecnolóxicas, empresas de vangarda. Hai que apoiar a produción de alimentos, que iso si que é estratéxico...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para un país, señor Rueda, e non facer de comercial...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...dunha macrocelulosa que vén contaminar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PONTÓN MONDELO: E mire, gustaríame...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato, señor presidente— que algún día puideramos ver esta imaxe do presidente de Portugal (*A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.*) perseguindo os eucaliptos coas súas propias mans, porque os acusaba dos incendios que se provocaron.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Non converta Galiza nun eucaliptal.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Pense no futuro dos nosos fillos e fillas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche das preguntas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que —teño que dicilo— esperaba algo máis deste ataque conxunto.

Señor Besteiro, resulta que a solución que vostede dá á evidencia palmaria de que votaron vostedes mesmos e pediron o que agora din que non sabían é que vostede non é responsable do que facía o seu grupo ata que vostede chegou. Pois teña coidado, porque hai deputadas que agora o aplaudían e aplaudían co mesmo entusiasmo o contrario do que está dicindo agora. (*Aplausos.*) Teña coidado.

E, señora Pontón, teño que dicirlle que hoxe a vin especialmente nerviosa (*Murmurios.*). Sacou todos os demos a pasear: Franco, Feijóo, a TVG, a señora Prado..., todos os clásicos. (*Risos.*) (*Murmurios.*) E, como xa a vou coñecendo, xa sei, cando queda sen argumentos, cales son as cousas ás que vostedes recorre; e, polo tanto, isto é o que hai.

Resulta que nos pellets os que levantamos bulos fomos nós (*Risos.*). A traxedia ambiental da que Galicia ía tardar cincuenta anos en recuperarse; o que vostede dixo hoxe non era un bulo. Os peixes que comían bólas de Sri Lanka e Texas, eses non era un bulo (*Risos.*). Os bulos somos nós. Isto é a señora Pontón en estado puro, en estado puro. (*Aplausos.*)

Mire —eu insisto—, vostede xogou a outra cousa nas eleccións. Saíulle mal, como sempre, e xa vai pola metade da súa terceira década na oposición. E dixéronlle: se queres seguir, tes



que cambiar de estratexia, hai que crispar; puxéronllo por escrito, se o puidemos ler todos: hai que crispar, hai que tensionar, hai que enfrontar a sociedade. É o que vostede está facendo e encontrou aquí un argumento cre que perfecto.

E, polo tanto, o debate ambiental é o de menos. ¿Que máis dá que haxa máis de corenta técnicos da Xunta de Galicia que emitiran máis de trinta informes? ¿Que máis dá que onte o Tribunal Supremo, por cuarta vez, dixera que a Xunta de Galicia é escrupulosamente exquisita no respecto ás normas ambientais? ¿Que máis dá? O importante é o que diga unha pancarta.

¿Por que hai que gardarlles respecto a eses profesionais? ¿Por que lle vai fastidiar todo iso as súas ansias de crispación? E, polo tanto, ¡adiante!, sen ningún problema, e a dicir as cousas que fagan falta.

Total, mire, o debate ambiental está pechado, por moito que lles pese (*Murmurios.*). Si, si, síntoo moito. Isto non é unha república bananeira das que a vostedes lles gustan tanto, onde importa o que din os políticos de turno coas pancartas, onde o que diga unha proclama política. As licenzas sociais —como vostedes lles chaman—, que sempre van para os seus amigos, para as mesmas cousas, esas son as que importan; o rigor técnico non importa nada. Pois isto non é así.

Primeiro, eu volvo pedir outra vez que cesen as coaccións e un respecto para os técnicos da Xunta de Galicia (*Aplausos.*); iso, o primeiro. E, segundo, aquí o debate agora mesmo é se en Galicia queremos postos de traballo e investimentos (*Murmurios.*), se en Galicia queremos que veñan aquí empresas que se non irán a outros lados; iso si, exixíndolles que sexan respectuosas co medio ambiente, sendo especialmente exixentes, como fomos con esta empresa e como imos ser con todas.

Porque lles digo unha cousa: se teñen —que teñen seguro, xa o estamos vendo— moitos bulos que lanzar aínda, moitas mentiras, moitas ansias de crispación, moito querer enfrontar a sociedade, eu recomendaríalles que as gardasen un pouco, porque van vir máis investimentos. Porque a Xunta está dando un exemplo de firmeza e de obxectividade a todos aqueles investidores que din: «queremos que sexades exixentes, pero, se as cousas van ben, queremos seguridade xurídica». Por iso queren vir as empresas a Galicia e por iso vostedes non queren que veñan. Porque se dan conta de que os éxitos, o investimento e o traballo é prexuízo electoral. E vostedes só pensan no seu rédito electoral, señora Pontón. Iso é o que hai (*Aplausos.*).

E, polo tanto —como eu lle digo sempre—, a vostede dálle igual. A xente é moito máis lista. Hai unha maioría silenciosa que observa o que fan os seus gobernos e actúa en consecuencia, e a nós estannos pedindo que fagamos o que ten que facer un goberno responsable.

¡Que fácil é dende a oposición! Vostede non creo nin que soñe na súa vida con ser presidente da Xunta, señor Besteiro —teño que dicirlllo—, e á señora Pontón ao mellor déixana intentalo unha vez máis, non o sei. Pero, dende logo, mentres nós teñamos a responsabilidade, imos facer o que estamos facendo: dicir «non» a todo aquel que non pode instalarse e dicirlle «si» a todo aquel que queira investir e cree postos de traballo, porque é o que a xente quere.



E basta xa de boicots, basta xa de superioridades morais, basta xa de pensar que cunha pancarta se chega a todas as partes e dá igual o que digan os técnicos. Pódeselles coaccionar, pódeselles descualificar, pódeselles faltar ao respecto, sempre pensando en intereses electorais. Galicia non é así, e a maioría dos galegos non queren que sexa así.

E, señor Besteiro, de verdade, se me admite un consello —que xa sei que nunca mos admite—, non pase vostede á historia como que na única ocasión en que foi capaz de influír algo en Pedro Sánchez foi para que non viñeran cartos a Galicia, que é o que está vostede facendo, e é o que nos di todo o mundo. Vostede dío publicamente: estou intentando que non veñan subvencións. Cando vemos que reparten subvencións a proxectos singulares sen ningún requisito, cando vemos que reparten centos de millóns a empresas que nin sequera empezaron a súa declaración de impacto ambiental, vostede vén aquí, de técnico, falando dun informe que non leu nin polo forro —estou absolutamente seguro, non ten nin idea do que di— dicir que non lle vale. E con esa autoridade moral, que non sabemos de onde a saca —dende logo, dos votos que tivo non a pode sacar—, vai dicir a Madrid, a dar a orde de que non lle dean cartos a Galicia e que non lle dean proxectos.

Pois mire, polos postos de traballo, pola decencia, pola obxectividade e polo futuro desta terra, seguiremos dicindo que o que cumpre pode vir a Galicia; que os investidores que veñan aquí en serio terán as portas abertas; que non queremos que os nosos xoves, os nosos fillos, teñan que ir traballar fóra, queremos que traballen aquí; que eses índices de produción industrial, que ían en picado no Bipartito, que ese traballo industrial que non se producía en Galicia —máis ben, escaparon no Bipartito— agora está medrando e ten que medrar moitísimo máis. Se o camiño é ter que aturar as súas coaccións e os seus bulos, pois mire, non é un prezo tan alto.

Ao final vostede dicíame que como quero pasar, como me gustaría que me recordaran os meus sucesores, a miña familia, que tipo de antepasado quero ser. Quero ser un antepasado que, cando tivo a responsabilidade, gobernou con decencia polo futuro da miña terra.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, co punto cuarto. Voltamos ao punto cuarto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo Executivo galego en relación coa autoestrada AP-9

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.



Onte falabamos da transferencia e da gratuidade da AP-9, prometida aos galegos polo Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista. Hoxe imos falar da situación da concesión ou do seu posible rescate. Son, ao entender deste grupo, cuestións ben distintas, pese a proxectarse sobre a mesma infraestrutura, aínda que teñen, iso si, unha característica común: o permanente agravio a Galicia por parte do Goberno de Pedro Sánchez. É un pouco como oír e escoitar; ambas as dúas cousas fanse a través do oído, pero non son o mesmo; aínda que para as señorías do BNG pode ser complicado distinguilas, porque a vostedes en Madrid nin se lles escoita nin se lles oe.

É certo que o rescate non foi prometido aos galegos, pero a día de hoxe non se entende por que o Goberno se nega sequera a avaliar coa Xunta a oportunidade de levalo a efecto; e isto, ¿como non?, coa entusiasta colaboración dos socialistas galegos, os máis aplicados soldados de Sánchez, que, logo de apoiar inicialmente a transferencia da AP-9 no seu recente congreso, condicionárona a un rescate previo, pese a ser cuestións totalmente independentes, e bautizárono todo como o camiño á gratuidade, pese a que os galegos pagamos este ano as peaxes máis altas da historia. Señorías do Partido Socialista, no que se refire á AP-9, van vostedes en dirección contraria.

Pero o peor de todo é que, apenas setenta e dúas horas despois, o Goberno de Sánchez, esta vez por boca da secretaria xeral de Transporte, desacreditaba unha vez máis a palabra dos socialistas galegos: «*El Gobierno declara no viable el rescate de la AP-9 por el altísimo gasto que requeriría*», «*Transportes culpa a Aznar del largo contrato de la autopista*» —a Aznar—. Señorías, dende este 2025 ese mantra do Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego de que os galegos pagamos as peaxes máis altas da historia a unha concesionaria por culpa da prórroga do ano 2000 xa non cola máis; o comodín da prórroga de Aznar morreu; asúmalo. ¿Por que? Porque, a partir deste ano, xa non hai excusas para non valorar o rescate da AP-9.

No pasado setembro a Xunta remitiulle ao Ministerio de Transportes o estudo realizado, por mandato deste Parlamento, no que se avalían as vías xurídicas e os custos económicos que tería para o Estado a transferencia da xestión da AP-9 a Galicia, con ou sen rescate, e plantexaba dous posibles escenarios. Escenario número un: transferencia sen rescate. A transferencia, de acordo coa proposición de lei que onte bloquearon por vixésimo quinta vez nesta lexislatura —corenta dende que goberna Sánchez—, suporía un custo de algo máis de 526 millóns de euros. O custo da transferencia en si é cero euros, pero hai que ter en conta os custos derivados do mantemento e extensión das bonificacións existentes e da eliminación do incremento extraordinario do 1 por cento durante vinte anos. Pero a culpa, señorías, é de Aznar, cando, deses 526 millóns, (*O señor Rodríguez Martínez mostra un gráfico.*) 446 corresponden exclusivamente á suba do 1 por cento durante vinte anos acordada polo Goberno do señor Zapatero en véspera electoral. (*Aplausos.*) Pero a culpa é de Aznar, señorías, pero a culpa é de Aznar. En calquera caso, é máis ou menos o mesmo importe que equivale liberar de peaxe a AP-7. Pero a Galicia Pedro Sánchez, coa complicidade do BNG, dille «non» e négalle eses cartos.

Escenario dous: transferencia e rescate. Neste caso o custo situaríase entre os 1.612 millóns de euros e os 2.355 millóns de euros, en función das distintas opcións para o cálculo do lucro cesante. Pero, señorías, este estudo partía dun cálculo dun custo anual para as bonificacións



de 56 millóns de euros, que o Ministerio vén de elevar a máis de 81 neste 2025, o que supón un total ata o final da concesión de preto de 1.900 millón de euros.

Polo tanto, con esta nova cifra, o custo da indemnización por rescate e o custo das bonificacións ata o final da concesión aseméllanse de maneira considerable. *(O señor Rodríguez Martínez mostra un gráfico.)* Aquí o teñen: xusto entre a horquilla facilitada no estudo da Xunta. Pero a culpa é de Aznar. Pero ¿que tomadura de pelo é esta, señorías? *(Aplausos.)*, pero ¿que tomadura de pelo é esta?

Por certo, señorías do BNG, vostedes tamén fixeron un estudo que arroxaba incluso un cálculo de custo aínda menor que o da Xunta. ¿Por que calan, señorías? ¿A cambio de que é o seu apoio incondicional a Pedro Sánchez? ¿Que lles están a ocultar aos galegos? O dito: a vostedes en Madrid non se lles escoita, pero é que tampouco se lles oe, non levantaron nin un chíó a voz, señorías, ¡por favor!

Miren, ao Goberno galego gustaríalle ter a oportunidade de trasladarlle persoalmente ao Goberno do Estado a petición de que avalíe a oportunidade deste rescate da autoestrada AP-9. Neste primeiro ano de goberno a conselleira señora Martínez Allegue tentouno ata en oito ocasións. O resultado: cero respostas.

Exiximos un trato xusto e equitativo, que o Goberno do Estado, apoiado polo BNG, nos está a negar. E exiximos tamén rigor e transparencia en todo o relacionado coa AP-9. Porque a día de hoxe descoñecemos a información que lle foi remitida á Comisión Europea tras a apertura dun expediente para analizar a situación da moratoria na concesión. ¿Que trámites está a facer o Goberno para evitar unha posible multa, señorías? E temos que ler: *(O señor Rodríguez Martínez mostra un documento.)* «El PSdeG interpreta que el rescate de la AP-9 no es viable mientras la Unión Europea investigue la prórroga de su concesión.» Todo o contrario, señorías, todo o contrario. Precisamente este expediente aconsella, máis que nunca, valorar o rescate. Pero non, o ministro Puente anunciou que, remate como remate o expediente, vai esgotar a concesión, mesmo preiteando se é necesario. Pero ¿que interese teñen vostedes en que os galegos paguemos pola AP-9 a unha concesionaria, pese a que a día de hoxe todo parece indicar que sería máis rendible para todos rescatar esa concesión, señorías? Pero ¿que interese teñen vostedes? *(Aplausos.)*

Descoñecemos tamén os termos do estudo —se é que existe— sobre o custo económico do rescate, que leva a dicir que non é viable polo seu altísimo gasto. Nin unha soa cifra. Isto non é serio, non é admisible. Non pode ser que o propio ministro, o señor Puente, pola mañá diga que son entre 1.200 e 2.600 millóns, pola tarde entre 2.500 e 4.000 e pola noite que son 6.000. Non é serio.

Descoñecemos tamén as condicións e as negociacións que mantén o Goberno central coa concesionaria. O que si coñecemos son os pronunciamentos do Consello Consultivo de Galicia e da Comisión Galega da Competencia, que alertan do carácter abusivo dos acordos entre Estado e concesionaria. Urxe revisar os acordos con Audasa e adoptar medidas ante as evidencias dun enriquecemento inxusto e excesivo por parte da concesionaria, que, por primeira vez, vai superar os 200 millóns de euros de facturación na AP-9. E non grazas á prórroga de Aznar, señorías, grazas á decisión de Zapatero e dun ministro galego socialista, Xosé Blanco,



na véspera das eleccións de 2011, e de que as obras de ampliación de Santiago-Rande as pagaran os galegos con subas extraordinarias e acumulativas do 1 por cento durante vinte anos e grazas ao esquema de bonificacións do señor Sánchez do ano 2021.

Miren, remato. Señorías, hoxe é 26 de marzo de 2025, dentro duns minutos non o vai parecer. Por iso —insisto— hoxe é 26 de marzo de 2025. Ningunha, ningunha das decisións que poden supoñer a transferencia, a gratuidade ou o rescate da AP-9 están a día de hoxe condicionadas por ningunha decisión pasada; a día de hoxe non. Hai aberto un expediente sobre a prórroga vixente, o custo do rescate é paralelo ao custo das bonificacións vixentes ata o final da concesión. E para o rescate e liberalización de peaxes noutros territorios hai vontade política e hai cartos.

Pero dende que Sánchez é presidente ten decretado a gratuidade de oito autoestradas: a AP-1, a AP-2, a AP-4 e a AP-7 xa o son; no 2026 serao a AP-68, no 2029 a AP-6, a AP-51...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...e a AP-61.

Polo tanto, insisto: poden vostedes, se queren, empregar unha vez máis a súa intervención para fuxir da súa responsabilidade actual. Vostedes gobernan e a vostedes correspóndelles adoptar as medidas necesarias para parar esta aldraxe. Os galegos esperan, porque a merecen, a mesma vontade política e a mesma dispoñibilidade orzamentaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...que si existe para outros territorios.

Galicia non quere ser máis, pero tampouco pode quedar sen menos que ninguén.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos tamén os alumnos do Centro Leliadoura, de Ribeira. Benvidos ao Parlamento, e tamén aos profesores e profesoras que os acompañan.

E agora continuamos.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días.

Insistiu tanto na data hoxe o portavoz do Grupo Popular que mirei en Google a ver se había algunha efeméride. Cúmpanse anos da morte de Beethoven, entre outras.



Ben, imos votar a favor desta proposta do Partido Popular. Os motivos para recuperar a AP-9 e para a súa gratuidade están suficientemente tratados aquí, hai unanimidade de todos os grupos, ata agora polo menos, pero hai outra cuestión que tamén figura na proposta do PP, que é a recuperación da gratuidade da que vai de Dozón a Santiago, que é a AP-53, unha ruta moi utilizada polos ourensáns, tanto por particulares como por negocios, que supón un custo moi grande sobre todo para as pemes, pemes incluso que manexan camións e que en moitas ocasións, dada a carestía da peaxe, porque habitualmente teñen que ir e volver e moitas veces a diario, moitas pemes e moitos particulares de Ourense que traballan en Santiago, pois vense obrigados moitas veces a utilizar no tramo de pago a nacional, a nacional de sempre, co cal se incrementa o risco de accidentes; é unha nacional que remata por ter moito tráfico, que ademais atravesa por moitas poboacións onde non se pode circular máis que á velocidade das travesías, como saben, incrementando o tempo da viaxe e, polo tanto, diminuíndo a calidade dos servizos que prestan esas pemes que utilizan ese tramo.

Ademais de pola AP-9 loxicamente, pero desde o punto de vista dun ourensán, esa segunda parte que tamén pide a proposición do Partido Popular, que é a gratuidade da AP-53, considéramola os ourensáns moi importante. Moitas persoas que veñen desde Ourense a Santiago para estudar, para traballar, para vir a determinados facultativos, médicos especialistas que figuran, que están en Santiago e que non hai esa calidade médica noutros lugares.

Entón, ben, fundamentalmente por esa razón, apoiaremos loxicamente esta proposta.

Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Bo día, señor Rodríguez. *(Risos.)* Pois aquí estamos de novo, despois do debate de onte, facendo historia deste Parlamento. Non contaba eu con pasar tan pronto á historia deste Parlamento como o primeiro socialista que debatese dúas proposicións iguais no mesmo pleno. *(Aplausos.)* A verdade, a vida dáche sorpresas e non hai ninguén como o PP e vostede para ofrecelas.

Mire, agradezo que me deixaran descansar, espazando un día, porque vostedes eran capaces de poñer unha proposta tras outra. Pero, claro, a súa pretensión era, exclusivamente, dar titulares á prensa. De onte para hoxe imaxino que a súa desilusión é enorme. Nun dossier de prensa de cen páxinas, nin unha referencia ao debate de onte da AP-9. Perdón, si, unha referencia. *(O señor López Font mostra un documento.)* Un faldón, señor Rodríguez, secundario, porque o titular da información reflicte as bonificacións da AP-53. Este é o contraste: moitas páxinas e moitas referencias ás bonificacións da AP-53, que é o que realmente interesa aos galegos. ¿Danse conta, señorías do PP, do que realmente importa?



E o debate de hoxe póneno de inmediato ás preguntas ao presidente sobre Altri, que si se poden acumular. Imaxino que queren que terminemos pronto, para sacar rapidamente os titulares dun novo acordo sobre a AP-9. ¿Queren que termine pronto ou podo consumir os oito minutos?

Estou hoxe preguntón. Pero, ¿de verdade, señor Rodríguez, non lle dá vergoña presentar dúas mocións sobre o mesmo tema que poidan refundir nunha con tres apartados? ¿Ao Grupo Popular non lle dan vergoña as intervencións do señor Rodríguez? Fala de ter cara, cando o señor Rodríguez é o mellor expoñente da hipocrisía deste hemiciclo.

Aproveitando a quenda final da súa intervención de onte sobre a AP-9, claro, señor Rodríguez, falaba de estafa. E sigo falando: ¿non lle parece a vostedes unha estafa política ao interese público o que fixo Aznar? (*Murmurios.*) Si, Aznar ten a culpa, ten a culpa, señor Rodríguez. Onde non coa ten que agachar a cabeza. Claro que coa.

Ilustrareinos sobre a cantidade; gústalle moito a vostede as cantidades. Ilustrareinos sobre a cantidade da devandita estafa política de Aznar. A facturación de Audasa pola AP-9 está arredor de 200 millóns anuais. Lembran que Aznar prorrogou vinte e cinco anos; se se mantén esa media anual de facturación, 200 millóns, por vinte e cinco anos, suman un total de 5.000 millóns de euros; 5.000 millóns de euros regalados polo PP en contra do interese xeral. (*Aplausos.*)

Vostedes multiplican moi rápido outras contas, pero esquecen a máis importante; a máis importante é a estafa de Aznar, valorada en 5.000 millóns de euros.

Mire, señor Rodríguez, onte estaba vostede preso do nerviosismo, porque o que eu lle anunciei sobre a bonificación da AP-53 non lle sentou ben. Descolocouno no que consideraba que sería un día máis de gloria. Ese nerviosismo levouno a actuar como unha mestura de telepredicador e monoloxista, sobreactuando; vostede ría, aplaudíase a si mesmo e eu fixábame nas señorías do PP, que tiñan unha cara de circunstancias, máis ben de vergoña allea. Pero o señor Rodríguez seguía.

E logo pasou á fase das estampitas, follas de deseño con comparativas de custos doutras autoestradas coa AP-9. Señor Rodríguez, as autoestradas que comparaba vostede eran de titularidade estatal e a AP-9 está en mans privadas, por decisión de Aznar. (*Aplausos.*)

Seguro que hoxe o señor Rodríguez está frustrado porque a súa intervención non tivo ningún eco na prensa, frustración maior ao ver as moitas informacións sobre as bonificacións da AP-53.

¿Cando van presentar outra iniciativa sobre a AP-9? Ninguén lles fai caso. A súa insistencia forma parte das súas contradicións e saca á luz por culpa de quen segue pagando, do PP. E vostedes sigan presentando iniciativas.

Histórico será este ridículo de presentar dúas proposicións iguais e negar o debate conxunto.

Ontes foi un mal día para o PP —repítoo— pola decisión das bonificacións do 75 por cento á AP-53, igual que a AP-9. Pero vostedes, que reclaman os logros socialistas antes de chegar,



tratan de ignoralos cando son unha realidade. ¿Sabe a diferenza? Que os beneficiarios das bonificacións si o celebran e para vostedes é un día de loito.

E, para continuar co seu intento de desviar a atención, presentan unha segunda proposición non de lei sobre o mesmo tema e coas mesmas argumentacións. Como necesariamente se obrigan a introducir un elemento novo na segunda proposta, toca falar do posicionamento do Goberno do Estado sobre os requirimentos da Unión Europea.

En primeiro lugar, sigo preguntando: ¿é consciente vostede de que o que se está investigando é a decisión de Aznar por vulnerar as leis da competencia, da contratación e da igualdade de oportunidades? ¿É consciente? *(Aplausos.)*

Pero, a maiores, ¿son conscientes de que unha sentenza sobre a ilegalidade da decisión de Aznar os colocaría a vostedes como herdeiros de Aznar nunha situación política de auténtica responsabilidade sobre a carga de pagar peaxes durante vinte e cinco anos máis? Creo que nin pensan as consecuencias á hora de redactar.

Pero entremos no que vostedes expoñen. Trátase dun tema xudicializado no ámbito europeo, como outros tantos. Seguro que serán os técnicos do ministerio os que estean elaborando a contestación xurídica ante os requirimentos, sen ningunha interferencia política. ¿Por que me sorprende a súa petición? Porque é contraria á que vostedes veñen defendendo durante meses neste Parlamento: deixemos traballar os técnicos, non os presionemos, non é unha decisión política, etc. Hoxe o presidente Rueda volveuno repetir insistentemente. ¡Que dobre vara de medir a do PP!

Isto mesmo valerá para todos, imaxino. A súa demagogia é certamente ilimitada.

Miren, cada un seguimos un camiño...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: ...—si, conclúo— diferente. Vostedes, enredando, enfangando, confrontando. Poden traer ao próximo pleno tres ou catro iniciativas, as que queiran: agrupadas, desagrupadas, mediopensionistas, como queiran. A vostedes non lles importa a AP-9, só lles importa formar parte do batallón de Feijóo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.



Segundo asalto, señor Rodríguez. A min do debate de onte quedoume unha pequena dúbida e a ver se ma pode responder vostede. Cando se refería á rima co número 25, ¿a que se refería? (*Murmurios.*) ¿Pódeo explicar? Ao mellor poderíalle preguntar aos alumnos e alumnas que están hoxe aquí véndonos neste debate, agardo. Por sorte, non había ninguén máis vendo este debate onte xa case á noite, porque a verdade é que quizais poderían dicir: ¡canta moqueta ten esa taberna!, (*Aplausos.*) nun intento, bastante lamentable, non sei se de parecer gracioso ou, como dicía eu onte, de rebaixar aínda máis o nivel que vostedes formulan nesta institución. En todo caso, nós entendemos que o Parlamento galego, a casa do pobo galego, non se debe rebaixar a ese tipo de discursos nin convertelos en discursos, como tamén o fixo así a conselleira onte, a señora Lorenzana, cun discurso de barra de bar ou de taberna. Non hai sitios suficientes para facelo.

E vostede hoxe traía aquí unha especie de dicotomía entre «oír» e «escoitar». Para min, que lle son do Morrazo, as miñas dificultades son máis entre «ver» e «mirar», pero, sexa como sexa e como tamén lle dixen onte, aos deputados e deputadas galegas no Congreso dos Deputados e das Deputadas nin se lles oe nin se lles escoita, nin se lles ve nin se lles mira, non fan absolutamente nada pola AP-9, señor Rodríguez, (*Aplausos.*) porque non é o que queren, non é o que queren.

Agora, polo visto, a prórroga de Aznar morreu, ¡je je! Iso seguramente é o que lles gustaría a vostedes, ¿non?, borrar o historial de desprezo a este país, de mercadeo, de mercantileo con este país, que sempre tivo o Partido Popular cando gobernou no Estado, coa complicidade necesaria naquel momento do señor Fraga sendo presidente da Xunta de Galiza.

Eu lembro —e eu téño dito nalgún outro debate sobre a AP-9— onde estaba eu, naquel inverno de 2017 para 2018, cando vostedes, o señor Rajoy á cabeza, o señor Feijóo despois e moitos e moitas deputadas do seu grupo no Parlamento ían á ponte de Rande inaugurar unhas obras que aínda non estaban rematadas, simplemente para que un par de días despois puideran subir as peaxes e Audasa puidese seguir engordando os seus petos. (*Aplausos.*)

Eu lémbrome onde estaba, porque eu estaba coa veciñanza do Morrazo, coa veciñanza de Chapela, do outro lado da ponte, rodeados da antidisturbios, mallando en nós, mentres vostedes estaban tranquiliños e tranquiliñas do lado da empresa, onde sempre estiveron, e non no lado da veciñanza, que levaba anos, décadas, soportando unhas peaxes totalmente abusivas. Aí a AP-9 a vostedes non lles importaba absolutamente nada.

Igual que non lles preocupa absolutamente nada que aínda lle teñamos que pagar, segundo os estudos que fai a Xunta de Galiza, lucro cesante a Audasa para o rescate. Señorías, Audasa xa chuchou bastante do sangue do pobo galego con esta infraestrutura que vostedes, que puxeron en bandexa o informe que o BNG lles encargou a varios técnicos especialistas da UDC, efectivamente, é máis barato porque non entende que ese lucro cesante tiña que ser pagado, e cando a Unión Europea resolva, se é que así o fai, que a súa prórroga foi ilegal, pois todos nos veremos aquí as caras para saber que responsabilidade ten cadaquén. Nós dicimos sempre: a AP-9, galega, transferencia da AP-9, gratuidade da AP-9 e que deixemos de permitir que Audasa lle chuche o sangue ao pobo deste país, que xa ten pagado bastante.



Efectivamente, eu agradezo a intervención do señor Ojea. Eu entendo que as bonificacións da AP-53 conseguidas polo BNG axudarán moitísimo tanto a usuarios e usuarias ourensás e doutras partes do país como a pequenas e medianas empresas. Ese é o camiño que temos que seguir. E nós, modestamente, cun deputado no Congreso dos Deputados e unha senadora no Senado, fomos quen de conseguir moitísimo máis.

Diciallo onte, señor Rodríguez: vostede non foi quen, eu fíxenlle unha pregunta, vostede non foi quen de dicirme nin unha soa cousa que conseguise o Partido Popular, nin no Goberno nin como xefes da oposición no Goberno de España, pola AP-9. Eu cando menos pódolle dicir dúas cousas que conseguiu o BNG cun só deputado e unha soa senadora, que son as bonificacións históricas da AP-9 e da AP-53, señor Rodríguez. *(Aplausos.)* ¿Non é suficiente? Correcto, non é suficiente, xa llo dixemos.

¿Que criticamos e condenamos a actuación do Goberno español con esas prórrogas no que ten que ver coa tramitación da AP-9? Claro que si, porque tamén llo teño dito: ningún goberno español vai regalarlle nada a este país e todo hai que sacarllo a base de forza e a base de facerlle dobrar os brazos, señor Rodríguez. Pero a vostede iso tampouco lle importa absolutamente nada. Porque o que vemos, unha vez máis, é simplemente intentar facer que fan, utilizar, como lle dicía onte, unha necesidade tan importante como é a gratuidade e a transferencia da AP-9 para o pobo galego como unha arma arreboladiza, cando nunca lles importou ningunha infraestrutura que realmente beneficiara a Galiza e que non fose simplemente para beneficiar empresas estranxeiras, para espoliar os nosos recursos, ou algunha outra cuestión estratéxica para o Estado.

Ontes poñíalle varios exemplos. Podíamos falar do ferrocarril, podíamos falar das propias infraestruturas viarias, pero tamén podemos falar do que significan as industrias de enclave e totalmente coloniais, como no caso de Altri ou como moitas outras. Cando son infraestruturas, cando son proxectos para beneficio do pobo galego, vostedes nunca, nunca, nunca están. Cando é para beneficiar os seus amiguetes, dese capitalismo de amiguetes do tufo do século XX, do que eu lle falaba onte, fronte a esa historia, esa pantasma do comunismo do século XXI, que vostedes intentan agora abandeirar, pois non ten ningún tipo de sentido.

E hoxe dicía o señor presidente, agora vai un momento, que, por certo, eu onte lle dicía ao señor presidente, e estaba presente, que en cinco anos nunca lle escoitara responder unha pregunta, un suma e segue nesta sesión de control, e acusaba a nosa portavoz nacional de traer hoxe aquí todos os demos. Eu a verdade é que quero romper unha lanza en favor da secretaria xeral do Partido Popular, porque non sei se merece que o presidente da Xunta lle chame demo en sede parlamentaria. Vostedes saberán o que fan. *(Aplausos.)* Pero, como supoño que todo vale, pois non haberá ningún tipo de problema en chamarlle demo. Nós axitabamos os demos, mentres o presidente da Xunta se limitou a falar da UPG, de repúblicas bananeiras que nós apoiamos, comunismo do século XXI... Vostedes non teñen ningún tipo de credibilidade, e non é que non teñan ningún tipo de credibilidade, o certo é que é totalmente triste que se intente facer política da mala, da lameira, da confrontación estéril e partidista cunha cuestión tan importante como a AP-9. Empecen a oír, empecen a escoitar o pobo galego, empecen a ver e empecen a mirar, aínda que algúns teñamos dificultades para facelo.



O que di a xente é que quere unha AP-9 gratuíta, galega, libre de peaxe e que non quere proxectos coloniais como Altri na Ulloa.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para o autor da proposición non de lei. Ten novamente a palabra o señor Roberto Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Señor Font, se cre vostede que eu vou caer na tentación de personalizar as miñas intervencións, é que aínda non me coñece en absoluto, e mire que o tería fácil con vostede.

Pero si coincido nunha cousa, señor Font: isto de mentirlles aos galegos coa AP-9 non é nada novo nos socialistas galegos; xa vén de vello. Mire, en ningún caso ningunha actuación de incremento da capacidade da AP-9 vai ir unida nin a un incremento do prazo da concesión nin ao incremento da peaxe; Emilio Pérez Touriño *dixit*, (*Murmurios.*) acompañado da súa conselleira naquel entón de Política Territorial —señor Font, vostede coñécea ben—, a señora Caride. Por certo, señor Ríos, vostedes tamén eran goberno nese momento. Dous anos despois, un ministro socialista e galego, o señor Blanco, (*O señor Rodríguez Martínez mostra un documento.*) dixo que os novos carrís de Rande se farían con cargo a unha prórroga da concesión. Esta si que é boa, señor Font. ¿Que pasou? Que non o puido facer porque non era posible legalmente. Igualiños que co Cunqueiro, señor Font. Teñen a desvergoña de vir aquí criticar o mesmiño que querían facer vostedes pero non puideron. (*Aplausos.*) Hai que ter a cara de cemento armado. E logo de tres anos, señor Font, negando a suba das peaxes, na véspera dunhas eleccións xerais, no 2011, o señor Zapatero e o señor Blanco acordaron a suba extraordinaria do 1 por cento acumulativo durante vinte anos, que supón o 85 por cento do custo actual da transferencia; esa suba que, por certo, vostedes dous asinaron no 2020 que ía desaparecer na pasada lexislatura. ¡Por favor!, señorías, xa está ben de tanta desvergoña. Asinaron que ía desaparecer e aquí seguimos falando dela.

Señor Font, sexa vostede máis prudente ao falar das ampliacións da concesión a cambio de financiamento de novas infraestruturas. Vostedes íano facer, pese a prometer que non o farían, e non o fixeron porque non puideron, pero, a cambio, subiron as peaxes.

Vostede di que os valentes populares do presente somos herdeiros dos covardes populares do pasado. Pois ben, señor Font, vostedes son os socialistas mentireiros do presente e herdeiros dos socialistas mentireiros do pasado, señor Font. (*Aplausos.*)

Mire, por certo, seguen mentindo hoxe. Claro que a AP-1, a AP-2, a AP-4 e a AP-7 agora son estatais, ¡home!, agora si, claro, claro, ou porque non se renovou a concesión cando rematou ou porque algunha entidade aínda tiña concesión en vigor. Lea vostede o que está a ocorrer en Alicante coa AP-7.



Señor Ríos, fíxome dúas preguntas. Vou tentar responder as dúas, moi sucintamente.

¿Que fixo o PP na AP-9? Miren, de entrada, que chegara a Ferrol e a Tui, que para iso foi a prórroga do ano 2000. En segundo lugar, a gratuidade para os usuarios do tramo Pontevedra-norte-Pontevedra-sur, Vigo-Puxeiros e o retorno no día no tramo de Pontevedra-Vigo. Vostedes é desa circunscrición, señor Ríos, seguro que algunha vez percorreu eses traxectos. Pois agora sabe xa grazas a quen non os paga, e non é grazas a vostede. *(Aplausos.)* Tamén a gratuidade para os usuarios dos tramos Santiago norte-Santiago sur e Ferrol-Fene.

Sobre a segunda pregunta que me fixo, ¡home!, eu tiven o decoro onte nesta Cámara de non reproducir a rima. Eu vou crer que vostede non sabe a que me refería. Pero ¿sabe como pode sabelo? Só ten que acompañar o seu deputado en Madrid e o resto de deputados socialistas galegos en Madrid, porque a semana que vén van dar unha nova clase práctica da rima, cando volvan, por vixésimo sexta vez, prorrogar o trámite de emendas. Un pouco de vergonza. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Remato xa, señora presidenta.

Parabéns polo logro da AP-53. Só lles levou cinco anos cumprir cunha das sesenta e oito medidas que teñen asinadas co Partido Socialista, e que, por certo, supón anualmente menos aforro que todas estas peaxes en sombra que lle acabo de mencionar. ¡Parabéns!

Miren, en definitiva, imos seguir falando da AP-9, por suposto que si, non teñan medo; imos seguir falando, porque é falar dos agravios do Goberno de Sánchez a Galicia, é falar do peor goberno da democracia para Galicia e os galegos, que conta para iso co apoio incondicional do Bloque Nacionalista Galego.

Señorías, probablemente hoxe aquí...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...elixan Galicia. Esta vez non cheguen a Madrid e, coma sempre, elixan de novo a Sánchez. Xa está ben de levantar a man aquí e baixar os pantalóns. ¡Ala!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de dar paso á seguinte proposición non de lei, saudamos e damos a benvida aos alumnos e alumnas de 3º da ESO do Colexio Castro Baxoi, de Miño. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Iglesias.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

O terceiro parágrafo da parte resolutiva da iniciativa, que comeza por: «Inadmitir o proxecto da mina...», débese substituír polo seguinte texto:

«Avaliar a través da autoridade mineira galega competente o procedemento de outorgamento da autorización do dereito mineiro solicitado para a explotación da mina de Touro e O Pino, facendo garantir o máximo control medioambiental e esixindo o maior grado de cumprimento, conforme á fronteira tecnolóxica existente, da normativa de sustentabilidade ambiental máis rigorosa, así como todos os requisitos e condicionantes previstos na Lei de ordenación da minaría de Galicia e a Lei estatal de minas.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular e defender a proposición non de lei, ten a palabra a señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día a todos e a todas. Tamén moi bo día a todo o alumnado que hoxe nos acompaña.

Quero comezar, se mo permiten, agradecendo aos milleiros e milleiros de comunistas patriotas deste país a súa presenza o sábado pasado na Pobra do Caramiñal, manifestando a súa oposición radical aos proxectos de Altri e da reapertura da mina de Touro-O Pino. *(Aplausos.)* Apoiamos tamén as miles de persoas manipuladas que asistiron esta fin de semana ao estadio de Riazor a berrar «Altri non», con tanta claridade que os oíron e os entenderon en todo o mundo, agás na Radio Galega, que unha vez máis amosou o estado de descomposición ao que vostedes, o Partido Popular, levaron os medios de comunicación, que pagamos todos e todas as galegas. *(Aplausos.)* E solidarizámonos, especialmente tamén, con todas as persoas desinformadas que tamén por mar acudiron á Pobra en centos de embarcacións, cunhas condicións meteorolóxicas adversas, mais respectando escrupulosamente a autorización que lles outorgaron as autoridades que teñen competencia para facelo. Milleiros de persoas politizadas, si, que queren seguir vivindo do seu traballo e que se opoñen, contundente e democraticamente, aos plans da Xunta de Galiza e das grandes empresas que só queren arrasar o noso medio natural e o noso sistema de vida.



Especialmente sangrante é precisamente o destino que o Partido Popular ten planificado para o conxunto do sector primario e nomeadamente para o sector do mar da ría de Arousa, que xa vén aturando durante os últimos dezaseis anos o seu acoso e o seu desleixo, que leva décadas minguando, porque esa política industrial, da que veu aquí fachendear onte a conselleira de Industria, supedita nada máis e nada menos que vinte mil postos de traballo directos nesa ría, e moitos máis indirectos, aos intereses das grandes empresas amigas e das portas xiratorias do Partido Popular.

O seu modelo, señorías, é ese, o de considerar estratéxico todo o que é gravemente prexudicial para este país e o de negar, sen pudor, a consideración de interese xeral ao que nos dá riqueza, como a pesca, o marisqueo ou a acuicultura extensiva. O seu modelo, señorías do Partido Popular, é ese, o de negarse a engadir un mísero artigo á Lei de pesca de Galiza para recoñecer o sector tradicional do mar e outorgarlle o status legal de ser considerado de interese xeral, mentres modifican ducias de leis pola porta de atrás que lles poñen a alfombra vermella a proxectos que apenas aportan postos de traballo e riqueza a este país; un status legal que solicitaron aquí máis de dezasete mil sinaturas de persoas do sector primario do mar na ría de Arousa e ás que vostedes dixeron «non». Dixeron «non» a un sector estratéxico na economía local dos concellos da ría e ao emprego estable que xera, en comparación con outras actividades.

Ese —repito— é o seu modelo, o que están dispostos vostedes a defender, con argumentos tan burdos como os da propia conselleira de Medio Ambiente, presumindo das bandeiras azuis de Marín, mentres a celulosa de Ence leva case sesenta anos arrasando a ría de Pontevedra.

O seu modelo é Ence, é Altri, é a mina de Touro, que xa vén comprometendo dende hai anos a calidade das augas do río Ulla, o máis determinante e importante para a produtividade marisqueira da ría de Arousa, que nestes momentos está baixo mínimos e que, por obra e graza precisamente da Xunta de Galiza, que incumpre sistematicamente as súas competencias exclusivas en materia hidrográfica na bacía do Ulla e no saneamento integral da ría, é a máis baixa de toda a historia.

O peso do sector da pesca na economía dos dez, dos dez, concellos da ría de Arousa, segundo o IGE, o 18 por cento do seu produto interior bruto, está na corda frouxa, única e exclusivamente por ese modelo de espolio polo que vostedes apostan, que compromete a calidade da auga do río Ulla e que sacrifica non só a importancia económica do propio sector do mar, senón tamén o valor social que adquire nos concellos costeiros, onde estende beneficios socioeconómicos entre toda a poboación.

Na ría de Arousa non só existe unha preocupación extrema polos plans da Xunta de Galiza de instalar Altri a toda costa. A declaración por parte do Consello da Xunta de Galiza como proxecto industrial estratéxico da mina de cobre San Rafael en Touro ameaza o futuro de miles de familias. Así o manifestaron máis de dez mil alegacións que se presentaron xa contra a súa reapertura.

Estamos a falar, señorías, dun proxecto practicamente idéntico ao presentado no ano 2017. E daquela a fortísima oposición social que xa tivo provocou finalmente unha declaración de



impacto ambiental negativa por parte da Xunta. Un proxecto que agora, baixo a etiqueta de «estratéxico», acelera a súa reapertura e pretende perpetuarse cunha concesión de noventa anos, que ofrece exactamente as mesmas garantías ambientais que ofrecía no pasado, é dicir, ningunha, e que levaron precisamente a que a Xunta o denegase.

E diante de todo isto, señorías, a Consellería do Mar, con competencias exclusivas en marisqueo, a consellería que debería ser precisamente a garante principal da riqueza da ría de Arousa, cala e mira para outro lado. Asiste a centos de actos propagandísticos, cos cartos de todos os galegos e de todas as galegas, mentres as ameazas de contaminación derivada da reapertura da mina de Touro poñen na picota a cantidade e a calidade da produción pesqueira e marisqueira da ría de Arousa.

O estandarte da exixencia imprescindíbel de avaliar non só ambientalmente o impacto dese proxecto, senón tamén económica e socialmente, agora desaparece. O que a propia Consellería do Mar esixe de cada unha das medidas que toman outras administraciónsponse agora ao servizo dos intereses da mineira, que pasan por riba, unha vez máis, non só da legalidade vixente, senón tamén da actividade preexistente na ría de Arousa. A Consellería do Mar e a Xunta de Galiza están dispostas a defender ata o final un modelo que miles de persoas rexeitan, e que tamén están dispostas esas miles de persoas a defender con uñas e dentes o seu posto de traballo e o seu modo de vida. Nós, dende logo, temos claro de que lado estamos.

Por iso, hoxe na nosa proposición non de lei propoñemos que a Consellería do Mar leve a cabo unha avaliación do impacto ambiental, económico e social que supón para o río Ulla e para a ría de Arousa a reapertura da actividade da mina de Touro. Que se antepoña a defensa da calidade das augas do río Ulla e da ría, a súa biodiversidade, a súa recuperación e a actividade do sector do mar diante de calquera outra e que non se admita o proxecto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato presidente— da Mina de Touro, porque xa existe unha resolución de impacto ambiental negativa para o proxecto presentado no 2017, practicamente igual ao actual.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: O camiño ten que ir xusto na dirección contraria na que vai o Goberno galego, e todos os esforzos teñen que dirixirse á mellora integral da calidade da auga, da biodiversidade da bacía do Ulla e da rexeneración produtiva da ría de Arousa.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.



Bos días a todos e a todas.

Fóra dun debate de taberna e teatro tráxico-cómico, que é o que abonda nesta bancada do PP e tamén onte vimos nos membros do Goberno, pois imos falar de política en maiúsculas, de política da útil.

As socialistas galegas sempre dixemos que todo o noso argumentario foi que todo proxecto que se queira implementar no noso país —xa sexa un proxecto industrial, un proxecto mineiro, un proxecto eólico...— ten que cumprir tres condicións unidas: a sustentabilidade ambiental, a sustentabilidade económica e a sustentabilidade social, que dicía onte o señor Pazos que non entendía que era sustentabilidade social. É escoitar a poboación; que antes dun proxecto que ten impacto no territorio exista unha participación pública real na planificación previa, non no procedemento autorizatorio. E xa o está dicindo tamén a Unión Europea. Evidentemente, as decisións políticas de impacto no territorio non se poden adoptar nos despachos de San Caetano. Teñen que se escoitar e, sobre todo, tomarse de abaixo a arriba, non de arriba a abaixo. *(Aplausos.)*

Que o Goberno galego é opaco e moi pouco transparente na tramitación das autorizacións mineiras é un feito certo, irrefutable, pero tamén é certo que para as socialistas hai unha liña vermella que non podemos pasar, como é a de apoiar o punto 3 da iniciativa do BNG, que pide inadmitir a autorización de plano, sen avaliación, sen un exame de fondo e rigoroso sobre o cumprimento legal do procedemento, para ben admitir ou denegar o novo proxecto mineiro que se presentou da mina de cobre. Para nós o límite negativo e positivo sempre vai ser o cumprimento rigoroso da legalidade medioambiental e mineira. Por iso confiamos en que se acepte esa emenda do punto 3.

Evidentemente, as socialistas exixiremos sempre ao Goberno galego o cumprimento rigoroso de toda a normativa, á vez que tamén lle pedimos ao BNG un debate máis de fondo, máis solvente, máis rigoroso, dentro da medida e do equilibrio. Poderemos chegar a ese equilibrio, que é moi necesario, sobre todo nun contexto xeopolítico mundial que se está a tambalear. Non podemos mirar para outro lado. Un contexto no que se constrúe a base de tuits, de bulos, de pseudoverdades e onde máis ca nunca as normas e as regras de que nos dotamos deben ser respectadas. O sistema e o estado de dereito debe ser o límite a ese movemento antisistema. O doado é situarse sempre no «non».

Ontes mesmo a Unión Europea declaraba sete proxectos mineiros estratéxicos entre os que se atopa un galego, en Doade, de extracción de litio. Hai que reducir, certo é, a dependencia de terceiros países e, sobre todo, temos que ser menos dependentes do mercado asiático. Temos, por tanto, que ser conscientes do contexto xeopolítico que estamos a vivir, pero sempre, sempre, —digo— sempre co cumprimento rigoroso da normativa legal e medioambiental.

Tamén quero dicirlles aos veciños da plataforma da mina que estiveron na Pobra do Caramiñal —e que tampouco, evidentemente, ¿ou si?, son comunistas perigosos do século XXI— que comprendemos perfectamente as súas inquedanzas e as súas alegacións; sobre todo tendo en conta os antecedentes da contaminación da mina de Touro, as aberracións cometidas no procedemento, así como a permisividade da Administración galega no seu deber de sixilo.



Pero tamén lles digo que a proba de que o sistema funcionou foi que houbo unha DIA negativa no proxecto orixinario no 2021, debido a varios factores críticos que supoñían un risco medioambiental e social significativo. O proxecto denegado non presentaba garantías suficientes, pois había risco de filtración de metais pesados e outras substancias contaminantes que poderían afectar aos ríos da zona; especialmente o río Ulla, e clave tamén para a ría de Arousa. Ademais, o plan de peche de restauración que se presentou no proxecto anterior da mina non ofrecía solucións claras nin eficaces para recuperar a zona unha vez que a actividade extractiva pechase. E tamén vos digo que, de novo, se este proxecto de explotación que se presenta é un xemelgo do anterior, a DIA tamén, si ou si, debe ser unha DIA negativa.

Como voceira de enerxía e industria, asegúrovos que fiscalizaremos o Goberno galego para que cumpra de forma estrita a normativa medioambiental e todos os condicionantes; tamén a solvencia técnica da mineira e a solvencia económica que están previstas na Nominga, na Lei de ordenación da minaría de Galicia, que é unha Lei do 2008, moi avanzada nese sentido e pioneira na lexislación autonómica. Pero de verdade, non podemos denunciar presións aos empregados polo proxecto de Altri ao tempo que pedir que se denegue de plano a autorización.

Dito o anterior, as socialistas somos conscientes de que a historia das minas abandonadas en Galicia é unha historia de xigantes con pés de barro. Transformar vertedoiros en antigas canteiras, reactivar explotacións mineiras da época do Franquismo, que deberían ser declaradas caducadas pola Lei de minas. E temos moitos exemplos de que se facían e se fan as cousas mal; de feito, hai moitas anulacións do Tribunal Superior de Xustiza de autorizacións mineiras. Pero imos poñer nomes. Mina de ouro de Corcoesto, que aí había unha DIA positiva e denegouse o proxecto por falta de solvencia económica; antecedentes hai, tome nota o Goberno galego. Mina de Penouta; por certo, sobre a que se abriron dilixencias penais na súa modalidade agravada —rise o deputado— por risco para a saúde das persoas, porque os metais pesados que había eran altamente contaminantes para consumo humano. Esa é a realidade. *(Aplausos.)* A mina de ouro e feldespatos de Muras, a explotación mineira da Casalonga en Toisal... ¿De verdade estes exemplos, que dicía hoxe o señor Rueda, é un exemplo de ser rigorosos coa normativa medioambiental? ¿É un exemplo de ser rigorosos? ¿En que mans estamos, señorías do PP? ¿En que mans estamos?

Asemade, no caso da Mina de Touro estamos tamén a ser testemuña de que o deber de sivilo xa fallou; por tanto, os antecedentes están aí. E tamén a falta de contundencia de Augas de Galicia na derradeira sanción que se lle impuxo en decembro do 2024 por verteduras de residuos industriais contaminantes sen autorización. Iso si, residuos mineiros ao Vieiro e ao rego de Pucheiras e unha sanción mínima que lle impuxo a Explotacións Galegas, que, por certo, é socia da que vai explotar a agora a mina de cobre, Atalaya Mining, para a reapertura da mina. No punto de vertedura mostrado por Augas de Galicia atopáronse altas concentracións de magnesio e de níquel, por riba do límite das normas de calidade ambiental. Coñecendo estes datos e antecedentes, como dicía, ¿de verdade nos podemos fiar do Goberno galego? Eu penso que non, eu penso que non.

Por outra banda, debe o Goberno galego escoitar a sociedade civil, os veciños da mina de Touro, escoitar os concellos, e hoxe o Goberno galego é unha Administración tremendamente opaca. Por iso hai esa contestación social.



No novo proxecto presentado débense avaliar tamén as acepcións socioeconómicas negativas. Claro que se teñen que avaliar, sobre todo no sector pesqueiro e marisqueiro; perda de emprego fundamental para Galicia, que podería verse gravemente prexudicado pola contaminación da auga, como ríos de impacto negativo no turismo rural, na afección do Camiño de Santiago, na zona ambiental da comarca...

En definitiva, as socialistas estaremos moi vixiantes a que o novo proxecto en tramitación da mina de cobre non sexa outro xigante con pés de barro. Non permitamos que o Goberno galego lle poña a alfombra vermella a calquera empresa sen comprobar a solvencia técnica, a solvencia económica e o cumprimento rigoroso da normativa medioambiental. E, de ser o novo proxecto mineiro en tramitación un xemelgo do anterior, o resultado debe ser o mesmo: a denegación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Mixto? *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Señora Iglesias, perdoe que non me tome en serio cando vostede fai referencia a iso da «política útil», da «política en maiúsculas», porque non se pode empezar unha intervención dicindo iso e seguidamente mentir facendo referencia a unhas declaracións que fixo un compañeiro meu onte. O portavoz do Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos, facía referencia a un concepto, o de licenza social, que se utilizou onte, que é un concepto moi perverso da esquerda populista, señora Iglesias. Supoño que a vostede se lle escapan estes conceptos políticos, pero basicamente o que di é que a turba toma a decisión, por riba de criterios técnicos, por riba de criterios científicos, por riba da razón. A turba populista é a que toma as razóns segundo este pensamento político. *(Aplausos.)*

Pero mire, señora Iglesias, para ser útil o primeiro que hai que facer é crelo; crer nun mesmo, crer na súa forza política, ter principios e defendelos. Non defender o que digan de Madrid, non defender o que digan en Ferraz, non tomar decisións en contra de Galicia simplemente porque vostedes cren que ten rendibilidade electoral. Iso non é política útil nin política en maiúsculas.

Señora Pérez, vostede felicitou os milleiros de comunistas patriotas, felicitou tamén os miles de radicais manipulados de Riazor. Pero eu quero felicitos os millóns de galegos que non se manifestaron nin foron a Riazor berrar, *(Aplausos.)* os millóns de galegos que queren emprego e industria en Galicia e os millóns de galegos que din «si a Galicia», que din «si ao emprego» e que din «si ao futuro», algo que ao Bloque Nacionalista Galego parece que non lle gusta.



E, señora Pérez, non é serio que vostede en cada debate denuncie a caída de produción marisqueira e que en cada debate vostede busque un responsable diferente segundo sobre o vento, segundo sexa o tema da semana, segundo lle indique —non sei— a UPG ou lle indique a señora Pontón ou lle indique non sei quen. É que en tres debates diferentes que eu tiveren con vostede, vostede fixo a mesma denuncia pero acusou tres colectivos e tres persoas diferentes.

Por suposto, para vostede sempre a responsabilidade é do desleixo da Xunta de Galicia. «Desleixo da Xunta de Galicia», iso utilízano aquí, pero utilízano absolutamente en calquera debate. Tamén lle botaron a culpa da caída da produción marisqueira, por suposto, ao cambio climático. É verdade. Pero é que tamén lle botou vostede a culpa aos propietarios dos encoros, porque cando chove abren as comportas. Pero é que resulta que no verán vostede xa sinalou que a culpa era dos incendios, dos turistas e dos veraneantes. E despois tamén resulta que sinalaron que a culpa era de Altri, cando Altri aínda, por agora, é un proxecto en papeis; aínda non ten nada, pero xa é o responsable. E agora vén vostede dicindo que a culpa é da Mina de Touro. Mire, señoría, non é nada serio que, cada vez que debato con vostede, vostede sinala unha causa diferente segundo sexa o tema do día, o tema do mes ou o tema de moda. (Aplausos.)

Voulle aclarar unha cuestión. Sobre a declaración de Cobre San Rafael como proxecto industrial estratéxico, o 24 de xuño do 2024 o Consello da Xunta declarouno como PIE. Unha declaración que non presupón ningún resultado en relación co procedemento de autorización nin coa avaliación ambiental. E fíxose unicamente porque cumpre cos requisitos establecidos no texto refundido das disposicións normativas que temos na Comunidade Autónoma. De feito, entre outros, no caso concreto de Cobre San Rafael, simplemente porque supón a creación de 394 postos de traballo e un investimento inicial de case douscentos millóns. Xa só por iso, é un proxecto industrial estratéxico.

O 22 de novembro expúxose a información pública e ademais enviouse, como vostede seguramente sabe, entre outros, ao Concello de Arzúa, do Pino, de Touro e de Vila de Cruces para a súa publicación nos seus taboleiros de anuncios, para que toda a cidadanía teña acceso a esa información. Ata o 31 de xaneiro do 2025 estivo aberto o prazo de consulta e de alegacións. Hoxe vostedes non o piden, pero é que no anterior debate, nunha comisión —non sei se foi con vostede ou cun compañeiro seu— onde traían a mesma iniciativa, vostedes pedíannos aprobar no Parlamento que lles dixésemos aos técnicos que todas aquelas alegacións que estaban en contra da mina fosen tomadas en consideración, por riba do criterio técnico; simplemente porque vostedes consideraban que aquí os deputados podemos dicirlles aos técnicos como teñen que estimar ou non as alegacións.

Nestes momentos, señorías, continúaase coa tramitación prevista pola lei, na que se velará, como se fai en todos e cada un dos proxectos, por dar as máximas garantías medioambientais a todas as partes implicadas. E, unha vez que se complete a recompilación de todos os informes precisos, resolverase o expediente, incluída por suposto a declaración de impacto ambiental, que vai ser emitida polo órgano ambiental. Señoría, isto é o que pasa absolutamente con todos os proxectos e tamén con este proxecto: seguen os trámites habituais, os trámites que indica a normativa. E así é como ten que ser.



E volvo incidir en que a declaración como PIE non presupón o resultado final da tramitación ambiental do dito proxecto, que será a que vai dicir se ese proxecto é viable ou non. Pero para vostedes xa é «non». Pero é que para vostedes o «non» é así xa para todo; é o «non polo non».

Onte eu tiven a oportunidade de facer unha lista de todas as cuestións onde vostedes din que non, simplemente repasando os temas que se debateron e os temas que se trataron. Vostedes dixeron que non a toda a enerxía eólica, vostedes dixeron que non á hidroeléctrica, dixeron que non ás Pontes e a Meirama, dixeron que non tamén á fotovoltaica. Isto non o dixeron onte, pero eu facía memoria e recordeino: dixeron que non á planta de biomasa de Teixeiro, co cal dixeron que non a toda a enerxía renovable de Galicia. Dixeron que non a Alcoa, dixeron que non a Reganosa, a Megasa, a Ence, a Sogama... Dixeron que non á ampliación de Citroën, dixeron que non e incluso atacaron a Inditex. Dixeron que non ao sector forestal, ao sector da minaría —que é o que están a facer—, dixeron que non tamén á industria de defensa. Dixeron que non á gandería, porque consideran que é intensiva a gandería de Frades, de Trazo, de Mazaricos. Para vostedes iso é contaminante, esa non é a súa gandería; non, é a gandería de Galicia a que a vostedes non lles gusta. Dixeron que non tamén ao sector da caza. Dixeron que non á pesca porque é extractiva e depredatoria. Dixeron que non á acuicultura porque ocupa as nosas costas. Din que non ao turismo porque non sei que teñen vostedes en contra do turismo; supoño que que a xente viaxe é malo para o nacionalismo.

Pero é que dixeron que non tamén ás infraestruturas. Dixeron que non á AP-9. Dixeron que non, estaba pensando, ao Álvaro Cunqueiro. Claro, algúns pensan que por algunha cousa da Coruña, pero é que os do Bloque dixeron que non tamén á ampliación do CHUAC. (*Aplausos.*) ¡Señorías, é que dixeron que non ao porto exterior da Coruña! (*Aplausos.*) O Bloque Nacionalista Galego di que non a todos os proxectos que supoñan creación de emprego e que supoñan futuro para Galicia, tanto privados como públicos, como os proxectos da Administración. (*Aplausos.*) Señorías, pero xa se lles vai coñecendo.

E vaia verdade que vostede felicita as miles de persoas que saen coa pancarta, algúns que se poñen estes cabezudos que parece que se repiten en todas as manifestacións do Bloque. É verdade que se repite en todas elas. Pero eu felicito e alégrome de que millóns de galegos, que máis de dous millóns de galegos, estean con nós, que estean co Partido Popular e non que se deixen de manipular por vostedes. Señoría, todos os proxectos mineiros sométense a unha tramitación absolutamente garantista por parte da Administración galega e son os técnicos da Administración, cando corresponde, os que certifican se se cumpre ou non a lexislación vixente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Non vai ser ningún partido político, non vai ser ningún sindicato, non vai ser absolutamente ningún grupo parlamentario nin de deputados o que diga o que cumpre ou non coa legalidade.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Trenor, o que non ten sentido é que vostedes, ademais de insultar todos os días todas as persoas —os milleiros de persoas, efectivamente, que rexeitan proxectos como a mina de Touro ou o de Altri— por terra, mar e aire, veña vostede en particular aquí a esta tribuna tamén a insultalos. Iso é o que non ten sentido e que non pode ser dun representante do Partido Popular ou dun representante público. *(Aplausos.)*

E le vostede unha serie de cuestións —que poden ser esas ou poden ser outras— ás que, segundo vostede, nós dicimos que non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Vostede xa falou.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Xa falou, ¿non, presidente? Si, claro que lle vou dicir unha cousa á que vostedes din que non, e é unha cousa que engloba absolutamente todo. Vostedes falan de creación de emprego, cando realmente o que lle están dicindo é un «non» rotundo ao emprego que xa temos creado neste país durante séculos. *(Aplausos.)* Vostedes din «non» a un modo de vida que é realmente sostíbel e que reparte a riqueza precisamente nas localidades e nas comarcas deste país.

A todo iso din non vostedes e, ademais —e tiña razón a compañeira do Partido Socialista—, dino cada vez con máis tropezo. ¿Como pretende, señor Trenor, que nos fiemos de que o propio Goberno da Xunta é o que garante o procedemento precisamente para as garantías ambientais de calquera destes proxectos? ¿Como pretende que nos fiemos diso despois de ver non só o que citou a señora portavoz do Partido Socialista? Lémbrolle que, por exemplo, na mina de San Fins foi a propia Augas de Galiza quen, despois de dar a autorización de verteduras, tivo que recuar, porque recoñecía, efectivamente, que alí se estaban vertendo materiais pesados. E a mina de Touro leva vertendo materiais pesados, non porque o digamos nós, senón porque a propia Augas de Galiza lle impuxo sancións —por certo, absolutamente ridículas— precisamente á empresa. Leva vertendo materiais pesados, que chegan, señor Trenor, á ría de Arousa. ¿Como quere vostede que nos fiemos dos informes deses supostos técnicos que finalmente acaban sendo asinados por cargos políticos e que, por exemplo, na declaración de impacto ambiental sobre Altri a Dirección Xeral de Pesca, nada máis e nada menos, ten un resumo e un visto e prace dese proxecto absolutamente vergoñento. ¿Sabe o que di, entre outras cousas? Que parece ser que a empresa xa presentou outro contrainforme e corrixiu as determinacións que se lle pedían por parte da Dirección Xeral de Pesca —parece ser—. E, polo tanto, conclúe a Dirección Xeral de Pesca que, como parece ser que hai ese informe da empresa, pois dámoslle o visto e prace definitivo. ¿Como podemos fiarnos dun informe ou de calquera informe destes proxectos cando din que non hai perigo ningún sobre a ría de Arousa porque hai máis de setenta quilómetros en liña recta de distancia ata a ría de Arousa?



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¿Como podemos fiarnos se hai polo medio un río —o propio río Ulla— que, evidentemente, é o que traslada e o que transporta todos eses residuos á ría de Arousa?

Remato, presidente.

O señor PRESIDENTE: Si. ¿Sobre a emenda?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Sobre a emenda, non a imos aceptar, porque cando nós falamos de inadmisión falamos precisamente con base nunha denegación que xa se deu no ano 2017.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Polo tanto, señor Trenor, sigan vostedes por ese camiño...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei, ¿ten présa? A vostede páganlle por estar aquí.

O señor PRESIDENTE: Si. Bueno, remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Páganlle por estar aquí! *(Aplausos.)* ¡Claro! É que non sei a onde vai. Aínda non acabei de falar con vostedes.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Claro! ¡É que lle pagan por estar aí! E non lle pagan, por certo, por insultar a xente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Páganlle por preparar as intervencións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e vir aquí dar argumentos sólidos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...non coma os que dá vostede. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Deza Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de Lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Realizar dende o Observatorio da Vivenda de Galicia un estudo sobre a afectación das Vivendas de Uso Turístico (VUTs) na accesibilidade á vivenda residencial e na calidade dos espazos urbanos.*
- 2. Solicitar aos concellos que establecen limitacións ás VUTs pero aínda non teñen desenvolvido a normativa relativa, que definan o que consideran título habilitante para as VUTs.*
- 3. Solicitar da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), como representante dos concellos, a realización dun estudo nos mesmos termos que o solicitado á Xunta de Galicia en función das competencias dos municipios sobre o ámbito urbanístico.*
- 4. Solicitar da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) un estudo ou informe da situación deste tipo de vivendas no conxunto de España e das Comunidades Autónomas.*
- 5. Solicitar ao Goberno de España que demande unha lexislación única para o marco europeo que permita garantir o dereito e a seguridade xurídica de usuarios e propietarios das VUTs.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Os pisos turísticos comezaron sendo algo case anecdótico que parecía inofensivo. O propio termo de «economía colaborativa», que se empregaba habitualmente nun inicio para denominar ese contacto, esa conexión directa entre particulares que permitía facer uso da propiedade da outra persoa por un período pequeno a un prezo reducido, soaba ben. De súpeto, grazas á tecnoloxía, había a posibilidade de contactar directamente coa persoa que alugaba a súa casa a través de plataformas intermediarias.

Esa etapa de certo buenismo, de inxenuidade sobre o que comportaban os pisos turísticos, xa quedou atrás. Estamos nunha pantalla nova. Os pisos turísticos xa non son a casa dun



veciño que se aluga por uns días; son pisos que se dedican ex professo a unha actividade económica relacionada co turismo. Nos últimos quince anos proliferaron por miles en toda Galiza, colonizando o mercado de vivenda habitual e transformando dunha forma radical a estrutura da propiedade inmobiliaria e do modelo turístico. Hai datos que son moi ilustrativos da situación de colapso: en Galiza xa hai máis prazas en pisos turísticos que en todos os hoteis, pensións, albergues, casas de turismo rural e apartamentos turísticos xuntos. Dun total de 30.000 aloxamentos turísticos que hai no país, 26.000 son xa pisos turísticos; o 86 por cento dos aloxamentos, cando en 2017 representaban apenas o once por cento.

E isto en detrimento dunha oferta de vivenda para uso residencial: son 26.487 vivendas que foron arrebatadas do mercado inmobiliario residencial. Parece un tanto curioso, ademais, que á mesma Xunta de Galiza que intenta convencernos de que o problema fundamental que ten este país en materia de vivenda é un problema de escaseza de oferta non lle pareza problemático que en menos de dez anos máis de vinte e seis mil vivendas deixasen de ser iso, vivendas, para converterse en negocios. Parece que ao Partido Popular o argumento da escaseza de vivenda só se lle acorda como unha escusa para aprobar medidas regresivas como as que veñen de incorporar na lei de acompañamento, onde dicían que, como precisamos máis vivenda, pois habería que impor o cambio de locais comerciais a vivenda. Aprobáron permitír un réxime de excepcionalidade porque, como necesitamos máis vivendas, pois que se poidan construír ata 2029 vivendas que son ilegais baixo o actual planeamento. Tamén aprobáron que se poidan transformar millóns de metros cadrados nun único trámite exprés de solo residencial. E, como necesitamos máis vivendas, había que quitarlle impostos a grandes capitais que compren inmobles enteiros para facernos o grande favor de alugárnolos. Agora ben, tocar os dous aspectos fundamentais para modificar a oferta, como son os pisos turísticos, que supoñen xa o 2,5 por cento do total das vivendas principais, aí non. E xa non falemos de actuar sobre a vivenda baleira, que representa unha de cada tres vivendas deste país. Aí, o Partido Popular xa non advirte problema ningún de oferta.

Pero volvamos ao retrato do momento no que estamos, porque falta unha pregunta fundamental: ¿e de quen son todos estes pisos turísticos? Catro de cada dez están en mans de empresas ou persoas que teñen varios pisos turísticos funcionando ao mesmo tempo. Hai, de feito, 65 propietarios que eles só acumulan 1.278 pisos turísticos e un terzo das vivendas que son explotadas por empresas están en mans de empresas de fóra de Galiza: máis de 230 son de Madrid, que lidera o *ranking*. O que indican estes datos son uns indicios dun proceso de acumulación e unha presenza importante de capitais de fóra que ven un negocio rendible en transformar vivendas do noso país en negocios turísticos.

E xa basta de buenismo, de inxenuidade impostada, xa está ben de que a Xunta mire para outro lado. Hai que pórilles límites dunha vez por todas aos pisos turísticos en todas as zonas onde exista unha alta concentración, porque supoñen un problema para o acceso á vivenda. (*Aplausos.*) Porque aumentan prezos e detraen oferta. Supoñen un problema para a calidade urbana e territorial, porque cando os veciños son suplantados masivamente por turistas temos unha perda de vida cotiá e de complexidade social, que se acompaña ademais dunha substitución de comercios por tendas de *souvenirs*, por franquicias... E cando se dá todo este proceso de baleirado e de homoxeneización, en definitiva, tamén se acaba poñendo en perigo o propio turismo, porque se destrúe a súa riqueza turística inicial.



Dende a Xunta están demostrando que teñen unha vontade directa de omitir este debate e de atrasar a limitación dos pisos turísticos. Incluso podemos falar dunha actuación cómplice cos pisos ilegais, porque a Xunta se nega a dar de baixa do seu rexistro pisos que sabe perfectamente que son ilegais. O caso máis paradigmático é o do Concello de Santiago, onde hai 750 pisos inscritos pola Xunta no seu propio rexistro, cando resulta que nese concello só hai 64 que contan co título habilitante municipal. Hai centos de pisos turísticos que carecen dese título pola sinxela razón de que están localizados en zonas onde xa está prohibido polo Concello que haxa pisos turísticos. O Concello de Santiago vén de pedirlle novamente á Xunta que dea de baixa eses pisos que son ilegais. Non pode alegar en ningún caso a Xunta descoñecemento, porque xa lle levan enviado o listado desas vivendas varias veces —incluso é público na web do Concello— e a Xunta négase sistematicamente a dalas de baixa. É unha vergoña que un concello como o de Santiago —que fai os seus deberes, que pon límites aos pisos turísticos para protexer os veciños, para protexer a cidade e a sustentabilidade do turismo— teña que estar pelexando coa Xunta para que dea de baixa os pisos ilegais. Que quen fai ben as cousas se tope cunha Xunta que o único que fai é boicotear. (*Aplausos.*) E ademais fano sen taparse, porque acaban de enviar unha carta ao Concello de Santiago onde din abertamente que a inscrición que fai a Xunta no seu propio rexistro tampouco implica que sexan legais; que ninguén entende iso, porque eles non comprobaban en ningún caso que iso sexa así. Están recoñecendo que o seu propio rexistro carece de validez, que é unha *coladera* e que non vale para nada, porque dan de alta todas as solicitudes sen distinguir.

Con esta iniciativa exiximos que se corrixa dunha vez por todas esta situación, garantindo que todos os pisos contan co título habilitante municipal antes de que a Xunta os dea de alta. Tamén solicitamos máis inspeccións e sancións. Pero, sen dúbida, a medida máis importante e necesaria que traemos é que a Xunta de Galiza poña límites aos pisos turísticos tamén a nivel galego. Porque, para alén das competencias que teñen os concellos nesta materia, a Xunta ten competencias en turismo e en vivenda. Por tanto, está nas súas mans declarar zonas de alta concentración de pisos turísticos e establecer neses ámbitos un réxime de limitación. É dicir, poñer un tope máximo, un número máximo de pisos turísticos e tamén establecer un réxime de control para garantir que teñan licenza antes de que operen e que esas licenzas tamén teñan a obriga de renovarse.

Defendemos isto porque cremos fehacientemente que é fundamental que haxa unha ordenación a nivel galego, que haxa unha visión de conxunto de país, de escala territorial. ¿Por que? Porque este fenómeno dos pisos turísticos no noso país non se limita ás grandes cidades, como sucede noutros sitios. De feito, no noso país apenas o vinte por cento das prazas de pisos turísticos están en zonas densamente poboadas. Estamos ante un fenómeno en Galiza de escala supramunicipal continuo por todo o litoral, onde se concentra máis do oitenta por cento dos pisos turísticos. E esta dimensión territorial, unida ás dificultades de gobernanza coas que se atopan en moitos casos concellos pequenos pero que si que están moi afectados polos pisos turísticos, fai que eses pequenos concellos non teñan os recursos para exercer a disciplina urbanística. Por tanto, necesitan que haxa unha política activa por parte da Xunta para promover esa planificación a nivel galego que permita conciliar usos turísticos coas necesidades habitacionais da poboación.



Hai outras medidas complementarias tamén que se inclúen nesta iniciativa, como, por exemplo, a prohibición de que vivendas protexidas ou vivendas que recibisen subvencións para facilitar o acceso á vivenda da persoa propietaria se poidan destinar despois a pisos turísticos. Creo que é de sentido común, porque se estaría desvirtuando o obxectivo para o que foron destinados eses recursos públicos.

E conclúo xa. Creo que todos somos conscientes aquí de que tarde ou cedo terán que tomarse medidas para limitar os pisos turísticos. Incluso dende Europa se está marcando o camiño nesa liña. ¿Canto máis vai continuar sendo a Xunta de Galiza un obstáculo cando actúan outras administracións ou incluso un lastre ás reformas tan necesarias como as que plantexamos e que ademais a cidadanía está demandando? Creo que é de sentido común que as vivendas sexan vivendas, que haxa máis vivenda accesible e que acabemos con esta dinámica altamente especulativa.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

En anteriores debates nesta Cámara utilizáronse por parte da proponente desta iniciativa tres termos para definir o fenómeno das vivendas de uso turístico. Eses tres termos, que definía como etapas, eran: explosión, descontrol e colapso. E, segundo as súas verbas, esa explosión derivaba na diferenza de rendibilidade co alugueiro tradicional, no descontrol da falta de medidas de ordenación e, en consecuencia, chegaba o colapso que provocaba o descenso da vivenda residencial.

E con base nestes conceptos, ligados entre si, presenta hoxe novamente aquí esta iniciativa. Unha iniciativa coa que a priori poderíamos estar de acordo, se non resultase novamente catastrofista. Porque se pronuncia non para ordenar, non para aportar medidas de mellora, senón para impoñer, prohibir, para sancionar e para —como é costume— limitar a realidade á súa realidade. Porque parten da base errónea de que a eliminación desas vivendas de uso turístico garante que as mesmas vaian pasar ao mercado residencial. Din que foron «arrebataadas do mercado» —acaba de dicir—. Pero a realidade é testuda, e as políticas intervencionistas en materia de vivenda, como xa se veu demostrar coa aplicación da lei estatal, só provocan inseguridade xurídica e que os arrendadores retiren os seus inmobles do mercado. Ademais, a prohibición desta modalidade aloxativa podería conlevar a perda dunha parte da actividade económica xerada en sectores como o comercio, a restauración, o lecer e a cultura e un enfraquecemento da competitividade da nosa comunidade e da súa potencialidade turística, sen resolver os problemas de fondo de acceso á vivenda.

Porque a solución ao problema da vivenda pasa por adoptar medidas en positivo, como as que está a levar a cabo a Xunta de Galicia, con políticas que pivotan sobre catro piares, fun-



damentalmente: incrementar o parque público de vivenda co obxectivo de duplicalo; facilitar solo para construír novas vivendas; a creación de novos incentivos para mellorar as condicións de acceso á vivenda, tanto en venda como en alugueiro; e a adopción de medidas normativas, lexislativas e fiscais que procuren flexibilizar e dar seguridade xurídica ao mercado da vivenda. E non por prohibicións, imposicións e sancións, como vostedes propoñen.

Miren, todos os aquí presentes creo que compartimos que debemos dispoñer de medidas que regulen e controlen o sector. E neste senso Galicia foi unha comunidade pioneira na regulación desta modalidade aloxativa. O decreto galego permitiu incorporar as VUT que xa operaban na nosa comunidade á oferta regrada como unha modalidade aloxativa complementaria e non excluínte das tipoloxías existentes. De feito, as súas prazas non están activas sempre, xa que poden compatibilizar, se así o desexan, o seu uso residencial co turístico. O propio sector calcula que o corenta por cento das vivendas rexistradas non operan como tal.

Ademais, desde hai tempo comprobouse que existe unha correcta convivencia entre as vivendas de uso turístico dadas de alta e o resto de tipoloxías de aloxamento tradicional. E proba diso son dous datos. A demanda turística nas vivendas en alugueiro tradicional medra e a rendibilidade hoteleira é hoxe a máis alta desde que existen rexistros, medrando un sete por cento. Ademais, o ano pasado aloxáronse nos establecementos tradicionais máis de sete millóns de persoas, fronte a algo máis dun millón nas vivendas de uso turístico.

Porque a realidade de Galicia é distinta doutras comunidades autónomas. En Galicia preto do noventa por cento das VUT son de particulares e a meirande parte desas xa operaban no mercado desde fai décadas como un complemento na renda das familias, sobre todo nos concellos máis turísticos. O decreto da Xunta simplemente veu dar visibilidade a un sector xa emerxente, regular unha realidade xa presente.

Non obstante, atendendo ás demandas que plantexan na súa iniciativa e que poñen o foco na comprobación das vivendas inscritas no rexistro, no seu control e vixilancia, debemos reflexionar sobre que papel debe xogar cada unha das administracións públicas. Porque creo que nestes momentos as xa numerosas resolucións xudiciais foron acoutando os termos discrepantes relativos á interpretación do concepto de VUT. Xa non é controvertido se é ou non unha actividade económica, xa non é controvertido o tipo de uso, xa non parece que poida ser controvertida a intervención municipal. Polo tanto, en consecuencia, todas as administracións deben regular a parte que lles toca con maior ou menor laxitude, dentro da esfera das competencias que lles poidan corresponder. O noso Tribunal Superior de Xustiza xa se pronunciou respecto diso, e establece unha clara distinción entre as habilitacións autonómicas e as municipais.

Polo que parece claro xa que a declaración autonómica responsable prevista no decreto non é suficiente para a apertura dunha vivenda destinada a esa actividade, para o que se require, ademais, a autorización municipal correspondente en forma de comunicación previa. Con todo, cando se regularon na nosa comunidade, aínda que é certo que o artigo 42 do decreto indica expresamente que a presentación da declaración responsable nas condicións previstas no decreto habilitaba para o desenvolvemento da actividade turística de vivenda de uso turístico, tamén é certo que alude a que «sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas



exixidas noutras normas que lle sexan de aplicación». Non poden facer vostedes unha lectura parcial, xa que esta habilitación para o desenvolvemento da actividade turística non exime o propietario, ou persoa ou empresa que comercializa a vivenda da obriga de obter as autorizacións, permisos, licenzas e os informes que establezan as distintas normativas sectoriais e municipais que lle son de aplicación.

Existía, ata os recentes pronunciamentos xudiciais, o estendido criterio de que coa presentación da declaración responsable na Xunta, coa documentación requirida polo decreto e a inscrición no REAT era máis que suficiente para iniciar a actividade. E a única intervención do Concello pasaba por facilitar a copia da licenza de primeira ocupación ou, na súa falla, emitir, previa solicitude do interesado, o certificado correspondente. Pero o certo é que os concellos teñen un papel determinante na habilitación ou non desta modalidade. E teñen, ademais, un papel determinante na comprobación de se esa vivenda de uso turístico incumpre ou non a súa normativa. E nos casos de incumprimento, serán aqueles os que deben comunicarllo á Xunta de Galicia para proceder ao expediente de baixa no REAT; e, de ser o caso, ademais, tramitar o expediente disciplinario que corresponda en vía administrativa.

Por outra banda, a nivel estatal o pasado 2 de xaneiro entrou en vigor, cun período de adaptación ao 1 de xullo, o Real decreto de rexistro único de alugueiros turísticos e de tempada. Esta nova norma incorpora a obrigatoriedade dun rexistro único, sen o cal os pisos non se poderán comercializar en plataformas en liña. Así mesmo, a partir do próximo mes de abril os propietarios que desexen destinar os seus inmobles ao alugueiro turístico deberán contar coa autorización expresa das tres quintas partes dos veciños da súa comunidade de veciños. Modificacións que se inclúen nos cambios dos artigos 7 e 17 da Lei de propiedade horizontal. Ademais, o presidente do Goberno tamén anunciou que os pisos turísticos pasarán a ser considerados un negocio e, polo tanto, tributarán como actividade económica.

Todas estas medidas sen dúbida incidirán nun mercado no que hai visitantes que, cando viaxan, unicamente buscan vivendas de uso turístico, porque ofrecen a posibilidade de trasladar os hábitos do fogar ao lugar de vacacións. O hóspede non busca servizos adicionais; busca a intimidade e un confort que lle ofreceu un aloxamento no que gozar da nosa comunidade, a nosa gastronomía, a nosa cultura, a nosa paisaxe e, á súa vez, poder gozar das comodidades dunha vivenda. (*Aplausos.*) Por iso é o formato preferido das familias. Un formato que está presente no noventa por cento dos concellos de Galicia, fronte a un sesenta por cento de hoteis; polo que en moitos municipios pequenos son a única oferta posible. E, polo tanto, esta tipoloxía de aloxamentos ten que formar parte do *mix* do turismo de Galicia.

O turista xa non se pode teledirixir; elixe onde ir e onde aloxarse. E, por iso, os debates sobre competencias entre tipoloxías de aloxamento, coma se fosen produtos substitutivos, están completamente caducos. Limitar a capacidade de atracción dunha tipoloxía aloxativa simplemente fará que o destino ofrezca unha menor variedade e perda turistas potenciais.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Non.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

Señora Deza, eu non sei se nalgunha ocasión o Partido Popular teledirixiu os turistas neste país. Pero esa premisa, xa de por si, de entrada, di moito do pensamento do Partido Popular e das políticas do Partido Popular. (*Aplausos.*) Pódese ofertar e, en función da oferta, escóllese, pero «teledirixir»... Pois son as políticas que levan a cabo nesta e noutras cuestións.

Miren, téñenme escoitado en moitas ocasións falar de que hai que ter unha mirada a longo prazo; non quedarse na política curtopracista que practica o Partido Popular, na que está instalada. O noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, ten preguntado en moitas ocasións neste Parlamento que está a facer a Xunta de Galicia para paliar as necesidades de vivenda existentes en Galicia. Ben, a resposta creo que é clara e única: executar os fondos que veñen de Europa. Porque iniciativa propia para combatela, cero, co cal se limitan a executar os fondos.

Nunha realidade que preocupa a unha ampla maioría da sociedade: á mocidade e ás familias con menos recursos, ás familias monoparentais, ben por decisión ou ben por ruptura da parella, que se converten en dúas familias monoparentais; que non poden acceder a unha vivenda en réxime de alugueiro e, moito menos, pensar en compra. E, como di José Ramón Gómez Besteiro, debemos evitar que o PP favoreza a especulación e que a protección social sobre as vivendas sexa permanente, que é un dos grandes obxectivos que temos dende o PSdeG.

A vivenda destinada en exclusividade a uso turístico xerou un problema notorio en Galicia, dificultando o alugueiro ordinario, que require condicións máis esixentes para os propietarios e menor ingreso anual. Así o reflicten os datos, que van en incremento, e ademais de maneira exponencial. A aparición de plataformas online que canalizan estas vivendas e ofrecen grandes bolsas de oportunidades a modo de portal de vivendas redimensionou moito este escenario.

A adicación en exclusividade de vivendas ao uso turístico é hoxe o modelo predominante neste campo. Dende o PSdeG sempre defendemos que o uso prioritario da vivenda debe ser o residencial, pero para iso hai que actuar tamén. Estamos ante unha desorde lexislativa e un enorme espazo de desregularización que prexudica sempre os mesmos: os cidadáns, que ven como os seus dereitos e os seus espazos son vulnerados por falta de criterio.

Coma sempre, son os concellos os que están a tomar medidas, limitándose xa nas súas propias competencias, esperando a Xunta de Galicia para que esta amose algunha iniciativa —cousa que non se dá, salvo a execución dos fondos, como dicía—, que é quen ten as competencias en materia de vivenda, que hai que recordalo. Segundo o Decreto da Xunta, o 12/2017, as VUT



teñen que estar incluídas no REAT. E, segundo ese mesmo decreto, ten que facer a comprobación de inexactitude por parte da Axencia de Turismo de Galicia, en consoante coa Lei 7/2011, de turismo de Galicia. Pero non o fai. E non só iso, xa que a propia Xunta de Galicia pon en dúbida a eficiencia do REAT, outro instrumento da Xunta que a propia Xunta cuestiona. Esa é a política do Partido Popular. E, a pesar de que a Xunta ten que velar polo control dos requisitos para que a vivenda poida estar inscrita, é a Xunta a que pode dar de baixa aquelas VUT que non cumbran. Pero non o está a facer. A poñerse de perfil, como adoita facer o PP.

O que se propón nesta iniciativa podémolo agrupar en tres bloques:

1. A modificación da Lei 7/2011, da Lei de turismo de Galicia, para comprobar VUT e acreditar que o título habilitante é municipal e determinar a temporalidade aos títulos habilitantes. Pero van dicir que non, porque xa o dixeron. Porque xa o dixeron nunha comisión cando se pediu realizar unha nova lei de turismo. Ademais, no propio preámbulo da Lei de turismo do 2011 fala de «pola necesidade de eliminar imprecisións conceptuais e resolver disfuncións e lagoas na regulación dun sector clave na economía galega». Isto dicíase dunha lei que tiña tres anos, porque a Lei do 2011 derogou a Lei do 2008. E tres anos despois había xa moitas imprecisións, disfuncións e lagoas. É curioso que dezasete anos despois, a pesar de como cambiou o modelo turístico en Galicia, de como cambiaron os patróns e os hábitos, non sexa necesario modificar a Lei de turismo, onde se pode contemplar tamén as VUT nesta propia lei.

Pero, é máis, hai seis meses aquí, en sesión plenaria aprobamos por unanimidade, por proposta do PSdeG, un plan integral turístico de Galicia. E seis meses despois dixeron que non á mesma proposta. Queremos saber ese cambio do Partido Popular. ¿Por que en pleno si e en comisión non? ¿Por que hai seis meses si e hoxe non? Porque ao mellor o Partido Popular quería presentalo en solitario, como fixo onte, por certo, o presidente Rueda; que nos convidaron, pero —¡lástima, mágoa!— fixeron a presentación un día que estabamos aquí todos na sesión plenaria e non puidemos asistir a ver ese plan turístico que presentaba o señor Rueda. Sería que non lle tiña moito interese ou non lle facía moita gracia que estivésemos alí escoitando ese programa, que quedará, coma sempre, todo en fume. *(Aplausos.)*

Por outra banda, o que se pide nesta proposta é realizar estudos e informes, cousa que dende o PSdeG xa vimos demandando, porque é necesario ter un diagnóstico para poder ter despois unha planificación e unha folla de ruta. Nese informe pídese ver como están afectadas as VUT no modelo turístico ou a afectación aos pequenos negocios de hotelería. Porque, segundo vimos estes días recentemente na prensa, segundo a Federación de Empresas Inmobiliarias van pechar un de cada catro hoteis pequenos e casas de turismo rural. Un de cada catro. Home, pois ao mellor algo ten que ver o crecemento exponencial que están tendo as VUT para que teñan que pechar hoteis, que os hoteis están asentados no territorio e en moitos concellos pequenos, que xeran emprego directo, que ademais dinamizan as vilas e os concellos onde se asentan, que fomentan a economía circular, que despois iso xera que a xente que traballa alí se quede alí e, polo tanto, asentamento da poboación tamén no rural. Hoxe mesmo estamos a ver nunha noticia de prensa como unha vintena de hoteis nas Rías Baixas se poñen tamén en venda.



Non se trata de fomentar unha cousa en detrimento doutras, trátase de buscar un equilibrio, e por iso hai que regular as VUT. Non se trata de ir en contra das VUT, pero si teñen que estar reguladas. Porque, se non, vai en detrimento de negocios familiares que xeran, como digo, emprego e riqueza e asentamento no rural, en detrimento daquilo que xera menos riqueza.

E un maior control, que si que hai que facer o control, que para iso facemos as leis. Nas leis tamén se contempla que haxa ese control para detectar as vivendas ilegais e que a Xunta poida actuar de oficio para que poidan cumprir o planeamento e a normativa municipal.

Mire, o que nós imos facer é votar a favor desta iniciativa, porque vai na liña do que defende o PSdeG, como xa temos manifestado en moitas ocasións. E o que nos parece tamén xa o colmo da hipocrisía é a emenda que presenta o Partido Popular. Porque nesa emenda ¿que pide o Partido Popular? ¿Ou que fai? Poñer deberes aos concellos e ao Goberno central. En dúas cuestións como o turismo e a vivenda, que son competencias propias da Xunta de Galicia, da Comunidade Autónoma. Polo tanto, señora Deza, fagan o seu traballo, poñan solucións enriba da mesa, busquen ese equilibrio para que se poida convivir e xa está ben de poñer deberes aos máis, como acostuma facer o Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Ben, di o Partido Popular que o Bloque queremos impor algo tan terrible como que os pisos turísticos sexan legais. ¡Que terrible! Pobre Xunta, ¿como lle podemos exixir algo así? (*Aplausos.*) Que comprobén se son legais. ¡Puf! Hai que facer como o Partido Popular, que o que quere impor é a ilegalidade dos pisos turísticos; un rexistro que acepte todas as solicitudes. O que quere impor o Partido Popular é a lei da selva, que a oferta mingüe, que os prezos suban. (*Aplausos.*) Iso si, iso é ben.

Tamén me pareceu un pouco forte ese argumento de que: «é que a xente quere pisos turísticos, que é un turismo moi especial, cheo de virtudes. Non podemos parar o crecemento dos pisos turísticos». Pasar por alto as consecuencias negativas que están tendo os pisos turísticos na oferta do mercado inmobiliario paréceme un pouco forte, porque hai un malestar social máis que evidente; que vostedes só vexan flores e marabillas nesa proliferación dos pisos turísticos é estar moi lonxe da realidade do que opina a maioría da xente. E, ademais, é que había turismo antes de 2010; había turismo, a xente viaxaba antes. Parece que incluso están vostedes menosprezando todo o resto de aloxamentos turísticos, que parece que non lles chegan... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Si? ¡Ah!, ben, pois entón xa sabemos cal é a política da Xunta de Galicia. Moi ben, quédanos moito máis claro.

E logo a emenda do Partido Popular tamén aclara bastante as cousas, porque substitúen os dez puntos completos en que exiximos que actúe a Xunta de Galicia por «que o fagan os demais»: que faga a Fegamp estudos porque a Xunta non os fai, que o Goberno central veña aquí analizar a situación e incluso piden que asuman as competencias que ten a Xunta de



Galiza nesta materia. Dan unha patada tan forte ao balón que lle piden a Europa que faga un marco legal que homoxeneice todo. Iso si, que fagan todos menos a Xunta de Galicia, que ten as competencias en turismo, en vivenda e en ordenación do territorio. ¡Vaia, vaia!

Ademais, é que nos din na súa emenda que o que deben facer os concellos é aclarar que é un título habilitante. Señora Deza, un título habilitante é o que se especifica nun decreto creado pola propia Xunta que regula as actividades económicas da apertura dos establecementos, son as comunicacións previas e as licenzas de actividade, que están no artigo 12 dun decreto da propia Xunta. ¿Que quere que lle aclaren os concellos? O que non queren vostedes é ler. Se, ademais, está aclarado en sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di que os pisos turísticos son actividades económicas e que non poden exercerse sen ese título habilitante. E o perturbador é que obriguen a presentar a xente cando dan de alta ese piso turístico unha declaración responsable conforme teñen ese título habilitante municipal e ao mesmo tempo vostedes digan que non saben que é ese título habilitante municipal. ¡Pero se obrigan a xente a presentar unha declaración conforme o teñen! É que é de chiste.

En definitiva, o que vemos é que a Xunta de Galicia non quere facer as cousas ben; quere manter esta situación de excepcionalidade, permitindo que haxa incluso pisos turísticos ilegais. Incluso está actuando de forma deliberada para que aumenten eses pisos turísticos, dando incluso subvencións directas, como fixeron en Vigo, de 700.000 euros a unha empresa que se dedique a especular para crear once pisos turísticos máis en Vigo. A imposición aos concellos de que teñan que converter baixos comerciais en vivendas, que van acabar sendo aínda máis pisos turísticos. E tampouco exercen esa política de control para que, no caso de subvencións que se dan para acceder á vivenda, esas vivendas protexidas que se subvencionaron con fondos públicos acaben tamén sendo vivendas protexidas. É dicir, que eses fondos que recibiron para solucionar un problema de vivenda acaban sendo parte do problema, agravando o problema.

En definitiva, quedou evidenciado que o que están vostedes intentando facer é alimentar máis esta burbulla que vai en contra das necesidades de vivenda da poboación xeral. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Acaban de entrar no hemiciclo, e saudámoslos, os alumnos de 3º da ESO do centro Doutor López Suárez, de Friol, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Argimiro Marnotes Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de Lei.

Emenda de substitución.



Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar traslado aos concellos galegos, en particular ás concellerías de Deporte, e clubs federados de Galicia, dos mecanismos sancionadores e de todas as medidas de intervención e protección previstas nos protocolos existentes dirixidas á prevención da violencia no deporte.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas e bo día tamén a todos os nenos e nenas —mozos e mozas xa, mellor dito— de Friol.

Eu penso que este tema o coñecerán. Ademais, pode ser interesante, porque seguramente viviron algunha vez algunha situación das que agora imos falar.

Cando falamos de deporte todos pensamos e asociamos ao deporte algúns valores —por exemplo, a capacidade de superación, a disciplina, o compañeirismo ou o respecto polo rival—, así como tamén a intentar conseguir unha vida máis saudable. O outro día aquí no Parlamento tivemos un curso, xa o dicía onte, de reanimación cardiopulmonar e o profesor Juanatey dicíanos que facer deporte, levar unha vida saudable, era un dos mellores métodos de prevención para evitar enfermidades cardiovasculares nun futuro. Incluso dicía que era un dos principais métodos de prevención. Despois, o deporte tamén se vincula a poder canalizar a tensión e evitar así problemas psicolóxicos ou ansiedades, ou a liberación de enerxía ou a mellora, incluso, do aspecto físico.

Pero, a pesar disto, todos vivimos e todos somos conscientes de que moitas veces se viven no deporte moitas situacións que son indesexables. E podo poñer algúns exemplos. O pasado 24 de febreiro falecía un veciño do Grove en Pontevedra tras dous meses en coma despois dunha agresión sufrida nun partido de categoría cadete feminino. Este señor, de 64 anos, foi acompañar o seu neto, que era o árbitro deste encontro, e, ao saír do partido, un pai do equipo contrario comezou a insultar o árbitro, o avó saíu na súa defensa e foi agredido por este pai. Despois de estar dous meses en coma terminou falecendo. Dende aquí quero tamén mostrar o noso apoio a esa familia e todo o ánimo para que esta conduta sexa condenada e castigada como se merece.

Pero non é un feito illado. Hai un mes, tamén, en febreiro deste ano outro árbitro nun partido de fútbol infantil denunciou que tivo que poñerse a salvo porque ao finalizar o encontro un grupo de pais cuspiéronlle, insultárono e desexáronlle a morte, incluso chegando a golpear o seu coche. O pasado mes tamén unha nai da Coruña denunciaba que a súa filla de trece anos, árbitra dun partido de prebenxamíns na Coruña —nenos e nenas prebenxamíns de máis ou menos sete anos— tivo que soportar durante todo o partido gritos da bancada e dende a grada, non só por parte dos pais, senón tamén polo delegado dun dos clubs, sentíndose acozada e con moito medo. Ou hai uns meses, tamén, nun partido de terceira rexional de FutGal, que enfrontaba o Cotobade co Poio, o árbitro resultou gravemente ferido por unha agresión.



Así, podemos citar múltiples exemplos ao longo de todo o territorio e situacións de tensión ou violentas que se producen cada fin de semana nos diferentes campus ou pavillóns deportivos ao longo de todo o país. É moi preocupante, sobre todo moi preocupante que a maioría das veces se producen en competicións nas que participan nenos e nenas menores de idade.

Señorías, ao final todos sabemos que o deporte actúa como un espello da sociedade; nalgúns casos incluso pode servir como válvula de escape para tensións acumuladas. Decía hai uns días un psicólogo deportivo o seguinte: «moitas veces a tensión social, económica e política atopa un caldo de cultivo no deporte, onde as normas de comportamento parecen reflectirse. Moitos pais e nais tamén ven nos seus fillos e fillas un potencial ascenso social, perdendo a vista do carácter educativo do deporte base». Que iso se traduce en que moitos pais e nais cren que teñen —ou queren ter— na súa casa un Cristiano ou un Messi e esquezan os valores principais de convivencia e respecto. (*Aplausos.*)

Nós non podemos permitir que isto sexa así, e moito menos no deporte base. O deporte base debería centrarse na educación, na socialización e no desenvolvemento das persoas menores. Os socialistas amosamos e manifestamos a nosa sensibilidade por isto que acabo de dicir e tamén a nosa preocupación por estes feitos que se repiten habitualmente nos diferentes campus ou nos diferentes pavillóns deportivos, transformando algo que debería ser un hábito saudable de aprendizaxe ou de superación persoal e colectiva nunha situación indesexable, con efectos moi negativos para o desenvolvemento dos nosos fillos e fillas.

A educación en valores ou o respecto aos árbitros. E isto quero subliñalo, porque ao final son as principais vítimas destes comportamentos violentos e ás veces incluso vémonos reflectidos nalgúns clubs de alta competición de carácter internacional que, se continuamente están a cuestionar publicamente as decisións dos árbitros, xera unha falla de respecto cara aos mesmos.

E tamén a comprensión do deporte base como un espazo formativo. Cremos que isto é clave para evitar estas situacións ou que estas situacións se repitan. Pero, ¿para iso que necesitamos? A colaboración de toda a sociedade. É fundamental que tanto os adestradores, como as familias, como os dirixentes deportivos reforcen a idea de que o deporte base non é unha plataforma para a presión e o éxito, senón que é un contorno de aprendizaxe. A responsabilidade é de todos, para traballar para que os nenos e nenas poidan desfrutar do deporte nun ambiente seguro e saudable, onde a competición —que a competición é boa— non xustifique a violencia.

Pero tamén, en última instancia, corresponde ao Goberno galego. O Goberno galego, por lei —así do di o Estatuto de Autonomía no seu artigo 27.2—, ten competencia exclusiva en materia de promoción do deporte. Con base nisto, dende a Xunta de Galicia elaborouse a Lei 3/12, do deporte de Galicia, que é o marco xeral onde desenvolver as competencias marcadas no Estatuto. No seu título noveno, que regula a actuación pública, di: «na prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva». En concreto a creación, a través do que establece o artigo 148, da Comisión Galega de Control da Violencia, que é un órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no eido da prevención



e na represión da violencia de análise das causas de exercicio da potestade sancionadora. Ten potestade de poder sancionar estas condutas nesta materia, desenvolvido posteriormente por decreto no ano 2018 todo este procedemento sancionador.

Pois ben, nós cremos que, con base nisto, con base na legalidade e nos títulos legais existentes, o Goberno galego ten todos os instrumentos para poder actuar e priorizar, dentro da súa política en materia deportiva, a loita contra a violencia no deporte. E por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa, porque cremos que basta xa. Cremos que ten que ser unha prioridade política e o Goberno da Xunta ten que impulsar campañas de prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva. Estas campañas ten que distribuílas tanto en redes, en espazos físicos onde se practique deporte ou incluso en que participen os diferentes referentes deportivos do noso país, que temos moitos, para que poidan ser campañas máis cercanas e que poidan causar o maior impacto. Elaborar un protocolo de boas condutas para proporcionar ás entidades deportivas galegas ou ás persoas organizadoras de competicións.

Tamén intensificar as competencias sancionadoras. Cremos que ata o de agora esta Comisión Galega de Control da Violencia foi demasiado laxa no control destes comportamentos. Nós non somos partidarios da sancionar, pero si somos coñecedoras de que as sancións ás veces teñen un efecto disuasorio. Polo tanto, creo que ten que intensificarse esta potestade sancionadora sobre todas estas condutas.

E despois, por último, cremos que se teñen que habilitar mecanismos para que a cidadanía poida incluso por vía electrónica denunciar estas condutas. Todos sabemos que ás veces causa un pouco de medo ou pode causar unha situación incómoda ter que denunciar un compañeiro do club ou un pai dun compañeiro ou incluso de clubs coñecidos da mesma cidade. Polo tanto, esta forma, por vía electrónica, sería máis anónima e despois, unha vez postos en coñecemento desta comisión estes feitos, a comisión levaría a cabo as investigacións pertinentes.

Polo tanto, espero o apoio do resto dos grupos a esta iniciativa. Creo que todos temos que implicarnos contra a violencia no deporte, porque nos fará avanzar como sociedade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Marnotes.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Cativos e cativas de Friol, benvidos.

Antes de nada permítanme reiterar, dende o Grupo Parlamentario Popular, a nosa máis firme condena aos episodios de violencia que se produciron nos derradeiros meses no ámbito do



deporte base en Galicia. Episodios, que algún deles xa foron nomeados, que a ninguén deixan indiferentes, porque tocan os valores máis fundamentais da convivencia e do respecto. O acontecido o pasado 15 de decembro no pavillón de Vilalonga —coa morte, días máis tarde, tras unha agresión brutal a quen simplemente ía ver arbitrar o seu neto— é un feito que commoveu a todos. Non hai xustificación posible. E, por iso, a nosa repulsa foi e segue sendo total. A resposta institucional estivo á altura. Este Parlamento aprobou o pasado 26 de febreiro unha declaración institucional —unánime, loxicamente— contra a violencia no deporte. Un texto claro, firme e compartido por todos os grupos, que foi lido nesa fin de semana en todos os recintos deportivos galegos, porque esa unidade é fundamental.

Temos que lembrar que a loita contra esta lacra que é a violencia no deporte é unha tarefa e afán común de todos os que integran o sistema deportivo: dos deportistas e afeccionados, do conxunto dos axentes deportivos, dos medios de comunicación e, por suposto, das administracións públicas. Todos temos que ser contundentes desde as nosas respectivas competencias e responsabilidades e non fraquear no obxectivo común que perseguimos, que é un deporte libre de calquera forma de violencia, sexa física ou verbal. *(Aplausos.)*

Lamentablemente, estamos ante unha ameaza global que afecta non só o deporte galego, senón que é unha problemática xeral a nivel internacional. Por iso, requírese dunha resposta en estreita colaboración de todos, do conxunto do sistema deportivo e da sociedade en global, que debemos defender os valores do deporte e a súa integridade. Polo que respecta ás administracións públicas, cada un dende as súas respectivas competencias, a súa tarefa debe centrarse na prevención, o control e a sanción de toda forma de violencia nos terreos de xogo. O deporte é respecto e tolerancia, é inclusión e participación cívica. Cada un dos actos violentos, non importa cal sexa o lugar, alcance e forma, contravén estes valores e a propia esencia do deporte.

A Lei 3/2012, do deporte de Galicia, e o Decreto 63/2018, que desenvolve a Comisión Galega de Control e Violencia, establecen mecanismos de análise, intervención e sanción ante calquera conduta violenta. Esta comisión pode actuar de oficio, segundo establece o artigo 22 do devandito decreto. En concreto, no seu apartado 1 indica: «Os procedementos sancionadores serán iniciados de oficio, por acordo da Comisión Galega de Control da Violencia, ben por propia iniciativa, como consecuencia de orde superior, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia. E no punto 2 di: «Poderá iniciarse un procedemento por iniciativa propia como consecuencia do coñecemento directo ou indirecto pola comisión de circunstancias, condutas ou feitos susceptibles de ser constitutivos de infracción».

Por outro lado, as denuncias recíbense a través das canles ordinarias: sede electrónica, procedementos e PR004, rexistro electrónico de calquera administración, remisión do expediente por parte dos corpos da seguridade etcétera, sen que se teña evidenciado ata o de agora dificultade ningunha ao respecto. Este acordo, este marco legal está activo e funcional e está en constante revisión. Tal é así que incluso foi activada ao día seguinte do acontecido no pavillón de Vilalonga para facer seguimento do mesmo.

A Xunta traballa tamén na prevención e na formación. Faino a través do programa Xogade, que ten como obxectivo non só a práctica deportiva dos escolares, senón a educación en va-



lores como o respecto ao xogo limpo, a convivencia e a participación. Xogade pechou a súa última tempada cunha cifra récord: preto de cento cincuenta mil nenos e nenas mutualizados, o que supón o sesenta por cento de todos os escolares galegos entre 6 e 16 anos. Estamos falando dunha ferramenta educativa de primeiro nivel, que chega á inmensa maioría da mocidade galega e que debe ser recoñecida e reforzada. Tamén está en marcha o proxecto específico coa Unión de Federacións Deportivas de Galicia, centrado en tres liñas: información, sensibilización e formación. Porque combater a violencia non é só castigar; é, sobre todo, educar e anticiparse. *(Aplausos.)*

Cómpre destacar tamén o Protocolo de protección de menores aprobado o 14 de maio do 2024. Un documento pioneiro que obriga clubs e federacións a nomear unha persoa delegada de protección, responsable de garantir a seguridade dos menores. No día de hoxe hai máis de catrocentos delegados rexistrados e este número seguirá medrando, pois é un requisito imprescindible para optar ás subvencións da Xunta de Galicia.

É dicir, Galicia non só legisla; Galicia actúa, Galicia educa, Galicia forma, Galicia é referente nesta materia. Na declaración institucional deste departamento dicíase, entre outras cousas: «as administracións e as entidades responsables da xestión do deporte reforzaremos as nosas atencións e os nosos mecanismos antiviolencia, mais a repulsa e condena ante esta lacra debe ser unánime». Proba de que a Xunta reforza os mecanismos ante a violencia no mundo do deporte queda demostrado como puidemos escoitar onte ao conselleiro Diego Calvo, que anunciou a modificación da Lei do deporte para permitir que o Goberno galego poida exercer a acción popular nos procedementos penais por violencia no deporte, de forma e condicións establecidas pola lexislación procesual. Un cambio lexislativo necesario, que permitirá actuar con máis forza e máis rapidez ante casos tan graves como os que vivimos recentemente.

Dende o Grupo Popular queremos deixar claro que Galicia conta cun marco normativo sólido e funcional para previr e combater este tipo de condutas. Isto non só o dicimos nós, tamén o din vostedes, señorías do PSdeG, na súa parte expositiva: «o Goberno galego ten todos os instrumentos para poder actuar e priorizar, dentro da política en materia deportiva, a loita contra a violencia no deporte». Entón estamos de acordo. Temos inicio xa dos protocolos, temos medidas sancionadoras e mellorámolas coa comprometida modificación de Lei do deporte, para poder intervir xudicialmente cando sexa preciso. A moción dos puntos, en todo caso, que se solicitan están superados, pois xa son reais e efectivos.

Por iso, dende o Grupo Popular presentamos unha emenda de substitución a esta proposición non de lei. Unha emenda construtiva, positiva e profundamente realista, na que instemos a Xunta de Galicia a que dea traslado dos mecanismos sancionadores e de todas as medidas de intervención de protección previstas nos protocolos existentes dirixidas á prevención da violencia no deporte a quen teñen a maior parte do contacto con todos os organizadores de actividades e eventos deportivos; isto é, aos concellos; en concreto, ás concellarías de deportes e aos clubs federados en Galicia, para garantir que todos os axentes implicados saiban que facer, como actuar e como previr. Esta emenda non resta; suma. Esta emenda non cuestiona o fondo da proposta do PSdeG; esta emenda fai que sexa útil, faina efectiva e faina aplicable. Quen sabe, igual lle chega este traslado de información, por exemplo, ao alcalde



de Pol, que no ano 2022 agrede un aficionado, e así poderá saber que non se pode agredir a ninguén, nin física nin verbalmente, por moi alcalde que se sexa; que todo está regulado e que se imponen sancións. (*Aplausos.*) Que, por certo, coa modificación da Lei do deporte, en casos como este, ou como no desgraciado acontecemento de Vilalonga, poderá a Xunta actuar dentro dos procesos xudiciais que se crean.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MARNOTES FERNÁNDEZ: Señorías, apelamos á capacidade de acordar cando o que está en xogo non é un debate político, senón a seguridade dos nosos rapaces e rapazas e de calquera que se encontre na contorna dunha actividade deportiva. Queremos un deporte galego libre de violencia, un deporte que siga sendo un instrumento de cohesión social, de saúde, de aprendizaxe e de futuro. Para iso temos ferramentas e mellóranse; para iso hai vontade, e seguiremola tendo. Temos a obriga de poñelas en común.

Para rematar, dende o Grupo Popular imos seguir traballando con responsabilidade, apoiando a Xunta no traballo que se fai en prol de evitar a violencia no deporte, con compromiso e coa man tendida. Porque Galicia non pode nin debe tolerar máis episodios de violencia nos recintos deportivos e porque, con unidade e firmeza, estamos convencidos de que imos gañar este partido aos violentos, por poucos ou moitos que sexan. Esperando que a emenda sexa aceptada e buscando, en todo caso, unanimidade, que non nos separe onde todos debemos estar unidos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bueno, aquí estase falando de violencia no deporte. Eu case, case, restrinxiría a cuestión á violencia no fútbol. Porque, non sei, tampouco son moi aficionado a seguir o deporte espectáculo, pero nunca souben de agresións entre aficionados de diferentes equipos de ciclismo, nunca souben que se pelexasen entre si os de Korchnoi cos partidarios de Karpov nun campionato mundial de xadrez, nunca souben que se pelexasen entre si equipos de ximnasia. Con isto non estou dicindo que o fútbol sexa potencialmente máis xerador de agresión que os outros deportes, pero algo debe haber. Algo debe haber, porque non sei se lembran os que teñen máis ou menos unha idade comparable á miña un programa de televisión dun antropólogo, que se chamaba Jáuregui, que se chamaba «*Las reglas del juego*». Posiblemente o lembren os que teñen no entorno da miña idade. Fixeron uns estudos, que ademais se fixeron nos programas de televisión, sobre o carácter tribal da afección ao fútbol e como era moitas veces fomentado, de feito máis ou menos deliberado, consciente ou inconsciente, polos clubs de fútbol. Estou falando dos anos sesenta, dos anos setenta; desde logo, nada que ver co que é hoxe. Pero ao mellor, potencialmente, alá no fondo segue habendo algo así.



Bueno, eu vouvos dicir xa unha cousa que seguramente non sabedes: cando eu tiña dezanove anos fun durante unha temporada árbitro de fútbol. Seguramente vos sorprende, pero é verdade, fun árbitro de fútbol durante unha temporada con dezanove anos e arbitraba ligas da máis baixa categoría, sen xuíces de liña, e podo dicirvos que efectivamente algo avanzamos. Porque as agresións, non soamente ao árbitro, senón entre entre aficionados... As intervencións da Guardia Civil estaban á orde do día. Daquela aínda se permitía entrar nos campos con paus e bastóns, que algúns ata levaban pintados coas cores do equipo.

Quero dicir que o problema fundamentalmente está no fútbol, e había que tamén ver un pouco se ás veces moitas publicacións dalgúns diarios deportivos non inducen tamén a algún comportamento visceral, ou que fomentan algún tipo de tal... Lembrarán que chegou a haber guerras entre países por un partido de fútbol. Non sei se recordan alá polos anos sesenta e largos, cerca dos setenta, unha guerra que creo que se chamou a «Guerra das cen horas» entre Salvador e Honduras. Houbo movementos de tanques por un partido de fútbol nalgún momento da historia.

Bueno, normalmente as agresións e as violencias, máis que entre os xogadores, teñen sempre lugar entre os afeccionados. Entón todos sabemos —e volvo a repetir que isto sucede fundamentalmente no fútbol— que moitas persoas ligan ou proxectan a súa personalidade na adscrición a un determinado equipo de fútbol, moi raramente noutros deportes. Digamos que forma parte mesmo da súa identidade ou da súa personalidade proxectar, iso que chaman os psicólogos unha proxección da personalidade nalgún obxecto, coma unha moto, coma unha guitarra ou ás veces como un equipo de fútbol. Iso, claro, fai que moitas veces unha persoa se sinta agredida na súa persoa cando a crítica vai ao mellor cara ao seu equipo ou cara a determinadas accións do fútbol. E, dende logo, o caso de persoas nas que familiares directos están xogando o partido e ao mellor entenden unha inxustiza do árbitro e exáltanse os ánimos e tal.

A verdade é que segue habendo bastante tolerancia social, e volvo repetir que a cousa variou moitísimo. Calquera que estivese relacionado co fútbol desde hai anos sabe que a cousa mellorou, aínda que loxicamente temos que seguir combatendo contra esas agresións e temos que seguir combatendo contra todo o que poida fomentar potencialmente as actitudes agresivas; ou eu ata diría de odio, por dicilo dalgunha maneira. Temos que loitar contra iso.

Pero bueno, tamén é certo que se avanzou bastante nos últimos anos, en xeral pola propia educación xeral da xente. A xente, por termo medio, ten máis cultura e máis educación hoxe que hai corenta anos, por motivos que non fai falta explicar. A importancia da educación. Aquí estase falando moito do aspecto coercitivo, de multas e tal —que tamén, non veñan mal—, pero o fundamental é unha educación. Antes facía alguén referencia á necesidade de involucrar todas as administracións, todas as concellarías, cada unha no seu. Bueno, pois na educación, na Consellería de Educación e na Consellería de Cultura, hai moito que dicir.

A promulgación de respecto dos valores desexables nas condutas en sociedade, se se potencian ben desde a base educativa, pois xa non deixa oco á proliferación doutros aspectos máis viscerais ou máis irracionais na persoa. O que se chama en termos xerais «educación», que, como dicía Kant, é o que fai persoas as persoas.



Con isto, loxicamente, estamos totalmente de acordo no fondo da cuestión que formulaba o Partido Socialista. As cuestións de forma pois, ao mellor, tal e como di o Popular, poderían matizarse, pero eu penso que na cuestión de fondo temos que estar todos de acordo.

O fútbol e os partidos de fútbol seguen sendo un reduto de certas condutas que ata estaban ben vistas. Eu recordo que ata estaba ben visto que o domingo de fútbol, que daquela soamente era o domingo o fútbol, era un pouco como a válvula de escape dunha sociedade reprimida e dunha sociedade que tiña que gardar as formas. Estamos falando doutras épocas, que todos vostedes recordan. Quedaba a vía de escape de que no partido de fútbol era onde un podía permitirse a xente adulta... Eu recordo un profesor meu de filosofía, que se chamaba Ramón Area, igual lles soa a vostedes, pai de Ramón Area, profesor universitario, que unha vez na clase fíxonos unha reflexión sobre isto. Como os domingos aquelas persoas que viamos tan estiradas e tan serias durante a semana se desmelenaban no partido, dicían obscenidades, dicían tacos e mesmo chegaban incluso ás agresións. Como podía ser que nun partido de fútbol a florase a parte máis irracional.

Eu non podo dicir por que sucede no fútbol e non sucede en tanta medida noutros deportes. É unha cuestión que tamén, ao mellor, habería que analizar e se hai algunha explicación científica, dende o punto antropolóxico ou dende o punto de vista psicolóxico e sociolóxico para iso, porque algunha razón ten que haber.

Nesa batalla temos que estar todos os grupos políticos e, xa digo, seguindo a boa liña comparativa ao que foron durante moitos anos esta clase de cousas. Antes fíxome graza, porque se falou da agresión dun alcalde e houbo risas. Houbo risas. ¿Vostedes recordan aquel libro de Freud, *El chiste y su relación con el inconsciente*? Houbo risas cando se falou antes da agresión ao alcalde, e esas risas non terían aparecido se se estivese falando doutra clase de agresións. ¿Por que segue habendo ese sentido do humor cando se fala de agresións no contexto dun partido de fútbol? É algo para analizar.

Nada máis. Imos apoiar a proposta do Partido Socialista. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saúdamos tamén, que se incorporaron, os alumnos de 1º de Bacharelato do Centro Terra de Xallas, de Santa Comba. Benvidos tamén ao Parlamento e moi acaída a visita neste momento, porque estamos falando dun tema moi importante e dá gusto ver a tribuna como está.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Suárez Fernández.

O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Benvidas e benvidos a todas as alumnas e alumnos de Santa Comba que non se acompañan aquí. Efectivamente, como dicía o señor presidente, unha cuestión tremendamente importante, que é a da violencia no deporte.

O señor Ojea falaba aquí de que probablemente no fútbol fose máis común que noutras disciplinas deportivas. Non sei se xa hai algún estudo feito a ese respecto; pode ser que o



haxa. Eu creo que simplemente é que o fútbol o practican máis persoas en liñas xerais. Entón, probablemente esa sexa a explicación. O caso que motiva esta iniciativa foi un caso en balonmán. Entón, creo que por desgraza é unha cuestión bastante máis ampla que simplemente no fútbol. É unha cousa que afecta a todo o deporte e que, por suposto, temos que erradicar, e nisto si que temos que ir todos xuntos.

Eu non vou reproducir aquí algunhas das frases que eu persoalmente teño escoitado, como persoa que está involucrada no deporte, en diferentes partidos de diferentes disciplinas, en diferentes idades, por respecto a esta Cámara e por respecto ás deputadas e deputados que a conformamos. Pero son verdadeiras loucuras, verdadeiras animaladas que se escoitan en todas as categorías e moitas veces en moitas disciplinas. As persoas que levamos involucradas certo tempo, é certo que se teñen mellorado desde hai anos, pero eu creo que en certas cuestións imos incluso cara atrás. Xa digo, diferentes categorías pero cunha cousa en común: son casos que evidencian que, efectivamente, queda moitísimo, moitísimo por facer para erradicar a violencia no deporte; desde os niveis máis baixos aos máis altos. Algunhas destas frases, destas auténticas loucuras que eu teño escoitado, danse en partidos de infantís e cadetes e moitas veces por parte incluso dos pais que van a estes partidos. Estamos falando de rapaces e rapazas de once a quince anos. Casos de insultos, machismo e mesmo agresións en categorías inferiores, que son directamente inaceptables e que teñen que ter toda a nosa repulsa.

Pero non só en casos de rapaces e rapazas, senón tamén nos máis altos niveis do deporte se ven este tipo de condutas. Frases como a do exadestrador do Sporting de Xixón, que en rolda de prensa dicía: «O gol é como as mozas na discoteca, canto máis te achegas, elas máis se afastan». Situacións como a vivida hai uns meses cos ultras do Málaga na cidade da Coruña, onde entraron, escoltados pola Policía Nacional, desde o hotel ata o estadio de Riazor, mentres ían destrozando o mobiliario urbano e despois de acabar o partido proferindo diferentes tipos de insultos, saídos nazis e demais. Todo isto, xa digo, escoltados pola Policía Nacional. Grupos ultras como os do Frente Atlético, que aínda hoxe entran nos estadios de fútbol encapuchados, cando son imposibles de recoñecer, e cos cales negocia, por exemplo, hai uns meses o propio adestrador do atlético de Madrid, negociando con eles coma se fosen persoas perfectamente respectables, con visións perfectamente respectables, cando son fascistas con todas as letras. Ou o lamentable caso o ano pasado no encontro do Racing Vilalbés B e o San Ciprián, cunha agresión física brutal entre xogadores, que tamén merece toda a repulsa, aínda máis cando había rapaces e rapazas na grada vendo o partido.

En fin, situacións estas illadas, pero non illadas. É dicir, queda moito por facer. E situacións que, no peor dos casos, poden acabar en mortes, como o terrible caso do falecemento de Andrés Rico, que xa se mencionou aquí. Tras dous meses hospitalizado polas graves lesións que sufriu ao defender o seu neto, árbitro de balonmán base, nun partido ocorrido en Sanxenxo o pasado 15 de decembro. Naquel encontro entre o balonmán Sanxenxo e o balonmán Rasoeiro da categoría cadete feminino; estamos falando de rapazas de catorce e quince anos. Rico saíu en defensa do seu neto, o árbitro, un rapaz de dezaseis anos que foi insultado en reiteradas ocasións desde a bancada. Un afeccionado empurrouno e o duro golpe sufrido na cabeza tras a caída, que o mantiña no hospital, acabou finalmente coa súa vida. O agresor está a ser investigado por un delito de homicidio imprudente.



Pablo Permuy, exárbitro internacional de balonmán, e que fora presidente do Comité de Árbitros estatal, alertaba sobre esta situación e dicía: «É un exemplo terrible para as familias e para as cativas que ese día estaban a desfrutar do seu deporte. É moi difícil poñerse na situación dese árbitro, un rapaz que viviu de primeira man toda esta situación e posteriormente a consecuencia que tivo para el e toda a súa familia». A longo experiencia de Permuy arbitrando faille saber que a violencia verbal, por desgraza, está instaurada e está completamente normalizada nos terreos de xogo. El nunca sufriu agresións físicas, pero matiza: «Non podó dicir o mesmo da miña compañeira de arbitraje. As mulleres sofren unha violencia verbal moito máis acusada, e quizais tamén máis agresións físicas».

Por tanto, señorías, erradicar a violencia no deporte é cousa de todas e de todos, claro que si, pero dalgúns máis que doutros. Non é o mesmo quen goberna que quen fai oposición. Non ten o mesmo poder quen ten o *DOG* que quen non o ten. Os clubs, efectivamente, tamén son parte da solución, pero xa lles digo que os clubs fan xa demasiado; moito máis do que teñen que facer e moito máis do que moitas veces poden. O Partido Popular sostén o Goberno da Xunta de Galiza e a Xunta de Galiza ten un documento moi bo que se chama o *Diario Oficial de Galiza*, o *DOG*. Este non ten por que ser simplemente un documento para legislar e para tomar as decisións diarias deste país, senón tamén para intentar erradicar a violencia no deporte, neste caso.

Ademais de todo isto, a Xunta de Galiza tamén debe intentar levar en serio a promoción do deporte base, que ten que ir en moitas direccións. No BNG estamos sempre pola defensa do deporte base. Se van seguir a desbotar propostas construtivas do BNG —varias veces xa nesta lexislatura—, pois polo menos fágano vostedes.

Galiza adoce de ser un dos territorios do Estado con máis persoas con sobrepeso e obesidade, destacando neste ámbito a circunscrición de Lugo; destacando negativamente, claro. Debería, por tanto, ser un eixo primordial de acción legislativa da Xunta a promoción do deporte base e da actividade física, algo que actualmente nós consideramos que non é tan así.

No que vai de lexislatura, o Partido Popular xa votou en contra de propostas construtivas do Bloque Nacionalista Galego, como a regulación da prestación de servizos deportivos. Actualmente só Galiza e Baleares son os dous territorios do Estado español que aínda non teñen unha regulación a este respecto, que aínda non teñen as competencias. E a Comunidade de Baleares xa está traballando nunha regulación neste sentido, polo que Galiza quedarase soa como único territorio do Estado sen as competencias na regulación dos servizos deportivos. Ou tamén votaron en contra da creación do rexistro de axentes prestadores de servizos deportivos, medidas estas amplamente demandadas polo sector dos profesionais da actividade física.

Onte o señor conselleiro, o señor Calvo, dixo que estaban abertos a modificar a Lei do deporte de Galiza. Congratulámonos, por suposto, porque é algo que leva o BNG demandando dende hai moito tempo, sen dúbida. Que sirva, por suposto, para intentar poñer fin á violencia no deporte, claro que si, pero que sirva tamén para facer unha promoción a serio do deporte feminino. A actual Lei do deporte 3/2012 de Galiza fai unha soa mención ao deporte feminino en todo o texto legal. Está claramente desactualizada e espero, por suposto, que o señor



Calvo e a consellería que el dirixe estean abertos a consensuar cos diferentes grupos parlamentarios os diferentes cambios na lei; que non pasen simplemente o rodillo e que escoiten as propostas construtivas que ten o BNG e das persoas que participamos no mundo do deporte, que tamén, ao mellor, sabemos algo sobre o tema.

Esta iniciativa —remato xa— contará, obviamente, co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego. Por un deporte para todas e para todos, en chave galega, accesible, aberto e que sirva para mellorar a saúde da nosa xente; en definitiva, un deporte para todos e para todas e sen violencia.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Comezo polo señor Ojea. Eu non comparto para nada as súas verbas e non vou criminalizar para nada a práctica deportiva do fútbol, nin de lonxe, ademais. ¿Que pasa? Que o fútbol é o deporte rei, é o que practica a meirande parte da poboación, pois é normal que se dean máis supostos neste eido deportivo. Pero ningún deporte está exento da violencia. (*Aplausos.*) E non vou reproducir —porque xa o fixo o voceiro do BNG— as verbas do meu compañeiro o concelleiro de Lugo, de Pablo Permuy, que xa fixo referencia a como durante ao longo da súa vida vivira xa non só a violencia, senón tamén no machismo arbitrando partidos de balonmán. (*Aplausos.*) Polo tanto, ningún deporte está exento da violencia. O fútbol é un deporte que monopoliza máis o resto e, polo tanto, pode ser máis visible, pero creo que isto atinxe a todos os deportes.

E, señor Marnotes, eu penso que vostede sacaba peito da xestión da Xunta e ao final todos estes exemplos citados —e moitos máis que poderíamos nomear— demostran que o que se fixo ata o de agora non foi moi eficaz e que hai que seguir traballando, porque, se non, non pasaría isto. Polo tanto, pídolles que deixen o conformismo, como xa lle dixen onte ao concelleiro de Deportes.

O programa Xogade, que é un programa que está moi ben —eu sempre llo digo ao concelleiro de Deportes e ademais coñezoo ben, porque as miñas fillas levan moitos anos participando—, pois tampouco é a panacea. Está moi ben, impulsa e fomenta o deporte, pero é necesario aínda —con este índice de sedentarismo que temos no noso país, que iso si que o din informes oficiais— seguir impulsando a práctica deportiva na nosa sociedade no seu conxunto; e tamén seguir impulsando medidas que eviten que se repitan situacións violentas no eido deportivo. A violencia no deporte é unha cuestión que debe ser atallada dende o Goberno galego de forma prioritaria con medidas contundentes, porque cada vez resulta menos allea á sociedade. E para nós, os socialistas, é un motivo de enorme preocupación, porque entendemos o deporte —como dicía antes— como un gran valor educativo para os máis novos e a violencia que se exerce no terreo de xogo é totalmente negativa para o seu desenvolvemento.



Miren, eu non teño ningún estudo rigoroso sobre isto, pero esa experiencia nos partidos en moitos campos de fútbol coa miña filla ou en moitos pavillóns —porque eu asiduamente vou ver diferentes deportes as fins de semana— podo determinar ata diferentes categorías de pais e nais: os excesivamente críticos cos seus propios fillos, ademais, os vociferante es que se sitúan demasiado cerca do terreo de xogo, os adestradores da banda que dan directrices de como teñen que actuar os seus fillos e fillas, incluso sobreprotectores que continuamente queren que os seus fillos deixen os seus medos e non sigan intentando participar e facer deporte. E, como se pode observar, durante todas as fins de semana moitos pais e nais expresan as súas frustracións persoais e isto ten que ver pouco cos intereses dos nenos e nenas.

Nós dende o Partido Socialista —insisto— aprobamos que sexa esta iniciativa respaldada polo Bloque Nacionalista; en relación ao Partido Popular, imos aceptar esa emenda, pero como engádega á nosa parte propositiva, porque creo que pode enriquecer a mesma e pode ser un complemento. E, polo tanto, eu agradezo a unanimidade de todo o Parlamento contra a violencia no deporte, porque temos que seguir traballando para que os nosos nenos e nenas e os nosos mozos e mozas poidan gozar do deporte nun ambiente seguro e saudable onde a competición nunca xustifique a violencia.

Nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas por aguantar aí todo o debate aos mozos e ás mozas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Gómez Besteiro e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se acolla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Como dixen xa no anterior pleno na comparecencia do conselleiro de Economía e Facenda, o señor Corgos, a posición do señor Rueda coa quitación da débeda pública resúmese no refrán «Nin arre, nin xo», «nin frío, nin quente», «depende». Hoxe veremos a posición das bancadas das señorías do Partido Popular galego.

A quitación da débeda ofrecida polo Goberno de España para todas as comunidades autónomas en réxime común supón para Galicia unha condonación de 4.000 millóns de euros. Curiosamente entre as comunidades autónomas máis beneficiadas figuran non Cataluña, senón comunidades autónomas gobernadas polo PP; e non é, por tanto —os feitos son así— un modelo feito para Cataluña. Galicia, de feito, está por riba da media da condonación das comunidades autónomas; polo tanto, é das máis beneficiadas polo cómputo do Estado. Negarse a aceptar a quitación da débeda porque outros tamén están beneficiados é como non aceptar



unha quitación da hipoteca porque ao veciño tamén lle ofrecen esa mesma oferta. É unha negativa, ademais, insolidaria e non pensando en termos de país. Máis ben —pensamos nós— realmente o PPdeG e o señor Rueda o que están pensando é en ser mandadiños do señor Feijóo. Que pensamos as socialistas de Galicia que pensan nel logo dun tempo volven pensar nel; iso si, non foi presidente porque non quixo. A ver como concilia o señor Feijóo os intereses contrapostos das comunidades autónomas gobernadas co PP. Veremos que pasa ao tempo.

E as socialistas de Galicia estamos case seguras de que o señor Rueda acabará por aceptar esa quitación de débeda de 4.000 millóns de euros cando se lle poña enriba da mesa; por unha razón simple e que eu entendo de sentido común que todos os galegos e as galegas o entenden: porque é boa para Galicia, porque beneficia o noso país. Si, e radicalmente si. Menos débeda pública son menos xuros que terá que pagar o Goberno galego, menos débeda pública implica menor risco financeiro no endebedamento de Galicia e menos débeda pública implica máis capacidade de gasto no futuro dos orzamentos para fortalecer ese estado de benestar. Tres razóns sinxelas de entender para que acepten si ou si esa condonación.

Por iso, hoxe toca tamén facer memoria e saber de onde vimos cadaquén, de onde vén cada partido político, e lembrar cales foron as posicións do PP ao longo do tempo, que evidencian bandazos, o absurdo e a confrontación por sistema cando non están no Goberno. E alá polo 2010, cando se aprobou o actual sistema de financiamento autonómico, o PP dicía: «o novo modelo de financiamento responde ás necesidades persoais do presidente Zapatero e á súa debilidade parlamentaria e a necesidade de contestar aos seus socios de Cataluña». ¿Sóalles isto, señorías do PPdeG? Se tan perverso era ese sistema, eu preguntome: ¿que fixo M. Rajoy cando gobernou? (*Aplausos.*) Dígollelo eu: ¡nada de nada! (*Aplausos.*) E tivo tempo desde decembro do 2011 ata xuño do 2018. Pero a verdade era outra: o PP naquel intre —e igualiño que agora— a única vontade era destruír e confrontar calquera iniciativa, aínda que sexa boa para os galegos e as galegas —como o caso da quitación de 4.000 millóns de euros—, porque viña doutro partido que non era o deles. Evidentemente, boicotear por razóns partidistas, agora liderado ese PP en Madrid por un galego en Madrid, que non foi presidente —como dicía— porque non quixo, que está perdido —cremos nós— e desnortado e que carece de liderado e carece dun proxecto alternativo para España. Iso si, mentres abrázase a esa extrema dereita negacionista, racista e que nega o cambio climático. Oposición sen ideas, sen dirección e oposición sen escrúpulos. E a historia repítese agora, mesmo *modus operandi*: destrución, sen unha soa aportación, ao sistema de financiamento autonómico, sen unha posición común, que pensan da quitación da débeda pública. E o peor, o seguidismo do señor Rueda, que prexudica aos galegos e ás galegas.

Pero imos poñer enriba da mesa cinco razóns. Cinco razóns sinxelas de entender e de sentido común, e cifras tamén, que podemos entender para xustificar e convencer a bancada do Partido Popular para votar a favor da nosa iniciativa. A primeira: Galicia triplicou a débeda pública desde que o PP está no Goberno. Datos: no 2009 tiñamos 4.900 millóns de euros de débeda; agora máis de 12.000 millóns de euros. Ese mantra de bos xestores —máis ben de recortes—, evidentemente desmorónase como un castelo de naipes; e Feijóo tamén sacou esa careta, realmente. Segunda razón: Galicia paga agora máis de 1.700 millóns de euros de xuros por esa débeda. É a terceira —poderíamos dicir— consellería en gasto despois de sa-



nidade e educación; máis do dez por cento do orzamento total da Xunta anualmente. Terceira razón: a quitación proposta representa un 33 por cento da débeda total de Galicia. Un de cada tres euros asumiríao o Estado e xa non sería a débeda galega. Cuarta razón: é verdade que eses 4.000 millóns de euros xa non serían débeda autonómica e, como digo permitirían maior capacidade de gasto futuro nos orzamentos para fortalecer o noso estado de benestar. Ese estado de benestar fortemente golpeado polos dezaseis anos de Goberno do PP, nos que existen privatizacións dolorosas na nosa sanidade, educación e dependencia.

Ademais, o plan de condonación que ofrece o Estado para todas as comunidades autónomas —todas as comunidades autónomas en réxime común— supera todas as previsións inicialmente que eu penso que tiña o señor Rueda e tamén o señor Corgos. ¿Por que? Porque a aplica un criterio de poboación axustada, é dicir, que se consideran as dificultades para custear os nosos servizos públicos, esa dispersión xeográfica e ese envellecemento. Por iso Galicia, que ten un 5,5 por cento da poboación do territorio nacional, é beneficiada, porque se ten en conta un 6,7 por cento desa poboación axustada. Por tanto, a poboación de Galicia págase máis cara e beneficia máis o noso país.

Por outra banda, se falamos do sistema de financiamento autonómico, hai que falar do ilusionismo fiscal irresponsable que practica o Goberno galego. Onte mesmo saía a noticia de que somos a comunidade autónoma que menos recadamos en tributos propios. ¿Iso que é? ¿O autogoberno do que tanto lles gusta falar? Confrontación, como a Lei do litoral. *(Aplausos.)* Mentres, os patrimonios altos benefíciense das exencións fiscais, imposto de doazóns, imposto de patrimonio... En cómputo anual, é preto de setecentos millóns de euros aos que se renuncia por parte do Goberno galego. Un modelo fiscal que favorece uns poucos e prexudica a maioría social.

En definitiva, Galicia ten enriba da mesa unha proposta enormemente ambiciosa de condonación da débeda pública de 4.000 millóns de euros, que supón o primeiro gran paso para logo avanzar, negociar, acordar no sistema de financiamento autonómica e poñer enriba as singularidades galegas. Aí tamén van atopar o Partido Socialista, con esa altura institucional.

Señorías do PP, saben ben que negarse a aceptar esta condonación da débeda responde en exclusiva a unha cuestión partidista, desa oposición de lameira que practica o señor Feijóo no Estado. Queiran máis a Galicia e, se non ratifican, serán non o primeiro, señor Pazos, senón un erro colosal do Goberno de Rueda, que está coroándose ben este primeiro mandato no que está a gobernar de costas aos galegos e ás galegas. Pero, como teñen corenta deputados, toda soberbia é pouca. Iso non é política en maiúsculas. Pensen por e para os galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea. *(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Servir os intereses de Xénova ou servir por fin os intereses de Galiza, ¿que vai facer o Goberno da Xunta? Esa é a pregunta, esa é a disxuntiva que hai no debate da débeda. Se por fin ao Goberno galego vai ser, por un día na súa existencia, digno de tal nome ou se vai seguir obedecendo máis os intereses partidistas que ten en Madrid a nivel de Estado de aquilo que beneficiaría a Galiza.

Porque a realidade é esa: hai aberta unha negociación sen precedentes na historia do Estado español sobre a quitación da débeda a todas as comunidades implicadas. Unha débeda que en Galiza, ademais, o Partido Popular triplicou e parece coma se o conto non fose co Partido Popular directamente. E insisto, temos unha débeda no noso país que o Partido Popular triplicou desde que chegou ao Goberno galego e que chega hoxe —co último dato do Banco de España— a 12.154 millóns de euros —repito, 12.154 millóns de euros—. Unha débeda tamén sen precedentes na historia da democracia galega e, o peor, unha débeda que hai que preguntarse para que serviu. ¿Para que serviu? Porque ás veces cando falamos da débeda pública galega parece que estamos a falar dunha abstracción, pero realmente falamos, no fondo, dos dereitos dos galegos e galegas, das cuestións de comer, de como teñen os galegos e galegas todas aquelas cuestións que dependen da Xunta e que son tan importantes, como o ensino, como a política social ou como a sanidade.

Eu quería poñer un exemplo precisamente do ámbito da sanidade: ¿como é posible que ao mesmo tempo que triplicase o Partido Popular a débeda galega e que hoxe supoña máis de 12.000 millóns de euros teñamos a sanidade nunha situación absolutamente crítica no noso país? ¿Como é posible? Pois só é posible cunha pésima xestión e cun modelo absolutamente neoliberal. Porque a realidade é esa; poden bufar, poden torcer a cara, pero a realidade é esa: a sanidade galega está nunha situación límite. E vostedes son parte do problema. Deixaron de investir case 2.000 millóns de euros en atención primaria durante os seus gobernos. (*Murmurios.*) Teñen tamén a atención hospitalaria nunha situación absolutamente límite —¡absolutamente límite!—. É que ¿como poden negar neste Parlamento? ¿Como poden negar coa cabeza? É que son os seus datos: (*Aplausos.*) máis de 196.000 persoas agardando por unha primeira consulta hospitalaria, máis de 48.000 persoas agardando unha cirurxía. Son as súas listas de agarda; por certo, manipuladas, porque non é toda a verdade. (*Murmurios.*)

Non teñen unha soa comarca ou colectivo profesional que non teña problemas e que non estea protestando, señorías do Partido Popular: da Mariña ao Morrazo, de Ribeira a Ourense; das enfermeiras ás médicas, pasando polas terapeutas ocupacionais. (*Aplausos.*) Deixen de negar a realidade. Abran un xornal ou abran o excel dos orzamentos se dubidan dalgún dos datos que estou dando ou abran a páxina da Consellería de Sanidade ou do Instituto Galego de Estatística. É que é a realidade. Non falten á verdade. E, por moito que lles moleste, por moito que rosmen neste Parlamento e alborotan e por moito que criminalicen a xente, esta situación límite é o que motiva que o próximo domingo 6 de abril tamén a sociedade galega se vaia mobilizar en defensa dunha sanidade pública; por moito que criminalicen e menosprecen. (*Aplausos.*)

Esa é a realidade, é a realidade á que nós levaron mentres triplicaban a débeda. (*Aplausos.*) ¿Que pasa? O dato da débeda tampouco está ben, ¿non? ¿Tamén mente o Banco de España



dicindo que teñen 12.000 millóns de euros en débeda? (*Murmurios.*) Señorías do Partido Popular, 12.000 millóns de euros en débeda, mentres deixaron de investir case 2.000 millóns de euros —e son datos dos orzamentos galegos en atención primaria—. Esa é a realidade á que nos levou ao Partido Popular. E agora quedou claro que, se nalgún momento funcionou ese mito dos bos xestores, é evidente que xa caeu; non son bos xestores, e a sanidade e a débeda son unha clara demostración.

E, de telón de fondo neste gran problema económico que é a débeda galega —que, por certo, 12.000 millóns de euros é máis do que suma a Consellería de Sanidade, de Ensino e de Política Social; a ver se iso tamén o negan—, temos un sistema de financiamento absolutamente lesivo, absolutamente centralista e inxusto. Por certo, que asinou o Partido Popular e que realmente tamén é unha parte importante deste problema que debatemos hoxe, porque é o sistema de financiamento quen fai que a Xunta non teña a chave dos nosos cartos, que a teña o Estado, que o Estado recade e decida canto volve ás comunidades autónomas. E iso é perverso, porque non é o Estado quen ten que financiar servizos tan custosos de prestar como a sanidade, o ensino ou a política social. Porén, acapara a maior capacidade de gasto. Iso fixo durante as crises económicas e iso ten consecuencias: ese centralismo e esas políticas, tamén a nivel do Estado, do Partido Popular que privilexiaron pagar a banca, pagar a débeda por riba de atender a xente. ¿Onde estaba a preocupación social do Partido Popular pola solidariedade cando se pagaba un rescate bancario que supera hoxe os 100.000 millóns de euros? Estaba —xa llelo digo eu— pulsando no botón verde do Congreso, pulsando o botón de si a todo, de si a reformar nunha noite a Constitución española para poder privilexiar o pago da débeda por riba dos dereitos sociais.

Deses polvos, estes lodos. Temos unha débeda máis grande que as tres grandes áreas sociais que ten o Goberno galego no seu gasto. Este Parlamento xa se pronunciou sobre esta cuestión cando o Partido Popular estaba preocupado porque se rompía España, porque *Cataluña nos roba* e porque se ía aplicar unha quitación ás comunidades que se adheriran ao FLA e Galiza non se adherira. Este Parlamento pronunciouse a favor de que, se había unha quitación, que houbese unha quitación análoga para as comunidades que non se adherisen ao FLA. *Y lo que pasó después te sorprenderá*: pois outra vez o Partido Popular faltando á palabra, faltando aos acordos deste Parlamento. Hai unha negociación sen precedentes aberta no Estado, xa fixemos os demais o traballo que non facía o Goberno da Xunta, nun contexto de fragmentación política no Estado, as forzas soberanistas e, singularmente o BNG, conseguiu unha quitación para Galiza. E o Partido Popular, no lugar de facer agora o fácil, que é ir a Madrid e negociar, o que fai é cruzarse de brazos, non ir sequera ás reunións e facer unha *performance* absolutamente lamentable.

Polo tanto, nós hoxe imos respaldar esta iniciativa. Ímoslle pedir unha vez máis á Xunta de Galiza que deixen de ser uns irresponsables e que deixen de facer o ridículo, por favor. Xa o Estado está a negociar bilateralmente coas comunidades, tamén coas do Partido Popular. Algunhas xa dixeron que irían á negociación e que abrirían a oportunidade que se está abrindo para negociar. Entón, vostedes poden seguir cobrando por non facer nada desde San Caetano ou poden coller e ir negociar en nome deste país.

¿Que lles parece a vostedes pouco pasar de cero euros a 4.000 millóns de euros? Ben, pois se lles parece pouco e queren negociar máis, avisen. O BNG vai estar coa Xunta negociando



máis. Pero paren de facer o ridículo e vaian negociar a quitación, porque cada euro que se aforre en xuros son euros que se poden reinvestir (*Aplausos.*) na sanidade pública e en gasto social. E ter unha débeda que supón en cada orzamento anual a terceira gran partida de gasto, antes que a política social, ter unha débeda —insisto— que supón máis do que se gasta en sanidade, en política social e en ensino pois evidentemente é un problema económico sen precedentes. Non fai falta ser premio Nobel de Economía para sabelo. O que fai falta é poñer Galiza por diante dos intereses do Partido Popular.

Polo tanto, nós imos —insisto— apoiar esta iniciativa e seguir insistindo en que Galiza non pode pagar o sectarismo do Partido Popular de Galiza e o seu servilismo á estratexia estatal. Galiza ten que aproveitar esta oportunidade e cada euro que se aforre no pagamento dos xuros da débeda será un euro que se pode reinvestir en gastos tan necesarios, investimentos que tanto necesita a sociedade galega como a propia sanidade pública. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non sei que lles pasa aos voceiros hoxe do Partido Popular. Eu, cando queiran, pois debatemos da débeda e opinen vostedes nesta tribuna...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...desde as distintas áreas de goberno que teñen repartidas. Pero mentres van ter que escoitar a realidade: que é que Galiza ten unha oportunidade sen precedentes, que a están desaproveitando e que este país, esta organización e o BNG non vai parar ata que aproveiten esa oportunidade e que se vexan restituídos algúns dos dereitos que tan pronto se estiveron a quitar durante as crises económicas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas.

Ben, grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Mire, señora Iglesias, eu non quero dicirlle que estea faltando á verdade, pero a realidade é que na proposta de acordo que vostedes presentan hoxe parten xa de dúas mentiras.

Primeira mentira. Falan dunha quitación da débeda, cando a realidade é que non hai ningunha quitación. Non se quita nada, senón que o que se fai é transferila, cambiala de mans e facer que os galegos teñamos que pagar parte da débeda xerada noutros territorios máis incumpridores na xestión dos recursos públicos, especialmente Cataluña. (*Aplausos.*) Non se quita nada, a débeda non se esfuma, non desaparece un só euro; tan só cambia a Admi-



nistración que a asume e segue de carga no peto dos mesmos contribuíntes, no peto dos galegos e das galegas. (*Murmurios.*)

Segunda mentira. Falan de reinvestir eses 4.000 millóns de euros que se condonarían. Mire, explicoullo o presidente, explicoullo o conselleiro Corgos, explicoullo o meu portavoz. Repítolle o exemplo: se eu pido 100.000 euros de hipoteca para comprar un piso, ¿cando remate de pagar a hipoteca o banco ingresa outros 100.000 euros? Teño o piso máis 100.000 euros. Pois iso é que vostedes están dicindo: que con esta proposta de acordo Galicia disporía —ben, hoxe a señora Presas cambiou de criterio— de 4.000 euros máis de recursos e iso é mentira. Esta operación non xera capacidade adicional de gasto para as comunidades autónomas, xa que a débeda e o gasto global non se poden incrementar. Son regras fiscais. Debería de coñecelas, señora Iglesias. Galicia non vai recibir nin un só euro desa débeda. Polo tanto, é imposible investir en vivenda, en sanidade, en educación ou en dependencia algo que non existe. (*Murmurios.*)

É máis, non fai falla ser experto en matemáticas para saber que se un galego con este acordo pasa a deber 220 euros máis que antes do acordo, estamos ante unha ruína de negocio para nós. ¿E de onde sae ese dato? Pois é moi sinxelo, porque o Goberno central con esta proposta que nos fai asumiría 1.477 euros de cada galego da nosa débeda, pero a cada galego tocaríalle asumir 1.696 euros da débeda xeral de todas as comunidades autónomas. Porque —repito— a débeda asúmea o Estado e pagarán todos os españois, os galegos tamén. (*A señora Sanz Arias amosa un gráfico.*) E, como digo, non fai falta ser experto para comprender que 1.696 euros de débeda futura é unha cantidade superior aos 1.477 euros da débeda actual. Así que non conten con nós para colocarlles aos galegos unha quitación trampa. Non imos axudar a ir de aquí a aquí. (*A señora Sanz Arias sinala dúas cantidades monetarias nun gráfico.*) (*Aplausos.*)

Pero, ademais, é que vostedes falan con tan pouco rigor... Vémolo tamén con Altri. Aseguran que os 250 millóns de euros que a empresa solicita con cargo aos PERTE poden reasignarse a outros proxectos no ámbito dos produtos primarios na comarca da Ulloa. Lembremos a señora Pontón hai uns meses cunha cesta de produtos da comarca da Ulloa: leite, queixo, cosmética —creo recordar— ... Ben, produtos de proximidade. Pero realmente está facendo demagogia, porque saben que ese argumento é unha tomadura de pelo e, aínda así, mantéñeno. Esa cantidade non é posible reasignala a proxectos ou produtos dese tipo porque son PERTE destinados a proxectos industriais, proxectos finalistas. Así que deixen de enganar a cidadanía. (*Aplausos.*)

E, continuando coa súa iniciativa, esta vez na parte expositiva, e tamén na exposición da señora Iglesias, atopámonos unha terceira mentira —e xa van tres— cando vostedes falan de que o importe da débeda está calculado con base na poboación axustada de Galicia. E iso é falso. É certo que o método de cálculo é complexo. ¿Por que? Pois porque se fixo *ad hoc*. Empezouse polo final, pola cantidade que se lle quería condonar a Cataluña. E, a partir de aí, fíxose un galimatías cara atrás de fases e de criterios complexo para que dese o resultado que se desexaba.

Sobre esta materia hai un interesante artigo do periódico *Expansión*, titulado «Condonación», coas cifras marcadas, que explica que os criterios empregados pola ministra Montero non obedecen a ningunha lóxica fiscal ou económica razoable, a ningunha. Artigo no que tamén



se di, por certo —e non o dicimos nós, dío un artigo en *Expansión*— que o método de cálculo constitúe un enorme agravio para determinadas comunidades, especialmente para Galicia. Pero ¿a vostedes que máis lles da? Con tal de defender a Sánchez, todo vale. Pero o que non comprendo é o que xustifica a postura do BNG na defensa dun trato tan prexudicial para Galicia.

Ben, retomo a terceira mentira. Vostedes din que recibimos fondos equivalentes ao 6,7 por cento da débeda, cando a realidade, que xa lle explicou o conselleiro Corgos no pasado pleno, é que a cantidade que se nos asigna é un 4,8 por cento do total da nosa débeda. Non se nos asignan recursos nin por poboación axustada, que sería de 6,7, nin tan sequera por poboación, que sería un 5,5 por cento. Asígnansenos recursos dun 4,8 por cento, que a saber de onde sae, que é unha porcentaxe inferior a calquera criterio que collamos.

En consecuencia, aplicar o acordo entre os republicanos de Cataluña e a ministra Montero maltrata, unha vez máis, a nosa comunidade, propoñendo que o Estado asuma —tomen nota— por cada galego unha débeda de 333 euros inferior á media que asume por cada cidadán do resto de España. E vostedes din que é un bo trato para Galicia. Trescentos trinta e tres euros menos para cada galego é un bo trato para Galicia. Moi ben. Así que os que defenden esta discriminación terán que explicar por que o fan.

Eu só lles pido que, aínda que sexa por unha vez, o PSdeG dea un puñetazo na mesa e teña a valentía de pedir a Sánchez que non maltrate esta comunidade. E o BNG, que tanto presume de defender Galicia, que a señora Presas estou segura de que sabe facer os cálculos con honestidade, nos explique como pode ser beneficioso que con esta quitación un galego acabe pagando máis e non menos.

Pero fagamos un pouco de memoria, porque este mesmo argumento que agora defendemos os populares defendíao a ministra Montero cando era conselleira de Facenda en Andalucía. Había un vídeo que se viralizou que dicía que unha condonación nestes termos era o peor que lle podía pasar a Andalucía.

Pero é que non fai falla irse tan lonxe no tempo, porque a propia conselleira, cando logo foi ministra, negaba toda posibilidade de condonación da débeda a Cataluña, dicindo que as comunidades autónomas do PP —e cito literal— «*se inventan cuestiones, todos los días a la gresca* —unha expresión moi dela— *con falsas noticias*». A condonación eran inventos e falsas noticias segundo a ministra. Entón, señorías socialistas, explíquenllos a que Montero temos que crer: a de antes ou a de agora.

Ben, señora Iglesias, se de verdade lle preocupa o financiamento de Galicia, pídalle, por favor, a Sánchez tres cousas. Primeiro, que cumpra coa súa obriga constitucional, incumprida durante dous anos seguidos, de levar ao Congreso dos Deputados o seu proxecto de orzamentos. Parece que a vostedes lles parece unha perda de tempo, segundo dixo onte a súa portavoz. Pero non é unha perda de tempo; é unha obriga constitucional. Segundo, pídalle que actualice as entregas á conta, porque Sánchez ten retidos case 1.600 millóns de euros que lles pertencen aos galegos e está producindo un notable quebranto na facenda autonómica, pero tamén noutras facendas territoriais, como nos concellos. E, terceiro, que



reúna con urxencia as comunidades autónomas —e non só para falar de débeda— para acadar un acordo sobre o financiamento que asigne os recursos dunha maneira suficiente e equilibrada entre todas as administracións. Galicia precisa dun novo sistema de financiamento que atenda os custos de prestación de servizos nesta comunidade, que son obxectivamente máis caros pola dispersión e polo envellecemento da poboación. Señorías socialistas, deixen de defender os independentistas cataláns e aborden a tan necesaria reforma do sistema de financiamento autonómico.

E, por certo, pese ao difícil que nolo poñen e ao catastrofismo que vostedes sempre amosan nas súas intervencións, non esquezan que Galicia é unha comunidade de referencia no cumprimento das regras fiscais, no control do seu endebedamento, no período de pago a provedores e é unha comunidade capaz de multiplicar e consolidar a calidade dos seus servizos públicos. E todo isto sendo a comunidade de réxime xeral que menos incrementou o seu endebedamento desde o ano 2008.

E, como comunidade solvente, queremos seguir destinando recursos aos servizos públicos sen deixar hipotecado, como vostedes pretenden, o futuro das vindeiras xeracións de galegas e galegos. Así que, señora Iglesias e señora Presas, menos trampas e máis cartos. Teñan a valentía de recoñecer que esta quitación é unha trampa para Galicia e teñan a valentía de poñer a Galicia primeiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente, de novo.

Señorías do PP, señora Sanz, excusas e máis excusas de mal pagador que ninguén entende. Perderon o debate na rúa e tamén na taberna, ou nese teatro trágico-cómico de macarra de hipérbole constante ao que están acostumbrados na bancada do Partido Popular.

A verdade é que, lonxe de especulacións e de bulos e intentos de transmitir que Galicia vai ser maltratada —por suposto, por Cataluña— non é certo. O modelo proposto de condonación da débeda por parte do Estado a todas as comunidades autónomas de réxime común é bo para Galicia, por dúas razóns esenciais. A primeira, como dicía, forma parte de todas as comunidades autónomas de réxime común, lonxe de patrañas que durante tempo contaron que o sistema de financiamento autonómico ou a condonación da débeda se faría só para a Comunidade Autónoma de Cataluña. Esta é unha proposta de Estado que non prioriza territorios, senón que se fai para facilitar a solvencia financeira das comunidades autónomas e priorizar a dotación futura dos servizos públicos básicos; eses que externalizaron e privatizaron nos dezaseis anos de goberno que leva o PP na Xunta de Galicia.

Trátase dun plan de condonación con criterios de solidariedade e equidade, señorías. Que estamos nun estado descentralizado. ¿Ou non? ¿Ou queren unha España única, onde



realmente a Comunidade Autónoma de Galicia, que é unha comunidade histórica, sexa prexudicada?

O cómputo do modelo —señora Sanz, supoño que lería o documento ofertado polo Estado— é verdade que é complexo tecnicamente, pero está claro que se fai sobre poboación axustada. Xa me expliquei na primeira intervención. (*Murmurios.*) Si, señora Sanz. É dicir, que se consideran as dificultades para ofrecer os servizos públicos que financian estes fondos. Neste modelo compútanse, por iso a poboación de Galicia é máis cara. Esa é a realidade, o demais son contos. (*Aplausos.*)

Estes dous criterios son os que o Partido Socialista, dende sempre, desde Zapatero, defendeu. M. Rajoy non fixo nada. E o que lle dixen, á parte é defendido tamén por parte do Foro Económico. Incluso o señor Corgos tamén, coa boca pequena, defende o criterio de poboación axustada e sabe tamén que estes criterios benefician a Galicia. Ademais, non é o modelo feito á medida de Cataluña. Voulo dicir: Cataluña terá unha condonación do 20 por cento, Galicia, do 33 por cento; 33 fronte a 20. Se é bo para Cataluña, mellor para Galicia.

Segundo punto. A comunidade autónoma que máis débeda condonará será Andalucía, con 18.900 millóns de euros, gobernada polo PP. A comunidade autónoma que máis porcentaxe da súa débeda verá condonada será Canarias, gobernada polo PP. As comunidades autónomas que máis débeda condonada per cápita terán serán: Andalucía —PP—, Comunidade Valenciana —PP— e Murcia —PP—. Menudo lío vai ter o señor Rajoy, menudo lío para poñer en común todos estes intereses contrapostos que moitas comunidades autónomas xa dixeron que se ían sentar. ¿Que vai facer o señor Rueda? ¿Mirar polos intereses de Galicia, poñer o gorro de presidente de todos os galegos e galegas, non só os que votaron ao Partido Popular? (*Murmurios.*)

Evidentemente, acollerse ao modelo de débeda implica rebaixa de 4.000 millóns de euros. Menos xuros que haberá que pagar, amortización da débeda pública. Menos débeda, menos risco financeiro; menos débeda, menos xuros que haberá que pagar. E menos débeda implicará no futuro maior capacidade de gasto. Por certo, senda de estabilidade orzamentaria —que posibilita que se incrementa o gasto público das comunidades autónomas e das entidades locais— da que o seu grupo, o do Partido Popular, votou en contra tres veces no Congreso dos Deputados. Votou en contra o 28 de xaneiro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora IGLESIAS REY: ...cando se votaba anticipos á conta para que Galicia recibise 700 millóns de euros. Intereses partidistas por encima dos intereses dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: Cuestión de débeda. Miren por Galicia e queiran máis a Galicia.

Nada máis pola miña parte.



O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Aplausos.*)

Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, que a defendeu o señor Roberto Rodríguez.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que non foi aceptada.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Carmen María Pomar Tojo e tres deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don Roberto Rodríguez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que se atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo Executivo galego en relación coa autoestrada AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Rosana Pérez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



¿Si? Perdón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón. Non a acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 37; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Alexandra Fernández.*

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non se acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Paloma Castro,*

Hai unha transacción á que chegaron os grupos, cunha emenda do Grupo Parlamentario Popular que se acepta como engádega e tamén supón un cambio na proposta inicial do Grupo Parlamentario Socialista: onde era «impulsar» di «seguir impulsando».

Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación do Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Ramón Gómez Besteiro e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se aco-lla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Agora vou ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, que é un recoñecemento ao matemático Rodríguez e que di:

«O metro, como unidade de medida, debe moito a un home nado nunha aldea de Lalín. O seu nome: José Rodríguez González. E, como acontece en tantas ocasións, foi máis apreciado fóra que dentro do seu propio país. Porque o matemático Rodríguez foi unha autoridade científica de a cabalo entre os séculos XVIII e XIX, impulsor da cristalografía, protagonista de achados astronómicos e, sobre todo, un dos pais do Sistema Métrico Decimal.

Naceu en Bermés (Lalín) o 25 de outubro de 1770. Hai máis de douscentos cincuenta anos. Os seus pais eran labregos e conseguiu estudar grazas á protección dun tío eclesiástico. Obtivo os títulos de bacharelato en Filosofía, Teoloxía e Matemáticas e con 28 anos xa exercía como catedrático de Matemática Sublime na Universidade de Santiago de Compostela.

A súa carreira internacional, que foi longa e frutífera, comeza en París en 1803. Con Jean-Baptiste Biot e François Arago sae en 1806 para a medición da medida do arco do meridiano de París entre Dunkerke e Barcelona ata a illa de Formentera. Os resultados serán fundamentais para o establecemento da lonxitude do metro e a implantación do Sistema Métrico Decimal. En 1809, o matemático Rodríguez desprázase a Londres, onde realiza estudos sobre o meridiano de Greenwich. En 1814 chega a Alemaña, onde estuda cristalografía na Universidade de Gotinga. Un auténtico europeo do século XVIII. Posteriormente, regresa a España en 1819 para asumir a dirección do Observatorio Astronómico de Madrid.

Fixo carreira e chegou a ser deputado en Cortes por Galicia durante o Trienio Liberal (1820-1823). Pero, lamentablemente, perdida a cátedra en Madrid, empobrecido e enfermo, viaxou



a Portugal, onde traballou coas universidades de Coimbra e Lisboa para, finalmente, regresar a Compostela, onde morreu en 1824. A súa tumba, na igrexa de Santo Agostiño, non leva inscrición ningunha.

A figura deste gran home paga a pena ser lembrada e reivindicada en todo o mundo. O seu legado é un orgullo para Galicia e para toda a comunidade científica universal. Expoñer a vida e a obra do sabio de Bermés, tal e como prevé facerse no Parlamento Europeo, axudará moitos a coñecer mellor unha das figuras máis relevantes e descoñecidas de ciencia europea.

Por todo iso, con motivo da inauguración o vindeiro xoves 27 de marzo da exposición «Matemático na Eurocámara», o Parlamento de Galicia quere expresar o seu recoñecemento e admiración á figura deste insigne galego, o matemático Rodríguez, e do seu legado para a ciencia internacional.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2025». (Apróbase por asentimento.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto quinto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o tratamento en réxime residencial das persoas con doenzas psiquiátricas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

E bo día, señora García.

Conselleira, hoxe traemos esta interpelación desde o Bloque Nacionalista Galego sobre unha cuestión que levamos abordando desde o noso grupo xa desde a pasada lexislatura, porque é unha situación que se está xerando nas residencias de maiores do noso país que preocupa, e moito, tanto o persoal que traballa nelas como unha parte importante das persoas usuarias que reside nestes centros. E é que desde hai uns anos están ingresando nas residencias de maiores persoas cun perfil que nada ten a haber co dunha persoa maior que, froito dunha deterioración pola súa idade, vai atopándose nunha situación de maior ou menor dependencia. Máis ao contrario, o que estamos vendo é como ingresan en centros residenciais para maiores persoas, moitas veces menores de 65 anos, que teñen problemas —como se dicía ao ler o título desta iniciativa— de saúde mental ou trastornos psiquiátricos.

Vostedes están levando ás residencias de maiores persoas que precisan servizos doutras características, que non son en ningún caso os que prestan as residencias de maiores. Falamos de persoas, insisto, con problemas de saúde mental e moitas veces tamén trastornos de conduta e de comportamento. E non falamos dun caso ou de dous. Segundo os datos que ofrecía o pasado ano a Asociación Galega de Inspectores de Servizos Sociais da súa consellería, ao



redor do corenta por cento das persoas que son derivadas a unha residencia de maiores pola vía da emerxencia social eran pacientes destas características, persoas que tiñan trastornos de saúde mental. Insisto en que non son datos do BNG; son datos dos servizos de inspección da Consellería de Política Social. En todo caso, nós levamos xa desde 2023 desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego intentando acceder aos datos oficiais polas vías do artigo 9 e de preguntas que formulamos a través da Comisión 5ª sen que a Consellería, a Xunta de Galiza, nos proporcione datos que puidesen rebater os que ofrecen os servizos de inspección da Consellería de Política Social e que sitúan en arredor do corenta por cento as persoas derivadas pola vía de emerxencia social en residencias de maiores que serían pacientes —din eles— de psiquiatría.

Ao BNG —insisto— non nos dan os datos e aos medios de comunicación, poucos e a regañadentes. Esa tamén é a consideración, como levamos denunciando tanto tempo dende o Grupo Parlamentario do BNG, que dá o goberno do Partido Popular á transparencia e, sobre todo, ao dereito de acceso á información pública; non só dos grupos parlamentarios, senón tamén dos medios de comunicación deste país.

O que si conseguiu acceder a datos —aínda que tivo que acudir a Valedoría do Pobo para conseguilos e ameazar a valedora do pobo, lembrándolle á Consellería de Política Social que existen sentenzas firmes do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo que os obrigan a dar esta información de carácter público— foi o xornal *Praza*, despois, insisto, de ter que acudir á valedora do pobo. E, cos datos da Consellería de Política Social, no ano 2023 había en Galiza 593 persoas menores de 65 anos que ingresaran en residencias de maiores, e un ano antes había preto de setecentas. Isto dános aproximadamente unha media dunha persoa por cada vinte das persoas que son usuarias dunha residencia de maiores que dependen da Xunta de Galiza que non están nestes centros por razón de idade, senón por outras circunstancias.

Pero as residencias de maiores non son o servizo que precisan estas persoas. Insisto moito nisto, porque a raíz desta cuestión é a vulneración múltiple de dereitos a todas as persoas: as que están residindo por razón de idade e da deterioración froito da idade como usuarias en residencias, as persoas que están ingresando porque vostedes non teñen outros centros de carácter sociosanitario onde metelas e tamén a vulneración dos dereitos laborais das traballadoras e traballadores, que nin teñen recursos, nin formación e nin sequera cadros de persoal adaptados a estas novas necesidades.

De feito, traer ou ingresar persoas destes perfís en residencias de maiores vai en contra da lexislación da Consellería de Política Social. Eu quero lembrar que vostedes introduciron unha mudanza na lei de acompañamento aos orzamentos de 2022 fixando como data límite 65 anos como mínimo, como mínimo, para ingresar nunha residencia. Unha reforma que vostedes impulsaron dicindo que o obxectivo da Consellería de Política Social e da Xunta de Galiza era alcanzar unha atención máis centrada nas necesidades da persoa tendo en conta o principio de especialización dos servizos en función dos colectivos.

Eu preguntolle se a vostede, conselleira, lle parece que unha persoa cunha enfermidade mental que nada ten a ver —insisto— coa deterioración cognitiva froito da idade, o servizo especiali-



zado que necesita é unha residencia de maiores. Eu preguntolle, conselleira, se a vostede lle parece, como está acontecendo, que persoas con adiccions menores de 65 anos estean en situación de desamparo e sexan levadas ás residencias de maiores. Se a vostede, conselleira, e ao Goberno do Partido Popular da Xunta de Galiza lles parece que o servizo que necesitan estas persoas son residencias nas que viven persoas de oitenta anos con maior ou menor grao de dependencia e que non poden estar na súa casa, van a unha residencia para pasar os últimos días da súa vida con tranquilidade e o que se atopan son conflitos de convivencia día si e día tamén xerados única e exclusivamente polas decisións políticas do goberno do Partido Popular.

Nós temos claro dende o Bloque Nacionalista Galego que nin o modelo de residencias nin o modelo de coidados e de atención sociosanitaria que merecen as galegas e os galegos é este, que está, insisto, xerando graves problemas de conflictividade e de convivencia polas decisións que vostedes están tomando. E non é algo que traia aquí o Bloque Nacionalista Galego, senón que é algo que lles trasladan día si e día tamén desde os servizos de atención residencial a dependentes da Xunta de Galiza á propia Consellería.

Recentemente, o pasado mes de febreiro, as traballadoras e os traballadores da residencia pública de xestión directa da Xunta de Galiza aquí en Santiago de Compostela, a residencia Volta do Castro, hai un mes facíanlle chegar un escrito por rexistro á Consellería de Política Social, asinado polo cadro de persoal desta residencia, advertindo de que o quince por cento das persoas usuarias que están ingresadas nesta residencia Volta do Castro aquí en Santiago de Compostela son persoas con problemas psiquiátricos ou de adiccions que non poden tratar as traballadoras dun centro xeriátrico. Unha persoa que é xerocultora, que é auxiliar de atención directa nunha residencia de maiores non ten información —insisto moito nisto— nin recursos, nin capacidade, nin compañeiras suficientes para atender estas persoas como merecen e como necesitan. Estas persoas o que precisan son recursos especializados pensados e deseñados para atender as súas necesidades. Vostedes non só lles están negando esa atención, senón que están xerando unha sobrecarga de traballo enorme aos cadros de persoal das residencias de maiores e xerando situacións de conflito que non poden prolongarse máis no tempo. E esta é a razón, entre outras, pola que hoxe trae esta interpelación o BNG.

Dixémosllelo de feito hai uns meses nesta mesma Cámara, a miña compañeira Alexandra Fernández, nunha pregunta que lle formulaba a vostede despois da agresión sexual sufrida e denunciada por unha traballadora do complexo residencial de atención a persoas dependentes, o número 2, de Vigo.

Esta situación é insostible, porque está vulnerando os dereitos fundamentais de moitísima xente. Primeiro, vai en contra dos dereitos das propias persoas usuarias, porque non están recibindo a atención que merecen e que necesitan. Unha xerocultora non ten nin é o perfil profesional, que é unha persoa auxiliar, para atender persoas de perfís —insisto— que nada teñen a ver cos das usuarias dunha residencia. Vai en contra dos dereitos das persoas maiores, que ven alterado o seu día a día e merecen pasar a súa vida con tranquilidade. E, se non están tranquilas, é polas decisións políticas que toma a Consellería de Política Social.

Paso ás propostas, que é o que traemos hoxe tamén desde o BNG nesta interpelación, ademais de preguntarlle se este é o modelo de residencias polo que aposta e que defende o Partido



Popular. As propostas que lle deixamos, en primeiro lugar, son dúas, e cremos desde o BNG que son as que hai que adoptar con urxencia. A primeira é que hai que crear servizos de carácter residencial e atención integral para persoas con enfermidades psiquiátricas que non teñan rede de apoio familiar e que non poidan estar no seu domicilio: recursos, servizos variados, diversos, deseñados e pensados para atender como merecen e como necesitan estas persoas. E, en segundo lugar, poñer en funcionamento dunha vez aos centros de coidados intermedios dos que se leva falando aquí catro anos sen que nunca cheguen a nada. Anunciáronnolo en varias ocasións. Eu traio aquí un deles, que é o Cegadi, que foi un centro que se pensou no Bipartito para crealo como de referencia para a atención ás persoas con discapacidade, e vostedes anunciaban en marzo de 2023: *(A señora Rodil Fernández amosa un documento.)* «A Xunta abrirá a principios do vindeiro ano —de 2024, no primeiro trimestre, para ser exactos— o centro de coidados intermedios no Cegadi». *(A señora Rodil Fernández amosa un documento.)* Logo xa, en outubro de 2023, cando ía acabando o ano, xa non ía ser a principios, ía ser a finais. *(A señora Rodil Fernández amosa un documento.)* Pero é que xa quedara reseso en 2023 o anuncio, porque dicíanos no debate do estado da autonomía de 2021 o señor Feijóo —naquela altura, antes de marchar a Madrid e salvar a política madrileña— que Galiza «abrirá en 2022 un centro de coidados intermedios no Cegadi para evitar estancias hospitalarias». Hoxe é marzo de 2025 e o único que vemos é o Cegadi, a medio gas, despois de levar máis dunha década durmindo o sono dos xustos por parte da Xunta de Galiza, do Goberno do Partido Popular. E o mesmo camiño parece que leva o centro, o antigo Rebullón, que tamén se nos anunciaba como o novo centro de coidados intermedios e que de momento o único que hai real, tanxible e contrastable é o proceso de licitación e a licitación do proxecto básico. Pero de momento máis nada.

Medidas, todas estas —e con isto remato, conselleira— que deixamos encima da mesa dende o Bloque Nacionalista Galego para garantir os dereitos fundamentais; primeiro, das persoas que pola vía da emerxencia social e con perfís que nada teñen a ver cos dunha residencia de maiores os están levando a un centro onde non lles poden prestar nin os servizos nin a atención que merecen e necesitan. E, en segundo lugar, para garantir o dereito a unha vellez digna, que tanto levamos defendido desde o Bloque Nacionalista Galego e que pasa, en primeira instancia, en primeiro lugar, por ter unha vida tranquila e non ter que estar vivindo día si e día tamén conflitos no que é o teu lugar de residencia...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e, polo tanto, o teu fogar.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señora Rodil, bos días.



A Xunta de Galicia traballa día a día para garantir a máxima calidade asistencial en todas as residencias de maiores. Traballamos para ofrecer unha atención personalizada e centrada na persoa. Traballamos para contar cunhas instalacións adaptadas ás necesidades de cada persoa usuaria e unhas instalacións modernas. E traballamos para introducir melloras continuas. Algo que non sería posible, en ningún caso sen a entrega e o esforzo diario de todo o persoal dos nosos centros, ao que lle quero agradecer hoxe o seu compromiso e a súa dedicación. *(Aplausos.)*

Señorías, como non podía ser doutro xeito, os ingresos nas residencias públicas de maiores realízanse sempre en función do estipulado na normativa vixente. Estes ingresos realízanse por tres vías distintas. En primeiro lugar, pola vía ordinaria, asignando unha praza ás persoas que teñen un dereito recoñecido por lei —pola Lei de dependencia— a recibir ese recurso residencial. En segundo lugar, acceden a unha praza pública de residencia a través da vía da emerxencia social, que está destinada a todas esas persoas en situación de vulnerabilidade. E, en terceiro lugar, acceden a unha praza pública residencial por mandato xudicial, cumprindo as ordes ditadas pola xustiza.

En todo caso, e con independencia do procedemento empregado, a asignación da praza pública realízase sempre con base nun ditame técnico do órgano de valoración, que está composto, como vostede ben sabe, por funcionarios da Xunta de Galicia. Polo tanto, todo o procedemento realízase sempre amparado na normativa vixente e faise con baremos que garanten que os ingresos e os traslados se fagan sempre con base nos mesmos parámetros de medición, evitando así, deste xeito, distintos agravios comparativos entre os solicitantes dun recurso residencial; polo tanto, sen ningunha clase de discriminación por ningunha razón, e moito menos por unha cuestión de saúde. Xa que, señorías, a patoloxía psiquiátrica non pode ser nunca un obstáculo para un ingreso de persoas en centros residenciais, algo que se fai en todo caso en coordinación coa Consellería de Sanidade, a través de distintos programas de atención sociosanitaria e compaxinando a súa correcta atención co benestar dos demais usuarios dese centro residencial.

O certo é que a patoloxía psiquiátrica é unha característica clínica que calquera persoa, incluídos calquera dos que estamos aquí, podemos sufrir ao longo da nosa vida e que non pode nin debe ser nunca unha barreira para que unha persoa ocupen unha praza residencial se ela ten dereito a facelo.

Ante unha cuestión tan importante como é a saúde mental, dende a Xunta de Galicia avogamos pola atención, pola concienciación, pola sensibilización, pero sobre todo pola inclusión de todas as persoas que padecen esta enfermidade. E, por esta razón, a carteira de servizos para a atención á dependencia conta con programas específicos para a atención psicosocial de todas estas persoas.

Incrementouse tamén, señora Rodil, a atención ás persoas con trastorno mental que residen en centros sociosanitarios. Fixémolo con especialistas en saúde mental que levan a cabo labores de atención directa, así como de consultoría e apoio por telemedicina. Pero tamén o estamos facendo nestes momentos a través dese novo modelo de residencias de Galicia, no que incluímos a creación de unidades psicoxeriátricas especializadas nos centros de maiores.



Pero, ademais, estamos a traballar, xunto co Sergas, nunha maior especialización dos distintos servizos e dos distintos recursos dos que dispoñemos neste momento. E para continuar con esta axenda de mellora, o ano pasado levamos a cabo cursos de formación en saúde mental para todo o persoal das residencias públicas.

Creamos tamén un protocolo de agresións na contorna das residencias sociosanitarias, que foi distribuído por todos os centros residenciais de Galicia e que foi realizado en colaboración co Servizo de Prevención de Riscos Laborais, tal como foi acordado coas organizacións sindicais.

Polo que coido que debemos de ser moi prudentes, que non debemos estigmatizar nunca as persoas que padecen enfermidade mental. Persoas que padecen enfermidade mental e que teñen pleno dereito a optar a unha praza pública nunha residencia. Así o considera tamén a valedora do pobo que, nun informe do pasado mes de febreiro en relación a unhas queixas sobre esta cuestión, concluíu: «Non se apreciaban razóns para continuar a investigación, polo que as medidas que está tomando a Xunta de Galicia entendemos que son axeitadas e que soamente teñen como obxectivo a mellora constante, tanto para os propios traballadores como para os propios usuarios dos distintos centros residenciais».

Señorías, ante unha cuestión tan importante nestes momentos, nos nosos días, como é a saúde mental, dende a Xunta de Galicia avogamos pola inclusión e pola atención específica a todas estas persoas que padecen na saúde mental e tamén optamos sempre por non estigmatizar a ninguén. Insisto, non estigmatizar a ninguén, nin os usuarios dos distintos centros residenciais, por cuestións de saúde.

En definitiva, señora Rodil, nós pola nosa banda imos seguir asumindo a nosa responsabilidade na mellora continua dos centros de servizos sociais. Tamén mellorando esa atención que prestamos por igual sempre a todos os usuarios.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señora García, comezaba a súa intervención recoñecéndolle o traballo que fai o persoal das residencias de maiores; hai 12.000 traballadoras auxiliares, coidadoras de residencias de maiores privadas ou privatizadas en Galiza que levan agardando desde setembro de 2024 a que vostede as reciba, porque están asumindo e padecendo unhas condicións laborais absolutamente leoninas, cun convenio colectivo absolutamente inxusto, ademais de caducado, con salarios que rozan o mínimo interprofesional ou que mesmo con quince anos de antigüidade se sitúan por debaixo del. Entón, máis que darlles aplausos desde este Parlamento, recibilas e poñerse do lado das traballadoras auxiliares, coidadoras das residencias de maiores sostidas con cartos da Xunta de Galiza —100 millóns de euros ao ano— sería bastante maior recoñecemento; (*Aplausos.*) sobre todo para que traballe o Goberno deste país por ga-



rantir condicións laborais e salariais xustas para unhas traballadoras das residencias de maiores privadas e privatizadas que, quero lembrar aquí, van ir á folga —coas dificultades que hai para exercer ese dereito fundamental nun sector como a dos coidados— a partir do próximo mes de abril.

E falábame vostede de estigmatizar, de non estigmatizar as persoas que teñen trastornos mentais, problemas de saúde mental etcétera. «As residencias de maiores non semellan ser a resposta asistencial máis axeitada ás necesidades residenciais de adultos non maiores con problemas de saúde mental e que son derivados do Servizo de Saúde despois de ter recibido unha atención sanitaria inicial ou de emerxencia nos centros sanitarios». Esta é a exposición de motivos da Lei de acompañamento aos orzamentos de 2022 da Xunta de Galiza, escrito de puño e letra da Consellería de Política Social, argumentando que as residencias de maiores non son os centros de atención sociosanitaria que merecen e necesitan as persoas que teñen problemas de saúde mental; que non poden ver na súa enfermidade ou no seu trastorno unha barreira para acceder aos recursos e servizos aos que teñen dereito e que están especializados na súa atención particular, señora conselleira. Se o Bloque estigmatiza, como intenta deslizar na súa intervención, igual a primeira en estigmatizar é a propia Xunta de Galiza, cando modificou a través da Lei de acompañamento aos orzamentos do 2022 a normativa que regula o ingreso para fixar os 65 anos como idade mínima para entrar nunha residencia de maiores, garantindo que esta presta servizo ás persoas ás que responde o perfil dunha residencia.

Eu non veño aquí falar de persoas que pola deterioración cognitiva ou pola idade poidan sufrir un trastorno mental ou unha enfermidade. As unidades de psicogeriatría están pensadas e deseñadas para cumprir con ese perfil de persoas. Pero nós estamos falando desde o principio nesta interpelación de menores de 65 anos que teñen trastornos psiquiátricos, que non teñen unha rede de apoio familiar e que vostedes están derivando, a través dos equipos de dependencia, ás residencias de maiores porque non hai onde metelos, porque non hai un servizo sociosanitario deseñado e pensado para atender e garantir os dereitos destas persoas, que é do que está falando o Bloque Nacionalista Galego.

E non só a persoas que teñen trastornos ou enfermidades mentais, insisto; hai persoas menores de 65 anos e menores de 50 con adiccións que están en residencias de maiores públicas, porque non hai un recurso asistencial sociosanitario público onde metelos, para atendelos como merecen. E iso está xerando problemas de convivencia, enormes casos de conflitividade, que padecen primeiro as traballadoras e, segundo, as persoas usuarias. Nós trouxemos un caso aquí dunha agresión sexual que foi o que saíu publicado, pero hai denuncias constantes. Vostedes na Consellería son os primeiros coñecedores en sabelo, dos problemas de conflitividade e toda os problemas de convivencia que está xerando a derivación destas persoas.

¿Que é o que necesita Galiza? Volvo outra vez ás propostas que fixo e formula o Bloque Nacionalista Galego: centros e servizos específicos para atender, con carácter integral e cos recursos que necesitan, estes perfís que agora están entrando nas residencias de maiores, que crean unha carga moitísimo maior de traballo para esas traballadoras ás que vostedes aplaudían ao inicio da intervención da conselleira.



E fárame de que «as *ratios* cumplan a normativa». Non, claro, unha orde de 1996 que fai que as *ratios* de atención directa en Galiza sigan sendo as mesmas desde hai trinta anos. Hai que modificar a lexislación vixente para recoñecer unhas *ratios* que se axusten, primeiro, ás necesidades reais de atención de todas as persoas usuarias dependentes, persoas maiores das residencias de maiores; e, en segundo lugar, para liberar e alixeirar a carga de traballo inasumible e insostible que están asumindo no día de hoxe as persoas traballadoras das residencias de maiores.

Eu volvo facerlle a mesma pregunta que lle facía ao comezo —e con isto remato, conselleira—: ¿vostede cre que levar a unha residencia de maiores persoas que teñen adicións, que son menores de 65 anos e que por unha razón de emerxencia social e desamparo non hai onde metelas é unha residencia de maiores o sitio? ¿Vostedes cren que o modelo de residencias de maiores que debe atender e rexer neste país é o do ingreso de persoas menores de 65 anos que teñen trastornos psiquiátricos ou enfermidades variadas de carácter mental? ¿É a residencia de maiores? ¿É que convivan con persoas de oitenta anos que se levantarán máis ou menos, que terán máis ou menos dependencia ou non, pero que realmente están alí porque queren pasar os últimos días da súa vida con tranquilidade?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Nós cremos que non, que o que se necesitan son servizos integrais, pero pensados e deseñados para garantir os dereitos en primeira instancia das persoas que vostedes están levando agora ás residencias de maiores porque non hai centros —entre outros, porque non os crean—, como falaba dos incumprimentos nos centros de coidados intermedios. Vostedes non están movendo un dedo para crealos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Dende a Xunta de Galicia procuramos día a día mellorar, e facelo de forma constante, o sistema de atención residencial. A nosa prioridade foi e será sempre velar por todos os dereitos e velar polo benestar de todas as persoas usuarias dos centros de servizos sociais, en especial de todas as persoas maiores. E tamén para garantir esa máxima seguridade das persoas usuarias e tamén dos propios traballadores nos nosos centros residenciais. Facemos un labor diario e imprescindible, apoiando sempre todos os traballadores da rede pública autonómica.

O que me gustaría deixar moi claro hoxe é que non estamos falando de pacientes, señora Rodil; o que estamos falando é de persoas que teñen dereito a unha praza pública residencial, exactamente igual que calquera outra persoa, sufran a patoloxía que sufran. (*Aplausos.*) Polo



que lles pido que, por favor, evitemos o estigma, que evitemos sinalar todas esas persoas que padecen unha ou outra doenza.

Mire, señora Rodil, vostede ¿de que as residencias privadas me fala? ¿Das da Deputación de Lugo? Díganme vostedes: ¿é o seu modelo o modelo da Deputación de Lugo, onde están gobernando vostedes? Acaba de saír a licitación a residencia de Becerreá, cen por cento privada. Así que, señora Rodil, leccións por parte do Bloque Nacionalista Galego, ningunha. ¡Ningunha, señora Rodil! *(Aplausos.)*

Mire, a relación laboral entre unha empresa e un traballador é do ámbito dos acordos laborais, que son entre dúas partes, que son a empresa e os traballadores. A competencia da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Inspección dos Servizos Sociais, é a de velar polo cumprimento da normativa e de velar pola calidade asistencial que se presta nesa residencia de maiores. E, se non se cumpren os convenios colectivos ou as condicións laborais acordadas, iso é competencia da Inspección de Traballo, que vostede tamén pode falar coa súa compañeira e amiga, a señora Yolanda Díaz.

Miren, mentres vostedes continúan falando, dende a Xunta de Galicia imos continuar mellorando permanentemente toda a rede de centros de servizos sociais. E non o imos facer só polo peso que teñen nestes momentos as persoas maiores na nosa pirámide poboacional, senón porque facerse maior de maneira digna é un dereito de todos e de todas; e non soamente porque estas persoas sexan as que máis merecen o noso agradecemento pola súa herdanza e polo seu traballo ao longo da súa vida.

En definitiva, non imos deixar que se intente desprestixiar ou que se intente poñer en dúbida un servizo público e infundir permanentemente inseguridade, tanto aos usuarios dos centros residenciais como ás súas familias, xa que os nosos centros, os da Xunta, están preparados para asumir esta tipoloxía de usuarios, padezan a enfermidade que padezan. Imos coidalos, imos mimalos e os problemas que se poidan derivar de calquera tipo de convivencia son puntuais. Imos seguir sempre, como lle dicía, coidando dos nosos, teñan a enfermidade que teñan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematada esta interpelación, procedemos a suspender a sesión, que será reanudada ás dezaseis horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión no apartado de interpelacións.



Interpelación de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do Servizo Galego de Saúde

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Boa tarde.

Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Quero comezar recoñecéndolle, señor conselleiro, un mérito, porque é un mérito que no día de hoxe poidamos ver como estaban as listas de espera na data do 31 de decembro de 2024. E é un mérito porque o habitual sería que ata maio —ata ben entrado maio e ben avanzado maio— non puidésemos ver os datos de cinco meses antes. Así que lle vou recoñecer o mérito de, polo menos, facer pública a información con algo máis de premura. Xa lle digo, non sei se é casualidade ou é que vostede quixo chegar a esta interpelación con datos novos que ensinar, porque o certo é que os datos das listas de espera o que amosan é, unha vez máis, a desfeita da política sanitaria do Partido Popular.

Segundo eses datos máis recentes —os oficiais do Sergas—, cando rematou o 2024 había 48.335 persoas agardando por unha cirurxía; eran 196.267 persoas as que estaban agardando por unha primeira consulta hospitalaria; e eran 113.606 persoas as que estaban agardando por algún tipo de proba complementaria. De todas estas persoas, 363 estaban agardando desde hai máis dun ano por unha consulta de cardioloxía no Hospital da Mariña, 196 por un ecocardiograma, tamén na Mariña, e máis dun ano para unha consulta cunha cardióloga ou para realizar un ecocardio. Por certo, na Mariña, onde este domingo saíron á rúa máis de cinco mil persoas para dicirlles alto e claro que queren unha sanidade pública e de calidade, a pesar de que despois a TVG practique unha política de ocultación e de silenciamento do pobo galego.

Estes datos oficiais do Sergas tamén amosan que en decembro eran 144 as persoas que levaban máis dun ano agardando por unha resonancia magnética no HULA, 1.036 as persoas que levaban agardando máis dun ano para unha endoscopia dixestiva no CHUAC, 119 as que levaban agardando máis dun ano por unha endoscopia de otorrino en Vigo, 305 persoas as que levaban agardando máis dun ano por un estudo da alerxia e 327 as que levaban agardando por un estudo respiratorio tamén máis dun ano. E non falamos só de probas altamente específicas: 95 persoas agardando máis dun ano por unha ecografía xenitourinaria, 58 por unha ecografía musculoesquelética, 48 por unha ecografía tiroidea e 22 persoas agardando desde o 2022 por unha ecografía abdominal.

As cifras son moi frías, pero detrás de cada unha destas cifras, detrás de cada un destes números, hai unha persoa que está agardando, coas súas molestias, coa súa dor e co seu malestar, por unha cirurxía, por unha consulta ou por unha proba que lle poida dicir que é o



que lle pasa. Recitadas así rápido e correndo parecen algo anecdótico ou, polo menos, algo aséptico, pero o certo é que detrás hai nomes e apelidos, hai caras, hai malestares e hai patoloxías que a sanidade pública non está atendendo como debera; porque estar máis dun ano nunha lista de espera non é calidade asistencial, é desleixo puro e duro. (*Aplausos.*) Señor conselleiro, que haxa persoas que agardan máis dun ano para realizar unha simple ecografía abdominal é pouco menos que insultante.

Pero é que a situación aínda pode empeorar máis se comparamos, por exemplo, estes datos cos de decembro de 2019, xusto antes de que irrompese a pandemia da covid. Hoxe hai 12.615 persoas máis que no 2019 agardando por unha cirurxía, hai 29.440 persoas máis agardando por unha primeira consulta de hospital e hai 28.630 persoas máis agardando para realizar unha proba diagnóstica. O tempo medio de espera para unha cirurxía é de 12 días e medio maior, 19 días máis para unha primeira consulta hospitalaria; as probas de medicina nuclear —e vostede sabe o importante que son esas probas— tardan practicamente dous meses máis que no 2019 e os potenciais evocados tardan seis meses máis en realizárense que no 2019.

E respecto disto, hai dúas cuestións a comentar. A primeira delas é que o sistema público non foi quen de recuperarse da pandemia; estamos moi lonxe de ter os datos prepandemia. De feito, en xaneiro do 2023, o presidente da Xunta comparecía despois dun Consello da Xunta para anunciar un programa de intensificación da actividade asistencial para mellorar as listas de espera, e, segundo o que se recolle na nota de prensa, non só chegar aos datos de 2019, senón melloralos; cito textualmente: «a previsión é reducir nun 23 por cento a espera media para consultas e nun 26 por cento para unha operación». Dende aquela ata hoxe nada se soubo nin volveron dar conta de tal programa. E, por suposto, as cifras están lonxe desas optimistas previsións do señor Rueda. ¿Cal é a explicación que dá o Goberno galego a esta situación? ¿Por que as listas de espera só van a peor? ¿Pode ser, señor conselleiro, que a situación de colapso na que está a atención primaria estea detrás desta situación? ¿E é consciente a Consellería de Sanidade de que conforme empeoran as listas de espera tamén se vai colapsando novamente a atención primaria e os servizos de urxencias? Porque as persoas, fartas de estar agardando nunha lista de espera sen ningún tipo de resposta, ao final, o que acaban é retornando de novo a onde poidan ter algún tipo de asistencia sanitaria, e sabe que os puntos nos que o sistema é accesible é na atención primaria e nos servizos de urxencia.

E a segunda cuestión que hai que comentar sobre as listas de espera é que todas estas cifras que eu enumerei son cifras falsas, completamente falsas; son as oficiais, é certo, pero non son certas. E vostede sábeo igual ca min, porque non recollen a totalidade de pacientes que están nas listas de espera. Vostedes levan máis dunha década clasificando as pacientes en boas e malas, en pacientes que teñen dereito a ter certo grao de información e pacientes que non teñen dereito a obter ningún tipo de información acerca da súa situación nunha lista de espera. E lémbrolle que isto foi algo que lle sinalou incluso a Valedora do Pobo: que non podían practicar esta política sistemática de ocultación para os pacientes que se atopan nunha lista de espera non estrutural. Vostedes no ano 2013, despois da aprobación da Lei de garantías de prestacións sanitarias, viron unha oportunidade perfecta para favorecer a sanidade privada. Aí levan doce anos derivando pacientes para a realización de cirurxías, para facer probas complementarias; ata o punto de que hai cirurxías ou probas que no día de hoxe



en certos hospitais do Sergas case non se realizan porque sistematicamente se derivan fóra. E crean o xogo perverso perfecto: que quen non acepte esa derivación á sanidade privada, será penalizado, pasa a unha lista negra, queda nun caixón esperando. Dálles igual o motivo, que sexa por un motivo ideolóxico de que non quere ir á sanidade privada, que sexa porque non lle vai ben a data que se lle oferta ou calquera outra cuestión: para o caixón, sen ningún tipo de garantía nin de dereito recoñecido. Non sabemos cantas persoas hai nesas listas de espera non estruturais, nin sabemos canto tempo esperan; pero é que non o sei eu, non o sabemos ningunha das que estamos presentes —ou case ningunha—, non o saben as profesionais que as tratan e non o saben as propias pacientes.

Non sei xa cantas veces lle temos reclamado esa información, señor conselleiro, por exemplo, a través do artigo 9 do Regulamento desta Cámara. Vostede non sei se é coñecedor do Regulamento desta Cámara. Cítolle o artigo para que vostede teña coñecemento. O artigo 9 di que a Administración autonómica deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestar á Presidencia do Parlamento, nun prazo non superior a trinta días, as razóns fundamentadas en dereito para negar o acceso a tal información. Ten aquí a solicitude, (*A señora Carreira Pazos mostra un documento.*) con sinatura electrónica do día 10 de setembro de 2024. (*Aplausos.*) Pois aínda non se recibiu nin a información solicitada acerca das listas de espera non estruturais nin ningunha motivación para denegar o acceso a esta información, conselleiro. (*Aplausos.*)

Onte, precisamente, durante o debate do pleno, había un deputado do Partido Popular que rachaba a camisa dicindo canto respectaban desde o Partido Popular este Parlamento. ¿É isto respectar un parlamento? ¿Negar a información que se lle solicita é respectar esta Cámara? Señor conselleiro, ¿cantas son as pacientes que integran no día de hoxe as listas de espera non estruturais? ¿Canto tempo agardan estas pacientes para ter dereito á asistencia sanitaria que lles corresponde? ¿Cando van facer públicas esas listas de espera? ¿Cando van rematar coa política de clasificar as pacientes en pacientes que van a listas oficiais e pacientes que van a unha gabeta pechada?

Señor conselleiro —remato e pregúntolle de novo—: ¿que van facer para atender o desbordamento das listas de espera e cando van facer pública a información toda que lle estamos a solicitar?

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora deputada, moitas grazas polo ton e polo recoñecemento á transparencia. Eu levo pouco tempo nisto, pero eu creo que en política non hai casualidades.

Grazas tamén por traer hoxe aquí esta interpelación e por darme a oportunidade de recoñecer e poñer en valor o extraordinario traballo realizado no ano pasado polos profesionais da sa-



nidade pública galega; un magnífico labor que fixo posible algo moi difícil, pois ao tempo que se reduciron as esperas —e iso é así, son datos, non son opinións— aumentou a actividade en todas as áreas: cirurxías, consultas e probas diagnósticas. Concretamente, en cirurxía, superamos por primeira vez as 200.000 operacións nun único exercicio, incrementándose un 5,6 por cento dende o ano anterior. Son unhas 30.000 operacións máis que no ano 2008, que cando vostedes gobernaban, por certo. Só por iso merecían que os profesionais recibisen os seus parabéns, pero tamén porque grazas ao seu esforzo as listas de espera da sanidade pública galega seguen a ser con moita diferenza —e iso é así, son datos non opinións— das máis baixas de España. (*Aplausos.*) Están máis ou menos no extremo oposto do que estaban cando gobernaron vostedes; (*Aplausos.*) algo que queren esquecer pero do que aínda quedan rexistros, e iso é así.

O tempo medio de espera para operarse en Galicia a finais do ano pasado foi de 67,1 días, o que significa que fomos capaces de reducir os tempos de acceso, a pesar de que realizamos máis operacións, concretamente, un 5,6 por cento máis. Non é só que fixésemos 10.800 operacións máis, é que fixemos máis operacións prioritarias —que é moi importante— e máis operacións complexas; prioridade e complexidade. Se comparamos a situación de Galicia co resto de España, con datos de decembro de 2023 —que son os máis recentes publicados polo Ministerio—, vemos que a nosa é a terceira comunidade autónoma con mellores tempos de espera cirúrxica —a terceira—, e isto é así. Son datos de contrastan de forma moi chamativa co que pasaba en decembro de 2008, cando Galicia se atopaba como a cuarta comunidade con peores tempos de espera. ¿Lémbranse vostedes daquilo? Creo que non. Vale.

Máis notable aínda é a mellora acadada nos tempos de espera nas consultas co especialista, que baixaron en 2024 nada menos que 12,5 días: desde os 73 ata os 61 días. Tamén aquí hai que ter en conta que esa redución de tempo de acceso se produciu ao tempo que aumentaba o número de consultas nun 2,7 por cento, ata acadar a cifra récord de máis de 4.850.000 consultas. Se comparamos esta espera cos datos doutras comunidades, en decembro de 2023, situámonos como a segunda comunidade con mellores tempos, só por detrás da Rioxa. Na práctica, significa que os galegos esperan uns 40 días menos que os cataláns para operarse, por exemplo. E melloramos tamén os datos relativos ás probas diagnósticas: un incremento do 4 por cento da actividade e unha redución en máis de 1.000 dos pacientes que agardan, que teñen que esperar de media 6,2 días menos que o ano anterior.

Señoría, por todo isto e por máis cousas que a continuación lle vou expoñer deberían sumarse ao recoñecemento á sanidade pública e aos seus profesionais, en lugar de empeñarse en desprezar continua e permanentemente o seu traballo. Podería ser que estivese vostede confundida ou que lle faltase información, pero o triste e lamentable é que as razóns da súa actitude —e as do seu partido— son outras; a verdade é que ao BNG isto da sanidade pública só lle interesa como arma política. Demóstrano unha e outra vez cada día na rúa e tamén neste Parlamento; arma política: non queren reclamarlle ao Goberno do seu socio, Pedro Sánchez, que facilite que haxa máis médicos, non apoian as medidas coas que a Xunta buscou cubrir as prazas de facultativos nas zonas de difícil cobertura e nin sequera apoian no Congreso as iniciativas de prevención fronte ás agresións aos sanitarios. (*Aplausos.*) Non, señorías, a vostedes o único que lles interesa en sanidade e en tantas outras cousas é difundir bulos, embarullar, desgastar para, ao final, intentar rasgar algún voto. (*Aplausos.*) Vostedes sigan así que, mentres,



nós continuamos traballando de verdade e en serio pola sanidade pública, traballando onde hai que facelo e como hai que facelo cada día en cada hospital e en cada centro de saúde. E non temos problema tampouco en continuar explicándolles como son as cousas, a ver se algún día deciden mudar e adoptar un rumbo máis construtivo e proveitoso para todos.

Mire, as listas de espera poden interpretarse como fai vostede, como un montón de números, todos iguais, que suman, e cantos máis, mellor, pero as listas de espera tamén poden ser unha ferramenta para procurar de forma continua a mellor xestión da sanidade pública. De trás de cada número hai un paciente, hai unha persoa con necesidades concretas, que non son todas iguais, e por iso temos o deber de establecer criterios de prioridade. As listas de espera son, precisamente, o instrumento que nos permite establecer prioridades e axilizar as patoloxías máis tempo-dependentes. Parece mentira que haxa que explicalo a estas alturas: non é o mesmo a espera dun paciente con cancro que a espera dun paciente cun quiste benigno da pel; non é o mesmo, e vostedes tratan todo igual. Por sorte, na sanidade pública galega, non é así; o noso obxectivo é priorizar os resultados en saúde para abordar de forma urxente aquilo que non pode agardar. Preocúpanos e queremos que o tempo de acceso sexa sempre o menor posible para todos e, sobre todo, que o tempo de espera non impacte negativamente na saúde do paciente. Por iso, existen vías rápidas do cancro ou a Lei de garantías de tempos máximos, que entrou en vigor no ano 2018 e que responde a ese obxectivo. De feito, o pasado ano incorporáronse sete novas patoloxías a ese decreto, elevando a 115 o número de enfermidades graves que van ter garantido o acceso a unha primeira consulta de especialista e a unha proba diagnóstica en menos de 45 días, así como a unha intervención cirúrxica en menos de 60 días. Pois ben, durante o ano 2024 houbo máis de 58.000 pacientes que se beneficiaron desta Lei de garantías de tempos máximos; deles, case 12.000 foron pacientes que tiveron acceso a unha cirurxía nos prazos comprometidos; 25.600 que accederon a consultas externas; e o resto para probas diagnósticas e terapéuticas. Grazas a ese traballo de priorización, en total, dende o ano 2018, case 340.000 galegos se beneficiaron das vantaxes deste decreto de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias.

No caso das vías rápidas, o obxectivo é non superar os 15 días na atención para enfermidades como o cancro de pulmón, cancro de mama ou outros. De feito, durante o ano 2024 o tempo medio de espera para as vías rápidas de sospeita diagnóstica dos tipos de cancro recollidos foi tan só de 5,8 días —5,8 días—. Outro dos grandes froitos do noso compromiso coa priorización é a diminución ata os 17,1 días do tempo de espera cirúrxica para as prioridades 1, diminuindo o acceso en 3,5 días dende o 2023 e nun total de 12 días dende o 2009.

Para valorar con xustiza este gran logro da sanidade pública galega que vostedes desprezan, tivemos tamén en conta que as intervencións cirúrxicas de prioridade 1 teñen, por regra xeral, unha complexidade moi superior á media e requiren moito máis tempo de quirófano. Esa redución de 3,5 días, que deixou en 17 días o tempo de espera para as operacións de prioridade 1, foi posible a pesar de que a actividade neste eido medrou de forma extraordinaria, cun 10,7 por cento máis de intervencións realizadas no ano pasado.

E aínda lle vou dar outro dato máis sobre os tempos de acceso da sanidade pública e sobre a xestión das listas de espera. En Galicia só o 3,9 por cento dos pacientes teñen que esperar máis de 180 días para a súa cirurxía, fronte ao 24,3 por cento do resto de España.



O obxectivo da Consellería de Sanidade é continuar a traballar para ofrecerlles aos galegos os mellores tempos de acceso posible á sanidade pública. Os datos que lle veño de ofrecer acreditan de forma incontestable que estamos a traballar nesa dirección: máis actividade e menores tempos de acceso en todas as áreas de actividade; un récord de 200.000 intervencións nun ano; esforzo de priorización para chegar aos 17 días de acceso a unha operación de prioridade 1; unha redución de 12 días no acceso á consulta co especialista e 6,2 días menos para a realización de probas diagnósticas.

A realidade e os datos globais desmontan a súa fantasía catastrofista. Deberían vostedes sentirse orgullosos de Galicia e dunha sanidade que está á dianteira de España no que á xestión das listas de espera se refire.

Polo momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Señor conselleiro, «unha fantasía catastrofista» creo que foi vostede como o tildou, ¿non?

¿É unha fantasía catastrofista, entón, que unha persoa cun tratamento quimioterápico, a seguimento en oncoloxía, cunha resonancia magnética pedida en marzo de 2024, no día de hoxe aínda non a teña realizada, a pesar de que a indicación médica...? *(Murmurios.)* Casualidade non. Isto non é casualidade, ¡non é casualidade, señor conselleiro! *(Murmurios.)* Vostedes pensan que nós aquí facemos un traballo exhaustivo de prospección para buscar cal é o caso máis disparatado. Estoulle falando dun caso próximo, dun caso familiar próximo, que é o que me coincide na familia. Evidentemente, o último que se me ocorre é iralles preguntando a todos os deputados desta Cámara para cando teñen as súas listas de espera ou para cando deberían ter feita a súa proba diagnóstica. O último que se me ocorre é preguntar nas redes sociais: por favor, mándenme o caso máis disparatado que se lles ocorra. *(Aplausos.)* Non fai falta. Non fai falta, porque as 363 persoas que na Mariña están esperando por unha consulta cunha cardióloga saíron o domingo á rúa explicarlle que non teñen esa consulta coa cardióloga. Porque esas 1.000 persoas que están agardando desde hai máis dun ano por unha endoscopia dixestiva no CHUAC —1.000 persoas; non unha, nin dúas, nin tres— tamén levan máis dun ano agardando no CHUAC para a realización dunha endoscopia dixestiva. ¡Mire que proba tan estrambótica lle estou formulando!

Vostede sabe a importancia que teñen as probas de medicina nuclear. ¿A vostede parécelle xustificable que tarden dous meses máis que no ano 2019?

Vostedes utilizan varias falacias cando falan de sanidade, por exemplo, a das vías rápidas para a atención de patoloxías oncolóxicas. Amparan a súa política no bo funcionamento das vías rápidas do cancro. As vías rápidas funcionan ben, é certo. As vías rápidas funcionan ben. ¿Cal é o problema? Que as vías rápidas son o recoñecemento de que o sistema funciona mal. ¿Por que? Porque unha persoa cunha alta sospeita de cancro non pode ir a unha lista de



espera xeral, porque, se non, se eternizaría aí. Vostede sabe que unha vía rápida de cancro ten uns criterios de inclusión estritos para que teñan eses tempos garantidos. ¿Que pasa? Que hai moitos cancros que non son tan claros, tan meridianos, tan exemplos de libro, e esas persoas quedan agardando.

E, de todas as formas, non falemos dun cancro. ¿Acaso unha persoa, por exemplo, con pedras na vesícula, que estea pasando dor, non ten dereito a ser intervida nun tempo razoable? ¿Ou ten que estar esperando? Estamos falando dunha patoloxía «banal», que non ten maior implicación. Vostedes non están a garantir esa atención dentro da sanidade pública, por iso lle falei antes da Lei de prestación de garantías sanitarias. Dixo que me ía explicar. Non sei que é o que máis me vai explicar. Porque o que non deu é, primeiro, ningunha explicación de por que as listas de espera están como están. Non dixo... (*Murmurios.*) ¿Por que están como están? ¿Vostedes non teñen ningunha explicación para ver por que hai 20.000 persoas máis agardando por unha primeira consulta hospitalaria? ¡Home!, pois a min preocupárame se fose responsable da Consellería de Sanidade. (*Aplausos.*)

Non me deu conta —e ten as preguntas por escrito desde hai tempo— de cales son as medidas que se están a implementar a maiores desde a Consellería de Sanidade para facerlles fronte a estas listas de espera.

E, unha vez máis, non deron ningunha información das listas de espera non estruturais, e isto é algo gravísimo. Ou sexa, temos pacientes que están nunha lista de espera, e ningún sabe nada desa lista de espera. As pacientes non saben canto tempo van ter que agardar, non teñen ningún dereito a que se lles recoñeza o tempo máximo no que van ser atendidas. As profesionais que as atenden, que lles fan o seguimento periódico, non teñen ningunha información de cando poden ser atendidas. A poboación en xeral, os grupos desta Cámara, sindicatos ou asociacións de pacientes non saben nada desas listas de espera non estruturais. ¿Por que? Porque vostedes se empeñan en ocultalas. Por iso lle digo que os datos —que podemos volver revisalos se vostede quere— son falsos, porque non son completos, porque ocultan sistematicamente o que pasa cunha gran parte da poboación. (*Aplausos.*)

Se vostede non ten nada que ocultar, se considera que os seus datos son para sacar peito, faga públicas esas listas de espera non estruturais. Eu mesma llas solicitei ao abeiro do artigo 9. Linlle antes o que significaba o artigo 9. ¿Cando me vai remitir esa información? Agardo, agora que xa coñece o contido do artigo 9, que xa está involucrado no tema, mañá ter un correo con esa información. Porque estamos esperando desde setembro. Ben, para ser máis exactos, xa as pedira na lexislatura pasada, pero, claro, acabouse a lexislatura e esa información, casualmente, non entrara.

Señor conselleiro, teñen un problema coas listas de espera. Deille os datos comparándoos cos dos seus propios gobernos, cos do seu propio goberno. No 2019 aquí gobernaba o Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Carreira.



A señora CARREIRA PAZOS: ...—remato, señora presidenta— e os datos son peores, ¡os datos son peores! ¿Onde están as optimistas previsións do presidente da Xunta de Galiza en 2023, que contaba con non só non ter chegado aos niveis de 2019, senón con ter mellorado esas cifras?

Estamos no 2025. ¿Que ten vostede para ofrecer, para mellorar esas listas de espera? E, sobre todo, ¿cando vai facer pública a totalidade da información das listas de espera? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro, don Antonio Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Vamos ver, non pode comparar o ano 2019 co ano 2024, pola sinxela razón de que a demanda é moito maior. A ver se entende o concepto, é moi sinxelo. O problema é cando eu teño máis lista de espera ou a mesma facendo menos actividade. Pero se ti consigues diminuír o tempo de espera aumentando a actividade estás facéndoo ben. É unha cousa de colexio. Estás facéndoo ben, iso que lle quede claro.

Ponme o exemplo das colonoscopias de máis dun ano. Vamos ver, ¿vostede sabe se esa colonoscopia é dun paciente que está sangrando, que hai moitos criterios para poder ter un posible cancro de recto, por exemplo, ou se é dun paciente que está nun cribado que xa fixo unha colonoscopia anterior ou antes de cinco anos, por exemplo? *(Murmurios.)* Non, non, os casos puntuais son puntuais, e imos falar de números... Non, non, non. Non, imos falar de números. Vamos ver... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Vamos ver, os tempos de espera diminuíron —son datos— en relación —é verdade— ao ano anterior e aos seis meses previos. Iso está aí, está publicado. Son así os datos, son así e están mellor en cirurxías, en consultas especializadas e tamén en probas diagnósticas e terapéuticas. ¡É o que hai, síntoo moito! E, ademais, pódolle dar moitas máis razóns para que vostedes valoren o traballo realizado polos profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Vamos ver, a sanidade pública galega aumentou a actividade en todas as áreas e reduciu os tempos de espera nun contexto moi complexo, por varios motivos: polo déficit de profesionais —que diso non din nada, porque non lles interesa— e polo reto que supón o envellecemento da poboación, que afecta non só a Galicia, senón a toda Europa. Galicia non é algunha excepción. Os galegos viven cada vez máis e, por sorte, en boas condicións e mantendo boa parte da súa actividade. Este é o motivo polo que cada vez máis persoas maiores teñen que pasar polo quirófano, por exemplo, e precisan dos servizos de saúde. É unha realidade.

Para dotar os servizos de saúde de máis recursos, para tratar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)* Para tratar estes e outros pacientes...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor! ¡Silencio! *(Murmurios.)*

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Non sabía que estaba volvendo ao colexio. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Falamos despois, se quere; agora déixeme falar. Eu non teño ningún problema en falar, fágoo todos os días.

Para dotar os servizos de saúde de máis recursos e para tratar estes e outros pacientes introducimos a cirurxía robótica nas sete áreas sanitarias, porque, ademais, é garante de igualdade na accesibilidade a esta tecnoloxía para todos os galegos e galegas. Tamén aquí experimentou o Servizo Galego de Saúde un extraordinario incremento da actividade, cun 19 por cento máis de intervencións robotizadas no ano pasado. Chama a atención concretamente o aumento rexistrado nas operacións robotizadas a persoas de entre 65 e 90 anos: un total de 1.918 intervencións, que supoñen 428 máis que o ano anterior.

Convídoa a sumarse ao orgullo da sanidade pública galega por ser capaz de responder cada vez con máis eficacia ás necesidades da nosa poboación.

O Servizo Galego de Saúde practicou no ano pasado un total de 4.200 intervencións cirúrxicas máis a persoas maiores de 90 anos, o que supuxo un incremento dun 12,7 por cento con respecto a 2023; maiores de 90 anos.

Tamén resulta especialmente relevante para os pacientes máis maiores a modalidade de hospitalización a domicilio, que se atopa moi ben valorada polos pacientes. Ademais de aumentar a confortabilidade, mellora a seguridade asistencial, ao non estar hospitalizados, con todas as complicacións asociadas a ese proceso.

A Consellería de Sanidade cumpre escrupulosamente co seu deber de facilitar información —escrupulosamente— sobre as listas de espera, segundo o establecido na normativa básica estatal —¿xa sabe vostede, señoría?— *(A señora Carreira Pazos nega coa cabeza desde o seu escano.)* e na propia normativa autonómica. Non só iso, senón, ademais, facemos un exercicio de transparencia, e adiantamos a publicación dos datos enviados ao Ministerio de Sanidade.

¿Traballamos para mellorar? Si, pero non temos nada que ocultar sobre os tempos de espera da sanidade pública galega. Ben ao contrario, presentamos estes datos de forma simultánea na Consellería de Sanidade e en todas as áreas sanitarias. Tanto o real decreto como as ordes autonómicas definen o rexistro de pacientes en espera e a súa clasificación como estrutural, que é a que é atribuída á organización dos recursos dispoñibles —polo tanto, é a relevante para analizar a capacidade do Servizo de Saúde e dar resposta ás necesidades; teñen vostedes os datos publicados—, e a espera non estrutural, que é aquela non atribuíble á organización dos recursos; por exemplo, se os pacientes non son operados por motivos médicos —que pasa con relativa frecuencia— ou se elixen voluntariamente non ser operados no momento en que son citados.



Señoría, entendo perfectamente que vostedes non queiran que os datos de Galicia se poidan comparar cos doutras comunidades autónomas, porque, cada vez que llelos dou, como na anterior intervención, mostran a fortaleza da xestión deste goberno. Se algo quedou claro nestas intervencións, é que vostedes non teñen credenciais para criticar as listas de espera que o Servizo Galego de Saúde ten, e os seu persoal traballa todo o día para melloralas.

Insisto, xestión clínica, prioridade e complexidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben, moitas grazas.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento do plan estratéxico que dispón a Lei de servizos sociais de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defender a interpelación, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos.

Boa tarde, conselleira.

Basicamente esta interpelación vén motivada por unha serie de datos que poñemos na parte dispositiva, seguramente xa coñecidos por vostede e por moitos dos que estamos aquí, e que non unha vez senón moitas adoitamos traer aquí e falar sobre eles, pero nunca acadamos unha solución. Porque a cousa é que os feitos non deixan de existir porque sexan ignorados e, por este mesmo motivo, temos que voltar repetilos.

Unha das nosas teimas —e cremos, ademais, que é importante neste caso, porque nada nesta vida funciona se non se ten un plan— é sobre o artigo 59 da Lei de servizos sociais, que establece que é competencia da Xunta de Galicia o sistema de servizos sociais e, polo tanto, que ten que ser liderado pola Consellería de Servizos Sociais. E indo ao concreto e establecendo ese marco normativo de todos os servizos sociais e da planificación dos servizos sociais de ámbito territorial en Galicia, son competencia, polo tanto, da Consellería.

Este plan estratéxico, que digo que está incluído neste artigo 59 da Lei de servizos sociais do ano 2008, é o que nunca foi aprobado aínda desde a aprobación da lei do 2008. Nunca viu a luz en todos estes anos. Son dezasete anos. Claro, é que non podemos entender como desde unha consellería que ten ámbitos potentes —digámolo así— e moi importantes e que vos tede sempre di que poñen no centro as persoas, como poden durante todos estes dezasete anos.... Eu xa sei que cambiaron de conselleiro varias veces e posiblemente cada un deles ou



cada un de vostedes teñen diferentes puntos de vista sobre o que ten que facerse en servizos sociais, pero pertencen ao mesmo partido. É dicir, dentro desa forma de entender os servizos sociais, entendemos que hai un plan estratéxico deseñado polo primeiro ou a primeira conselleira —que creo que foi Beatriz Mato—, que podía ser aprobado, admitido ou remodelado, pero, en calquera caso, habería un plan estratéxico sobre o que traballar.

E dicía que, concretamente, respecto a este Plan estratéxico de servizos sociais, o artigo 45 da propia Lei de servizos sociais establece que o departamento da Xunta con competencias na materia elaborará cada seis anos un plan estratéxico no que se formulará a función das necesidades sociais presentes da cidadanía galega, garantindo a participación das entidades locais. É dicir, de ter seguido a lei, de ter cumprido esta lei con este plan estratéxico, neste ano estaríamos terminando o segundo plan estratéxico, e estaríamos xa encarando o vindeiro plan estratéxico, tal e como está a facer unha autonomía parella que é a de Castilla e León, que ten para o ano 2022-2025 o final do seu segundo plan estratéxico e encaranán posiblemente a partir do ano que vén o terceiro.

O caso é que este plan —dicía— non foi aprobado nunca, e isto é a proba —eu creo— da implicación da Xunta de Galicia no termo de liderar os servizos sociais, porque unha cousa é ter a responsabilidade política e outra cousa é liderar, ou que un sinta que ten que liderar os servizos sociais.

E isto ten unha consideración práctica negativa para o desenvolvemento da lei, porque non é soamente que non lideren este plan; é que non liderar este plan, non poñer en funcionamento este plan, ten outras consecuencias, que paso a relatar, porque é unha cuestión un pouco árida, xa que isto, basicamente, é tecnocracia. Pero, claro, se non a aplicamos, pois despois nos tachan doutro tipo de cuestións. Pero isto é unha cuestión técnica que hai que poñer en práctica.

O decreto polo que se regulan os servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e o seu financiamento, o 99/2012, prevé no seu capítulo VIII, ademais das transferencias finalistas correntes para o financiamento do plan concertado, a de axuda no fogar e demais gastos correntes. Contempla tamén a posibilidade de dar transferencias de capital para investimentos en centros de titularidade municipal: os centros sociais polivalentes, os centros de día, os centros de acollida de persoas sen fogar, os albergues de transeúntes ou calquera tipo de centro de competencia municipal. Pero a posibilidade de desenvolver este mecanismo —que nos levaría a unha boa relación cos municipios— de transferencias de capital corrente para o financiamento de investimentos de capital de titularidade municipal está condicionada de acordo coa disposición transitoria segunda deste Decreto 99/2012, do desenvolvemento da Lei de servizos sociais. E está condicionada a que se aprobe no mapa galego de servizos sociais o plan estratéxico. É dicir, di a disposición transitoria segunda que o procedemento previsto no capítulo referente a investimentos de capital non será de aplicación ata a aprobación destes instrumentos. Polo tanto, mentres non sexan aprobados estes instrumentos de planificación, non se pode facer efectiva e, polo tanto, hai esta inacción dos servizos sociais, onde sempre está a cuestión do financiamento, que tamén ten que haber financiamento, pero basicamente o que non teñen é desenvolvido un instrumento da Lei de servizos sociais e, polo tanto, non teñen unha relación, digamos, sa, de complicidade e de todos a unha cos concellos en Galicia.



¿Que provoca? Pois o que temos visto ata o de agora e despois de diferentes remodelacións de cada conselleiro que pasa, pero o último é unha reestruturación de departamentos, que levaron á dimisión no mes de decembro de diferentes xefes da área de dependencia; xefes de servizos que, dado o desaxuste ou a falta de coordinación que había dentro da Consellería, pediron a súa dimisión. Si, é así... *(A señora conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Como? Perdoe.

Dígolle que dimitiron xefes de servizo. Dimitiron xefes de servizo da súa consellería debido a toda a desorganización que houbo na área de dependencia. Ben.

Respecto da eliminación do informe social, tampouco eliminaron o informe social. ¡Conse- lleira, non eliminaron tampouco o informe social! Eliminan o informe social, na fase de va- loración, que é un elemento fundamental para conceder a dependencia a todos aqueles que están á espera; e fano de costas ao Colexio de Traballo Social, que, por certo, na Lei de acom- pañamento, volveron insistir en que lles fose recoñecido o seu traballo. Pois vostedes eli- minan o informe social, o cal volve dar, a principios deste ano, desaxustes á hora de solicitar a dependencia por parte dos usuarios.

Hai territorios que están desertizados de asistencia á dependencia, dándose casos de perco- rridos de preto dunha hora para chegar a centros de día. Tamén hai residencias deterioradas e con serias necesidades de remodelación: A Coruña, Ferrol, Santiago..., que foron denuncia- das tanto neste Pleno como na Comisión 5ª, onde falamos habitualmente de como se atopan as residencias en diferentes territorios de Galicia, á espera dun plan de inclusión que non dá chegado e á espera de que os dereitos LGTBI, á parte das axudas puntuais que se dan e que teñen pequenos convenios, teñan, polo menos, por parte da consellería, un plan de acción que os leve a recoñecer e a que poidamos falar de se imos ben encamiñados ou non en Galicia con respecto a este tema. Hai residencias —xa se falou hoxe aquí— que albergan enfermos psiquiátricos, sen demonizar esta situación e sen falar de estigma. Ninguén fala aquí de es- tigma; do que se fala é dunha falta de planificación e, desde logo, dunha falta de criterio para ingresar a persoas con problemas psiquiátricos, a exconvictos e a persoas con adiccións en residencias de anciáns. Póñolle o exemplo de Oleiros e póñolle o exemplo de Ferrol, e cando queira falamos aquí cos comités de empresa, que están a denunciálo continuamente.

Hai adxudicacións de prazas sen criterio de proximidade ao territorio, dándose casos de re- sidentes que son desprazados ata case dúas horas de tránsito da súa contorna familiar, e os hospitais teñen que acoller a dependentes por emerxencia sobrevida ata máis de dous meses ata que atopan prazas, axudando así ao colapso das camas hospitalarias. Pasa con frecuencia, que, por urxencia sobrevida, os hospitais teñen que facerse cargo, por períodos de dous a tres meses, de persoas que non teñen por que estar neses hospitais, pero que, por unha cues- tión basicamente de falta de planificación, non atopan prazas nas residencias públicas. Entón, basicamente, non hai por onde empezar.

Levamos 365 días desde que gobernan, e cando chegamos aquí os problemas eran os mes- mos. Non é que haxa problemas *ex novo* ou que non soubesen co que se ían atopar; eran exactamente os mesmos problemas. Evidentemente, non hai nada tan increíble que as pa- labras non poidan volvelo aceptable. E vostedes veñen aquí, utilizan uns discursos, diga-



mos, monocanais, onde falan sobre a grandeza dos traballadores —que, evidentemente, hai grandeza dos traballadores— que están todos os días ao pé do canón, pero, como xa se dixo aquí tamén, están precarizados, e é un sector, ademais, feminizado e cunha precarización importante, pero, evidentemente, nin lles importa realmente nin se espera que lles importe, porque levan acadado cousas por convenios colectivos que non se dan resolto, e levan acadado, por melloras e por *ratios* de coidado de enfermos ou de coidado de usuarios..., que non cambian tampouco. Teñen unha lei arcaica absolutamente para os tempos que corren...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Decía que é unha lástima que teñan simplemente as palabras como unha cuestión aceptable para volvelo, dalgunha maneira, verdade, pero non o é. Poden repetir aquí novamente todo o que repetiron xa hoxe pola mañá, poden engadir novos datos, poden voltar falar das residencias da Deputación de Lugo... Poden dicir o que queiran, pero a realidade é que no día de hoxe nin lideran, nin teñen ningunha decisión de liderar os servizos sociais en Galicia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Longueira, boas tardes.

Unha administración comprometida cos servizos sociais é aquela que contempla nas súas contas anuais o orzamento necesario para o seu soporte e atención; é aquela que garante que toda persoa en situación de vulnerabilidade reciba ese apoio que tanto necesita; e é aquela que impulsa un sistema social que sexa cada vez máis accesible, máis áxil e tamén máis eficiente. (*Aplausos.*)

O Goberno galego cumpre unha a unha todas estas premisas e traballa cada día a través dos servizos sociais, e faino sempre atendendo e escoitando as necesidades reais de todos os galegos. Este é, precisamente, o camiño que imos seguir, procurando esa mellora constante do sistema de atención á dependencia; e facémolo fronte a un goberno de Pedro Sánchez que anuncia cada día máis medidas, pero son medidas sen investimento e sen vontade de mellorar a vida de todas as persoas. Dende a Xunta de Galicia facemos exactamente o contrario: incrementamos cada vez máis o orzamento destinado ano a ano a atender as persoas con dependencia; continuamos reducindo a burocracia e tamén reducindo os tempos de agarda; e tamén impulsamos medidas pioneiras e universais para a atención integral de todas estas persoas.



O certo é que neste camiño non podemos avanzar en solitario. Eu lémbrolle que para achegar cada vez máis servizos e máis prestacións a todas as persoas maiores con dependencia é necesaria a colaboración por parte do Goberno central. Mire, o Goberno central segue incumprindo ano tras ano o financiamento da Lei de dependencia; unha lei de dependencia que, como vostede ben sabe, obriga ao financiamento a partes iguais, ao 50 por cento. Dende Galicia estamos facendo un esforzo moi importante e moi superior ao que lle corresponde, pero o Goberno central, moi lonxe de achegar ese 50 por cento, no último ano baixou a súa aportación á Comunidade Autónoma de Galicia, baixou a aportación do 40 por cento ao 34,9 por cento, o que sitúa a débeda acumulada con Galicia en máis de 2.500 millóns de euros. A este paso, moi pronto, señora Longueira, chegaremos xa aos 3.000, e vostedes seguirán absténdose de apoiar esta reclamación de Galicia fronte ao Goberno central.

Mire, vostede pide hoxe un plan estratéxico de servizos sociais, pero a Xunta de Galicia xa está abordando de forma integral toda esta planificación nos distintos ámbitos sectoriais, como pode ser a dependencia, a infancia ou a inclusión social, e cando xa se conta con medidas concretas e medidas que están postas en marcha nos diferentes sectores.

Mire, nós somos bastante máis de feitos que de follas, pero pídolle que lle pida ao Goberno central que cumpra con Galicia, que cumpra con todos os galegos, que deixe de escribir tanto e que cumpra todas esas obrigas, porque moito escribiu, moito redactou esa lei destinada a todos os enfermos con ELA, pero cun financiamento cero. Este non é o camiño que imos seguir en Galicia, señora Longueira. Por iso lle pido que lle reclame ao Goberno central o que lles debe a todos os galegos e o que debe da factura da dependencia. Eu mesma volvíno pedir este mesmo mes en Madrid, no Pleno do Consello Territorial dos Servizos Sociais, no que lle insistín ao Goberno central que cumprise co financiamento da dependencia en Galicia. Insistínlle tamén en que actualice o baremo da dependencia, que cremos que está obsoleto, e insistín unha vez máis en que as boas palabras do ministro non serven para soste o sistema de financiamento da dependencia dunha comunidade como é Galicia, que ten unhas características e unhas peculiaridades determinadas, como pode ser a dispersión territorial ou o envellecemento, o que supón un alto custo de moitos servizos.

Pero, mire, ante este desequilibrio e ante os problemas estruturais de financiamento, dende a Xunta de Galicia levamos moitos anos actuando e moitos anos poñendo cartas no asunto, incrementando ano tras ano os orzamentos, uns orzamentos en Galicia que soben un 11 por cento os fondos destinados á dependencia, mentres a achega do Goberno central baixa un 5 por cento, e uns orzamentos que nin Pedro Sánchez é tampouco capaz nin de aprobar. Tomamos en Galicia cartas no asunto con medidas concretas, con ese novo plan de axilización e simplificación que ten como obxectivo resolver todas as solicitudes de dependencia no prazo máximo de seis meses antes de que remate este ano 2025. É un plan que, ademais de reducir a burocracia, crea unha vía preferente que era moi necesaria para todas as persoas maiores de 80 anos. Pero, ademais, con este plan concedémolles o grao III de forma automática a todas as persoas encamadas, con cánceres terminais, ás que teñen párkinson en fase V ou ás que teñen unha tetraplexia. É un plan que nos dous primeiros meses de aplicación xa deu os seus resultados. Resolvéronse 3.563 expedientes de dependencia, emitíronse 4.555 resolucións de discapacidade e emitíronse polo sistema da homologación 6.028 novas resolucións de recoñecemento ou de revisión do grao da discapacidade a persoas que xa tiñan a dependencia recoñecida.



A previsión que temos é rematar o primeiro trimestre deste ano con máis de 7.000 expedientes de dependencia resoltos e con outros 13.000 de discapacidade, o que suma un total de 20.000 expedientes resoltos no prazo de tres meses. Isto é o que imos facer, señora Longueira, e facémolo grazas ao esforzo da Xunta de Galicia, ao esforzo de todos os galegos, sendo Galicia unha das comunidades coa mellor *ratio* de atención, con máis de 78.000 dependentes atendidos, que é cinco veces máis que cando gobernaban vostedes en Galicia, xunto co Bloque Nacionalista Galego, (*Aplausos.*) e que sitúa a Galicia entre as tres comunidades españolas coa mellor taxa de cobertura e de atención ás persoas con dependencia, na que o 98 por cento das persoas dependentes nestes momentos están recibindo un servizo ou unha prestación.

Mire, eu xa sei que a vostede hai datos que non lle interesan; contou aquí moitos, pero eu vou contar outros. Vostede ten o seu discurso feito do mal que vai Galicia, do mal que van todos os servizos sociais, na interpretación dunha interpelación que está centrada na sucesión de cifras dun informe, así como dixo vostede; pero vostede recolle soamente aquelas cifras que lle interesan e as outras manipúlaas. Eu creo que hai algunhas cifras dese mesmo estudo que cita vostede que lle quedaron atrás ou que lle esqueceron; algunhas cifras como que hai nove comunidades autónomas que aproban na súa xestión da dependencia, e entre elas está Galicia, ou que Galicia está como a comunidade con menor porcentaxes en lista de agarda — aínda que non existiría ningún dato bo, porque o único dato bo cando falamos disto é cero—. E a todo isto súmaselle o feito de que o informe toma como referencia a persoas potencialmente dependentes, que considera aquelas que superan os 65 anos de idade; un dato que cremos que non é un dato obxectivo, xa que cada vez hai máis persoas que superan esta idade e que cada vez o fan con maior benestar e con maior autonomía. Pero, ademais, este dato prexudica gravemente a comunidades autónomas envellecidas, como pode ser Galicia.

Polo que, señorías, dende a Xunta de Galicia e dende o Goberno imos continuar traballando sempre por situar a Galicia como un referente na atención á dependencia e como un exemplo a seguir para o resto de España. Imos facelo blindando os servizos sociais, que son o garante dunha sociedade cada vez máis solidaria, máis equitativa e tamén máis estable, e ese é un obxectivo que debería ser común para todas as administracións públicas, que se deberían de implicar nesta medida e que deberían tomar boa nota do que se está facendo dende Galicia.

En definitiva, somos conscientes de que hai que seguir mellorando, de que temos que seguir facendo cousas, pero eu tamén creo, sinceramente, señora deputada, que imos polo bo camiño, pese ás pedras constantes do señor Pedro Sánchez.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

A min non me defenda, jeh! Se defender Galicia, se defender os dependentes ou a xente que podemos estar próximos ou tan próximos a solicitar a dependencia é iso, prefiro que non



me defenda, porque, basicamente, se falamos da xente atendida grao III, si, pero o grao I e grao II, ¿onde están? ¿Onde se lles atende? ¿Onde van eses 800 dependentes? Voulle poñer un exemplo do concello da Coruña. Cada semana a lista non pasa de aí, non dá pasado de aí: 800 dependentes que entran ao sistema. Si, os de grao III, si —a onde esperemos non chegar moitas veces, evidentemente—, pero aí xa falamos da deterioración absoluta da persoa, evidentemente; xa non queda máis remedio. Pero é que desde aquí xa o anuncio: o que teña un grao I, que se prepare, non vai recibir nunca ata que teña o grao III. *(Aplausos.)*

E, ademais, dime vostede que é unha batalla de datos. Pois si, é unha batalla de datos, señora conselleira. Xa a pode asesorar o señor Trenor ou a señora Raquel Arias; é unha batalla de datos. Entón, ¿cal é a realidade?, ¿que é o que vimos dicir aquí? Porque vostede pode dar os seus, eu podo dar os meus e podemos aburrir a todos os que están aquí, aos que nos escoitan desde as súas casas ou onde sexa cuns datos que, como vostede ten a ousadía de dicir, eu manipulo. Eu non vou dicir que vostede manipula; non digo iso, porque na miña casa non me ensinaron a dicir iso. Pero o que lle digo é que isto non vén diso, señora conselleira; isto vén de facer un plan estratéxico —é moi sinxelo, esta está na lei—; un plan estratéxico que vai facer que a Xunta, que a Consellería, teña nos concellos a referencia que ten que ter, porque son os que están próximos aos usuarios, porque a Lei de dependencia non a dá a conselleira, dáa a traballadora social que vai á casa —agora xa non— do usuario no concello de referencia. Entón, con este plan estratéxico solvéntanse moitas destas cuestións.

Teñen vostedes o exemplo, volvo repetir —que parece que nacín alí e non—, de Castilla-León. Xa van polo segundo plan estratéxico. É a comunidade que mellor resolve a dependencia. Ten catro eixos de traballo: a inclusión, a familia, a dependencia e, sobre todo, os grandes dependentes. Teñen eses catro eixos para traballar e ¡ningún problema! Solventa —evidentemente, cos problemas do día a día— perfectamente a Lei de dependencia. ¿Por que? Porque constrúe un plan estratéxico. E é unha comunidade que está posiblemente moi emparellada á comunidade galega pola mesma cuestión do envellecemento, pola dispersión do territorio... E, por suposto, ten a súa color política. Ou sexa, non é unha cuestión de color política, é unha cuestión de saber que desde a primeira conselleira que veu aquí, despois do Goberno de Emilio Pérez Touriño ata o de agora, vostedes fixesen plans estratéxicos para seguir adiante, e que os de grao III, tivesen a posibilidade que tivesen, fosen atendidos, pero os de grao I tamén, co plan de inclusión encima da mesa e cunha política que ten que ver con toda a conciliación familiar, evidentemente, axeitada, e que non tivésemos que rexeitar —teño que volver repetilo aquí— todos os millóns que se puxeron encima da mesa para facer escolas infantís, porque «o modelo non se adapta». ¿Que modelo? ¡Se non teñen modelo! ¿Que modelo? Non hai modelo. *(Aplausos.)*

Entón, cando un trata de facer as cuestións polo rego ou por onde teñen que ir, as costuras da chaqueta rebotan, como están rebotando hoxe en día en moitas situacións... Porque aquí se falou, precisamente, de toda esta cuestión que está pasando coas residencias de maiores estritamente públicas. Non sei se naquelas que teñen vostedes concertadas están atrevéndose a facer iso, pero naquelas que son meramente públicas vostedes están atrevéndose a poñer persoas cunhas patoloxías determinadas e cunhas cuestións determinadas sen ter o control médico, digamos, ou asistencial adecuado. E, ¿por que? Porque, ¿onde está o plan de inclusión? ¿Onde está? ¿Onde está un plan de ponte sociosanitario, que nos levaría



a que esas persoas con patoloxías psiquiátricas estivesen coidadas, recollidas ou, dalgún xeito, mellor insertas na sociedade?, ¿onde está?

Entón, non é soamente unha cuestión de dependencia. Nós dabamos estes datos, pero xa vostede se apresurou a traer aquí a Pedro Sánchez, e pódolle falar da súa entrevista co ministro Bustinduy, que, ademais, a felicitou a vostede en concreto. Pero tamén temos aquí os datos dos gobernos de Mariano Rajoy, onde a dependencia non existiu, durante os anos do austericidio, e todos os que estaban aquí sentados, calados. Entón, non se trata só diso, de facer unha refrega de datos para que ninguén se entere e de facer ruído para «¿onde vas Pepe? Mazás traio», que basicamente é o que vimos facer aquí moitas veces. Trátase de que teñen vostedes unha ferramenta...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—agora mesmo— que nos faría a todos máis grandes e máis felices, que diso se trata basicamente, de que posiblemente toda esta xente —que seguramente vostede non coñece, pero nós si— que está na residencia de Oleiros, que está nas residencias de Ferrol, que está na residencia do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela, non tivese o medo que ten —tanto os familiares como usuarios— pola situación na que están.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Longueira, a vostede, que lle gustan tanto os artigos, as leis e os datos, voulle dicir un artigo que é moi claro. Mire, capítulo V, título I, artigos 32 e 33 da Lei de dependencia, Lei 39/2006: 2.500 millóns de euros que nos debe o Goberno de España ao peto de todos os galegos. Ese é o artigo que tiña vostede que escribir, señora Longueira. (*Aplausos.*)

Mire, ¿sinceramente, vostede cre que cun plan estratéxico se arregla o sistema de atención á dependencia? Porque é o que acaba de dicir vostede. Nós non o cremos, sinceramente, porque nós cremos nos feitos, nós cremos nas medidas concretas, e por iso acabamos de poñer en marcha este plan de choque, este plan de axilización administrativa. ¡Bo!, non, señora Longueira. É un plan que acaba de dar os seus resultados: 20.000 expedientes resoltos en tres meses, señora Longueira. Ese é o camiño que imos seguir, poñendo en marcha cada vez máis medidas que beneficien a todas as persoas maiores e a todas as persoas dependentes.

Mire, fala vostede do Concello da Coruña. O servizo de axuda no fogar vostede sabe que é unha competencia municipal. Mire, no Concello da Coruña hai 1.051 persoas en lista de espera a través do servizo de axuda no fogar. ¿Por que non atenden vostedes a todas esas per-



soas? ¿Por que vostedes non lles prestan ese servizo de axuda no fogar a máis de mil persoas que están esperando ese servizo no Concello da Coruña, persoas dependentes que teñen un dereito recoñecido e que están nestes momentos nas súas casas, esperando a que o Concello da Coruña lles preste ese servizo de axuda no fogar.

Mire, vostede tamén fala de continuar escribindo. A nós gustaríanos continuar escribindo aos servizos sociais tamén en materia de inclusión, pero é que aínda estamos esperando —e levamos anos— pola transferencia do ingreso mínimo vital. É un compromiso por parte de distintos ministros coa Xunta de Galicia de transferir o ingreso mínimo vital. ¿E por que Galicia quere esa transferencia do ingreso mínimo vital? Porque queremos ser áxiles con todas esas persoas, que non teñen tempo que esperar, que están pasando un mal momento, que están pasando un bache e necesitan esa axuda o antes posible, e non esperar sete, oito ou nove meses por ese ingreso mínimo vital. ¡Menos mal, señora Longueira, que durante todos eses meses está a Xunta de Galicia ao seu lado dándolles a renda autonómica para que poidan continuar adiante!

Pero mire, por moito que falen, por moito que digan, nós non nos imos desviar do noso camiño. Imos continuar implementando ese plan de choque á dependencia que acabamos de aprobar; que, por certo, xa nos están chamando comunidades autónomas do seu signo político para copiarnos ese plan de choque da dependencia, que está dando os seus resultados: 20.000 expedientes resoltos no prazo de tres meses dende que entrou en vigor o 1 de xaneiro. Imos continuar poñendo en marcha cada vez máis prestacións, máis servizos, e creando tamén máis servizos no rural galego, para que as persoas non se teñan que desprazar e non teñan que saír da súa contorna. E, como non, ímoslle continuar exixindo ao Goberno de España que cumpra a lei. Xa que nola obriga cumprir a nós, eles que cumpran tamén a Lei de dependencia. (*Aplausos.*) Que cumpra o Goberno de España a Lei de dependencia, que nos aboe os 2.500 millóns de euros, que nos transfira de forma inmediata a xestión do ingreso mínimo vital, pero sobre todo que cumpra a Lei ELA, por todos eses enfermos que teñen ELA, que é unha enfermidade cruel e devastadora, e fixo unha lei cun financiamento cero.

Dígalles vostede que dende Galicia non lle imos dar nunca as costas aos enfermos con ELA (*Aplausos.*) e que imos seguir poñendo en marcha e aboando cada mes esas axudas, do peto de todos galegos, para que todas estas persoas teñan a mellor calidade de vida; así como que cada vez imos seguir atendendo a máis persoas dependentes. Ímolo continuar facendo nos seus propios fogares, a través dese servizo de axuda no fogar de competencia municipal, e mellorando tamén o seu financiamento, concedendo cada vez máis bonos de coidados a todas aquelas persoas que así o elixan e creando cada vez máis prazas residenciais públicas, como estamos facendo nestes momentos. Ese é, precisamente, o camiño que imos seguir, porque é a débeda que temos con todas as persoas maiores e con dependencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Avanzamos co punto 7, de preguntas ao Goberno.



Pregunta de D^a Monserrat Varcárcel Armesto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración realizada pola Xunta de Galicia respecto da solicitude de captación de auga no encoro de Portodemouros prevista no Proxecto Gama

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Varcárcel.

A señora VALCÁRCCEL ARMESTO: Señora conselleira, o proxecto Gama, de Altri, solicita —e aínda non ten aprobada— a concesión de augas no encoro de Portodemouros por setenta e cinco anos para a captación de 46 millóns de litros de auga ao día. Esta macrocelulosa precisaría unha cantidade superior de auga á que consumimos en toda a provincia de Lugo cada día.

Ademais, a macrocelulosa non só detrae do encoro de Portodemouros esa auga, senón que devolve uns 30 millóns de litros, o que no seu conxunto significa que no río Ulla e logo na ría de Arousa hai menos auga e máis contaminada. Xa sei que nun recente día se reflicte literalmente a seguinte frase: «Na situación futura, contando coa vertedura, a cantidade de nutrientes que chegan ao encoro será menor que no estado actual». Permítame que dubide de tal afirmación, especialmente vendo as prácticas de Altri no río Texo, en Portugal, con varias negligencias ás súas costas. Tamén lle digo que se conseguen o dito nesta frase, dígalles a eses técnicos que dean conferencias a nivel mundial, porque sería a primeira vez que ocorre. *(Aplausos.)*

Cómpre sinalar que no propio Plan hidrolóxico Galicia-Costa se establece unha orde de preferencia entre os usos e aproveitamentos. O primeiro son os usos de abastecemento, e temos que ir ata o sexto para encontrar outros usos industriais, no que entraría o proxecto de Altri. Recorde, señora conselleira: Altri sería o sexto en orde de preferencia na súa propia normativa.

Tamén se debe ter en conta neste proxecto o incremento da temperatura derivado deses millóns de litros de auga ao día cargada con materia orgánica, e a consecuente eutrofización e o posible efecto das toxinas, das cianobacterias, río abaixo.

Non parece razoable un vertido ao encoro de Portodemouros, cando no Miteco se cita como un punto de augas contaminadas por nitratos, e esa autorización camiña en sentido contrario á mellora dos obxectivos ambientais e incumpre a propia normativa comunitaria sobre protección de augas, a DMA.

E todo isto, ademais, nun contexto no que temos o Decreto 47/2022, que fixa a declaración de zonas vulnerables por nitratos só por contaminación das actividades agrogandeiras. É dicir, vaise limitar a protección fronte á contaminación das nosas augas por nitratos das fontes agrogandeiras, pero non os aportados por unha macrocelulosa.

E aínda que vostede afirmou nunha recente entrevista que ninguén bebe auga directamente do río, detraer a auga no encoro de Portodemouros non só compromete a viabilidade ambiental, senón que tamén o fai do abastecemento para consumo humano de máis ou menos unhas 145.000 persoas polo menos de moitos concellos...

O señor PRESIDENTE: Grazas...



A señora VALCÁRCEL ARMESTO: E, finalmente, sinalar que nos leva á pregunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo. Ten outro turno despois, creo. Grazas.

(Aplausos.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señora Valcárcel, «eses técnicos»... ¡Pero que ton máis despectivo!, ¿verdade? Todos os meus respectos para eles. Seguro que poden dar leccións maxistras polo mundo, porque eses que vostedes tanto critican son aos que, ao final, o Supremo lles acaba dando a razón. *(Aplausos.)* Esa é a realidade dos técnicos que traballan na Xunta de Galicia, que traballan comigo, e que poderían estar traballando tamén con vostede, cunha gran diferenza: que eu sempre os defenderei, e xa vexo que vostedes os defenestran, sobre todo cando non lles interesa.

A partir de aí, quero dicirlle que hai un mes eu estiven nesta Cámara para explicarlle ao seu compañeiro de grupo, o señor Bará —que se ve que xa se aburriu do tema je non me estraña!—, *(Risos.)* que unha cousa era a DIA do proxecto Gama e outra ben distinta a autorización de captación de auga no encoro de Portodemouros.

Como ben sabe, e ademais acaba de dicilo vostede, a DIA do proxecto Gama saíu publicada o día 14 de marzo no DOG. E con respecto á masa de auga do río Ulla, quérolle sinalar o que, efectivamente, din os técnicos de Augas de Galicia: «...considera que, de acordo cos resultados dos estudos entregados, os parámetros físico-químicos, os biolóxicos e tamén os hidromorfolóxicos da masa alcanzan os límites necesarios para conservar o bo estado actual». E sendo Augas, señora Valcárcel, máis exixentes que a Confederación Hidrográfica. E digo isto porque, como vostedes son socios tamén do Goberno central e hai unha ministra que di que o vai estudar moi moito, hai que dicir que os parámetros de Augas de Galicia son máis exixentes cós da Confederación Hidrográfica. De feito, establece que só se pode subir a temperatura media en 3 graos nos primeiros 50 metros, a contar dende o desaugue, por aquilo que viñan dicindo vostedes de que estaría a 27 graos e que, entón, bueno, ferverían os peixes polo medio. *(Murmurios.)*

En canto ao encoro de Portodemouros, os estudos sinalan que non haberá afeccións significativas no encoro, porque non se supera o limiar do 5 por cento de incremento de afeccións, tal e como establece o Ministerio de Transición Ecolóxica.

Así mesmo, o proxecto Gama aplicou unha tecnoloxía que lle exige a Xunta de Galicia máis eficiente que a inicial, multiplicando o investimento por parte da industria, pero dando como lugar que o nitróxeno se reduce nun 43 por cento, que o fósforo se reduce nun 73 por cento e que a carga contaminante non é superior ao 5 por cento do total, e polo tanto, tal e como di o Miteco, non xa Augas de Galicia, con esa carga e esa afección, no resto da masa de auga abaixo, a súa contaminación non é apreciable. Non o din os técnicos de Augas de Galicia, dío a Lei básica estatal.



A partir de aí, quero dicirlle que todo continuará o seu curso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois tamén.

Para a réplica, a señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCCEL ARMESTO: Señora conselleira, o meu respecto máximo por todos os técnicos... *(Murmurios.)* A miña formación é técnica. Consulte se quere «Google Académico», pode entrar, poñer o meu nome e saberá a que me dedico. *(Aplausos.)* E vexo que non escoita moi ben, porque eu dixen «os técnicos da factoría»; dixen «os técnicos da factoría», porque serán os que producen ese milagre, ese milagre que vostede di de reducir completamente os nitratos.

Eu voulle repetir que o Miteco xa a recoñeceu como unha zona vulnerable a nitratos, xa hai eutrofización moitos meses do ano. Entón, vaise aumentar, póñase vostede como queira. Esa é a realidade.

Despois, ¿que máis lle podo dicir? Pois a min o que me quedou antes por comentar é que, na concesión solicitada para setenta e cinco anos —como é esta captación—, hai que valorar os escenarios de cambio climático, nos que se prevé un incremento dos períodos de seca e de escaseza de auga. No propio Plan hidrolóxico de Galicia-Costa —volvo dicirlle, no seu propio Plan hidrolóxico— prevese unha redución dos recursos hídricos nos próximos anos de máis dun 8 por cento para o ano 2039, pero de moito máis para os seguintes anos.

Entón, eu a pregunta que lle facía —e que vin que non me respondeu— é se valoraron ese cambio climático para facer a captación de augas, e tamén cando se vai dar ese informe de captación de augas, porque sería moi importante coñecelo.

Despois, eu simplemente quero comentarlle algo das súas recentes declaracións. Vostede dicía: non teñan problema, que vai haber un control exhaustivo. E fala de que van poñer piezómetros. Pregúntolle: ¿sabe vostede o que é un piezómetro? ¿Sábeo? Porque mide o nivel de auga freática. Xa me dirá vostede onde está aí o control da contaminación. ¡Cóntemo! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Valcárcel.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

(Murmurios.)

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

A verdade é que, señora Valcárcel, eu non entendo de todo, pero o que lle podo asegurar é que Galicia pode estar segurísima cos bos técnicos que ten a Xunta de Galicia, porque eles si entenden. *(Aplausos.)* E foron un total de 42 os que asinaron os informes. Pero non só eses.



Vólvolles recordar que aos que vostedes defenestran, a aqueles que din barbaridades ao respecto e que outros despois levan ao xulgado, o Supremo acaba de darlles a razón. É o aval que garante que a Xunta de Galicia cos seus técnicos cumpre estritamente coa lei.

E a miña pregunta é: ¿quería en serio facerme esa pregunta ou simplemente o BNG quere seguir sobrevivindo a causas de seguir bloqueando a Galicia? Porque, ¿cre en realidade que hai algún técnico da Xunta de Galicia que vai emitir un informe sen antes valorar o cambio climático? ¡Pero vostede está de broma! É que para iso hai un plan, hai o Plan hidrolóxico, que é público, e que ten que cumprir con ese plan e, polo tanto, con ese plantexamento.

Dito isto, direille que o consumo real desta fábrica é dun 5 por cento e os meses de estiaxe é dun 2 por cento. E direille que ademais de facer o control —como se fai con todas as empresas, señora Valcárcel e señores do BNG— en todas as empresas, á parte de estar os axentes ambientais, está o persoal de Augas de Galicia, pero tamén está Sanidade. ¿Ou como cre vostede que temos os resultados e que a nosa auga está cualificada como unha das mellores de Europa? ¿Estamos de broma, verdade? ¡Estamos de broma! *(Aplausos.)*

Quero dicirlles que, despois da DIA, que foi publicada e, polo tanto, vostedes teñen todo o coñecemento e aí saben como responderon os distintos técnicos neses 30 informes sectoriais, no que atinxe á tramitación desta concesión de captación, saben vostedes que saíu á información pública o día 26 de decembro do ano 2023. A partir de aí, no expediente, efectivamente, hai unha análise dos recursos dispoñibles tendo en conta os efectos do cambio climático e en función do Plan hidrolóxico de demarcación Galicia-Costa para os anos 2021-2027, e que xa se está redactando o seguinte Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa. O caudal que solicita a empresa é de 0,532 metros cúbicos por segundo, cun caudal máximo de 0,640 metros cúbicos por segundo; uns valores moi inferiores aos caudais dispoñibles neste encoro, tendo en conta, señorías, o cambio climático.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as demandas de profesorado de apoio manifestadas pola ANPA do CPI Castro Baxoi, de Miño

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Abalde Alonso.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes, conselleiro.

Hoxe vimos aquí falar dun centro educativo que está no concello de Miño; concello que é un dos que en Galicia ten un incremento de poboación máis importante nos últimos anos. De feito, nos últimos cinco anos pasou de 6.400 habitantes a máis de 7.000 habitantes, dos cales 900 rapaces e rapazas están en idade de ser escolarizados, fundamentalmente no CPI Castro Baxoi, que é o centro de referencia nese concello.



Os pais e as nais deses rapaces e rapazas dese centro levan máis de dous anos pelexando coa Xunta de Galicia para que o dote de persoal, tanto de persoal de apoio como de profesorado, e se cumpran as *ratios* e os desdobramentos nese centro; sobre todo nun centro que tiña unha incorporación de estudantes durante todo o ano.

Como consecuencia da loita destes pais e destas nais contra esta situación na que se atopaban, xa o vou liberar de que me conte *ratios*, taxas e de que me fale de técnicos. Os técnicos ao final do ano pasado chegaron á conclusión de que, efectivamente, os pais e as nais tiñan razón, e, polo tanto, dotaron do profesorado necesario, fixeron os desdobres necesarios para cumprir as *ratios*, que a consellería estaba incumprindo durante eses dous anos.

Polo tanto, eu sempre crin que estabamos nunha situación de control político, pero resulta que parece ser que é un control técnico; aquí todo o mundo escúdase nos técnicos para non dar respostas políticas. Pero ben, xa lle digo: os técnicos chegaron á conclusión de que tiñan que dotar ese profesorado, e ese profesorado está aí; polo tanto, xa non imos falar de profesorado.

Pero a calidade educativa ten que ver co profesorado, cos recursos humanos, pero tamén ten que ver coas instalacións e coa situación dese centro. Ese centro, que está neste momento con máis de 600 estudantes, está podendo utilizar estas aulas —por certo, alumnos que estiveron esta mañá aquí visitando o Parlamento— porque se está producindo un desdobre —digamos—, unha división de aulas, cunha redución significativa da superficie de cada aula para o número de nenos que están aí ubicados.

Polo tanto, teñen un problema de estrutura, de instalacións complicado e complexo, pero sobre todo tamén teñen un problema importante de infraestruturas —como pode ser a cuberta, como pode ser patios cubertos— que teñen unhas deficiencias moi importantes. Os propios técnicos da consellería revisaron xa este centro e chegaron á conclusión de que era necesario que por parte da consellería se fixera un investimento para actualizar estas infraestruturas, investimento que foi prometido que se ía desenvolver no ano 2024; no ano 2024 non se fixo, pero había un compromiso por parte dos responsables territoriais da consellería de que neste ano 2025, no verán, se ía facer fronte a esas obras; pero, lamentablemente, aínda non están sacadas a concurso esas obras. Polo tanto, eu preguntolle: ¿van facer esas obras neste ano 2025? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, non deixo de estar sorprendido por dous motivos: o primeiro, estaba sorprendido inicialmente polo contexto da pregunta; o segundo, estou sorprendido porque na parte escrita pregunta por profesorado e na parte oral pregunta por obras. E tamén estou sorprendido porque se sorprenda vostede —como calquera deputado ou calquera persoa mi—



nimamente formada e informada— de que as decisións políticas teñen que ter un sustento e unha base técnica.

Parece que un político, ou conselleiro de turno, ou o alcalde de turno ou o ministro de turno pode facer o que queira, e xa está. Parece que xa hai políticos que pensan así. Estámolo vendo co debate de Altri, onde uns técnicos din unha cousa e parece que non ten ningún tipo de valor, e xa está.

E aquí parece, a outra escala obviamente, que se está dicindo o mesmo. Estase dicindo que efectivamente non se cumprían os ratios, non se cumprían as dotacións de profesorado e que os criterios técnicos o levaron a facelo. ¡Home!, é que ten que ser así, e que non podería ser así. O que si ten unha base política é, por exemplo, o interese da Xunta de Galicia en ter os mellores ratios posibles para dar unha mellor atención educativa posible. E por iso adoptamos un acordo —que, por certo, non o adoptou ata o momento ningunha comunidade autónoma do Partido Socialista— relativo a reducir os ratios en 4^o de infantil, e de aí de xeito progresivo, moi por debaixo da lei estatal que aprobou a esquerda hai moi pouco tempo.

Pero, claro, na exposición de motivos hai un *totum revolutum* que un non sabe moi ben a onde chegar, porque eu creo que alguén creu todo o que alguén lle dixo sen facer ningún tipo de comparación. Eu creo que ao final aí hai un pequeno descontrol, porque se mesturan temas absolutamente distintos; hai asuntos que xa están obsoletos, que xa están sobrepasados; e hai cuestións que non teñen nada que ver. Pero a verdade é que este centro ten os recursos necesarios, é que non pode ser doutro xeito.

Non hai ningunha arbitrariedade na dotación de recursos humanos ou na organización interna dun centro educativo. Cúmpranse os ratios, sen ningún tipo de dúbida, hai tres días cúmplanse os ratios: é dicir, en 4^o de infantil, menos de vinte; e no resto, tanto de primaria como de ESO, temos menos de vinte e cinco en todas as aulas e menos de trinta en todas as aulas. Ou sexa, que se cumpriu sempre, sempre se cumpriron os ratios.

E temos máis unidades este curso que o curso anterior. En infantil, o ano pasado tiñamos cinco unidades, este ano temos seis unidades; en primaria, tiñamos catorce unidades, temos quince unidades; e en ESO hai nove grupos, cando podería haber oito grupos; e, por encima, o número de profesores incrementase.

Co cal, eu digo: ¿como se pode preguntar sobre profesorado cando os datos obxectivos son o que son? Por iso, sorprendeume a pregunta e tamén me sorprende o quebro, o regate, para intentar cambiar o foco e intentar falar doutra cousa do que é a realidade....,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...porque penso que aquí alguén enganou a alguén....,

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e por iso faise esta pregunta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señor conselleiro, as ratios cúmprense neste curso, pero practicamente con menos alumnos o ano pasado non se cumprían esas ratios. *(Aplausos.)* Polo tanto, os técnicos eran os mesmos, os criterios eran os mesmos, porque ese acordo de ratios aprobouse para o curso anterior; polo tanto, os mesmos técnicos pois un ano facían unha cousa e outra outro.

Pero por suposto que ninguén pide que politicamente se fagan —digamos— decisións en contra das decisións técnicas. O que pasa é que os políticos si que marcan as directrices, as directrices estratéxicas e as directrices políticas, que despois teñen que aplicar os técnicos de acordo. Polo tanto, iso é o que estamos preguntando aquí.

Xa lle dixen: non me veña falar de profesorado, porque, claro, as preguntas no Parlamento preséntanse nun momento e despois as cousas van continuando.

Por certo, na exposición de motivos fálase das infraestruturas dese centro, e a realidade é que a consellería e eses propios técnicos se comprometeron a facer fronte a unhas obras dentro dese colexio para adaptalo ás condicións necesarias para que a docencia se produza con calidade. ¿Vai facelas a consellería neste ano 2025? Esa é unha pregunta clarísima. Pode dicir si ou non, cumprir ou non cumprir o que os seus técnicos lle dixeron. Teñen o proxecto, teñen un presuposto, póñanse en marcha para facer as obras.

Por certo, ¿non lle dixeron os seus técnicos que hai un problema co transporte escolar —porque nolo dixeron os rapaces esta mañá aquí no Parlamento—, que fai que os alumnos de ESO nalgúns casos perdan 90 minutos á semana de docencia, porque teñen que dar cursos de 45 horas? ¿Non llo dixeron os seus técnicos? Pois pregunte. E, por certo, fale co conselleiro responsable de transporte, para que modifique o transporte escolar e que poidan ter docencia de 55, de 60 minutos, como corresponde.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, señor deputado, ¿en que quedamos? ¿Os técnicos teñen razón? ¿Os técnicos non teñen razón? ¿Os técnicos deseñan os ratios? ¿Os técnicos non de-



señan os ratios? ¿As directrices políticas din que se incumpran os ratios? ¿As directrices políticas din que se cumpran os ratios? ¿En que quedamos? Ou unha cousa ou outra.

Eu o que lle podo dicir claramente é que a súa pregunta fala de profesorado, e eu respondo de profesorado. Creo que iso é o lóxico. Se se pregunta por unha cousa —digamos— desde a perspectiva da exposición de motivos e tamén da parte escrita, hai que responder sobre o que se plantexa.

Vostede tamén me pregunta por obras, e eu voulle dar tamén algúns datos. Neste centro educativo lévanse investindo nos últimos anos máis de 200.000 euros. ¿Poderíase investir máis? Por suposto, pero desde a perspectiva de investimentos temos 200.000 nos últimos anos. E temos, efectivamente, un proxecto de cuberta e de fachada de máis de 200.000 euros, que obviamente se licitará cando poidamos ter as capacidades económicas e as prioridades, que están por encima desta, e estean cubertas. Está o proxecto feito e obviamente licitarase, porque xa está o proxecto feito, por unha cantidade exactamente de 209.188 euros.

Pero ben, vostede fala tamén de calidade educativa. Eu creo que aí había que ver os datos xerais de Galicia, e creo que é obvio que nos últimos anos, se de algo podemos estar satisfeitos, pode estar satisfeita a comunidade educativa de Galicia —digo a comunidade educativa de Galicia, máis alá dos responsables políticos—, é do avance cualitativo e cuantitativo que temos tido en calidade educativa e tamén en equidade, en equidade e en calidade educativa. E creo que, nese sentido, temos que ser moi exixentes.

Por iso digo eu que non crea todo o que lle din, porque se non ao final mestúrase todo e non se chega a precisar en concreto o que se di. Eu dígoo porque vostede creu unha versión, fai unha pregunta en base a esa versión, deuse conta de que esa versión estaba mal e intenta cambiar o foco da pregunta para obter outras respostas. Iso realmente pois é así, señor Abalde.

E é obvio que cando se está a falar dun centro educativo —pero en todos os centros, hai máis de 1.100 centros educativos— sempre vai haber cousas que haxa que mellorar, por suposto; e sempre vai haber prioridades, por suposto; e sempre vai haber atención educativa por parte da consellería, por suposto; e sempre vai haber criterios técnicos para tomar as decisións políticas, por suposto; e sempre vai haber directrices que dalgún xeito orientan tanto os criterios técnicos, organizativos e de dotación de persoal como de investimentos, por suposto. Pero eu creo que é en xeral, en xeral e con carácter xeral, do que se está a falar ten en Galicia unha resposta moi positiva.

Mire, ao final estamos a falar de infraestruturas educativas. Levamos anos facendo un enorme investimento. Estase falando de profesores, de profesorado, e levamos un incremento de profesorado nos últimos anos cunha demografía decrecente.

E eu son o primeiro que digo que sempre queda moito por facer, pero realmente o que non se pode é escoitar ou facer caso a todo o que se di...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...porque córrese o risco de facer preguntas que non teñen ningún tipo de sentido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e D^a María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a cobertura da praza vacante de conserxaría no IES San Paio, de Tui

O señor PRESIDENTE: Cando queira, don Brais Ruanova,

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Volvemos unha vez máis a este pleno a preguntarlle polo IES San Paio, de Tui, un centro que neste momento conta con 625 alumnas e alumnos só no que ten que ver co instituto en horario de mañá. A isto temos que sumarlle a sección da Escola Oficial de Idiomas, que suman 400 alumnas e alumnos máis. Se atendemos aos ratios que están regulados pola normativa para persoal non docente, vemos como só co alumnado de mañá a este centro lle corresponden dúas persoas de conserxería.

A cuestión é que dende 2008, pola apertura da sección da Escola Oficial de Idiomas, chegouse a un acordo coa propia consellería para aumentar nunha persoa de conserxería máis, debido a que o centro permanece aberto de 7 e media da mañá a 10 da noite. E ata aquí podemos dicir que todo vai ben, pero o problema é que hai escasos meses, tristemente, falece un dos conserxes e a súa consellería négase reiteradamente a cubrir esta vacante.

¿A vostede parécelle que máis de mil alumnas e alumnos poden estar ben con só dúas persoas de conserxería? ¿Vostede cre que un centro que abre de 7 e media da mañá a 10 da noite pode ter só dúas persoas de conserxería? Porque a comunidade educativa do IES San Paio considera que non, e o que lle piden á súa consellería é unha solución, pero a resposta que lle están dando neste momento é que, como hai dous conserxes, un estea pola mañá e outro estea pola tarde. ¿Que vai pasar cando un deses conserxes teña unha cita médica? ¿Que vai pasar cando unha desas persoas sufra unha urxencia de forza maior? ¿Que pasa co tempo libre do que dispoñen esas persoas?

O que lle propuxeron ao centro é unha auténtica tomadura de pelo, e non é que llo diga o BNG hoxe, é que llo está dicindo reiteradamente este centro, que nalgunha ocasión tivo que pechar pola urxencia dun dos conserxes e non puido abrir.

É que vemos situacións como que a propia Escola Oficial de Idiomas ten que colgar carteis como este (*O señor Ruanova Vilas-Boas mostra un documento.*) na súa porta polas tardes, un



cartel que vou ler literalmente: «A porta está pechada debido a que Consellería de Educación se nega a reempregar o conserxe recentemente falecido. Para entrar, avisar un compañeiro de clase ou o teu profesor». ¿A vostede parécelle normal que unha Escola Oficial de Idiomas teña que estar nesta situación?

Polo tanto, dende o BNG insistimos na mesma pregunta que está facendo a comunidade educativa deste centro: ¿cando pensa a súa consellería repoñer a praza de conserxería que lle corresponde a este centro?

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas de novo, señor presidente.

Ben, eu, en primeiro lugar, quero lamentar publicamente tamén o falecemento do conserxe deste instituto e darlle o pésame á súa familia, aos seus amigos e ao conxunto da comunidade educativa.

É certo que os conserxes son unha parte moi significativa dos centros educativos e soen ser persoas moi coñecidas e recoñecidas. Todos nos acordamos dos porteiros —que era o que se dicía naquel momento— dos centros educativos, e sempre son unha peza clave na convivencia, na vida cotiá do centro e tamén no seu mantemento.

Dito isto, dá a sensación de que o BNG intenta facer un ruído que ten pouco sentido, e eu quero lanzar unha mensaxe de tranquilidade pese ao que vostede está dicindo aquí. Este centro conta con todo o persoal necesario para realizar o que son as funcións de conserxería, ten dúas persoas, e é a dotación que lle corresponde a un instituto destas características; mesmo vostedes dino na súa exposición de motivos, recoñecen claramente que a un centro destas características, incluso coa Escola Oficial de Idiomas, o que lle corresponde son dous conserxes.

Aquí dá a sensación de que a vostede lle preocupa, máis que o que, o quen. ¿E por que digo isto? Porque dá a sensación de que están agora moi preocupados polo persoal de conserxería. E vou poñer un exemplo para demostrar que, máis que o que, a vostedes o que lles preocupa é o quen; iso obviamente debilita a súa credibilidade.

Non hai moito tempo na cidade de Vigo, moi próxima a Tui —como vostede sabe—, os centros educativos de primaria —vinte e tres centros públicos— estiveron sen ningún tipo de porteiro e sen ningún tipo de conserxe. A esta Cámara non chegou ningún tipo de reclamación (*Murmurios.*) ou preocupación por parte do BNG. Deus me libre que eses vinte e tres centros que estaban nun concello fose un concello do PP, porque seguramente vostedes saltarían como harpías a facer ruído (*Aplausos.*) e a criticar unha administración do Partido Popular, pero, como é nun concello do Partido Socialista, vostedes non din nada.



Por iso digo que máis que o que, o feito, preocúpalle o quen, quen o fai. Porque calan ante unha situación realmente imprudente, onde se estaba incumprindo a legalidade, non como neste caso; aí non dixeron nada. E aquí, nun caso en que se cumpre a legalidade, están facendo unha serie de declaracións que basicamente son moi atrevidas.

E digo que son moi atrevidas por unha cuestión básica fundamental: primeiro, vostedes saben que é a dotación correcta —sábeno—; e, segundo, hai moitos centros polo país que teñen un número semellante de alumnos e tamén teñen Escola Oficial de Idiomas; sen ir máis lonxe, Negreira ou O Barco de Valdeorras. Pero aí vostedes non din nada. Creo que están, dalgún xeito, facendo un trato diferencial, que obviamente non corresponde ao traballo da Administración e que obviamente vostedes saben que no seu momento o Bipartito...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...tomou unha decisión arbitraria...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois, conselleiro. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...e agora o que se fai é simplemente corrixilo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Brais Ruanova.

O señor RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, señor presidente.

Descoide, señor conselleiro, que xa foi o BNG local de Vigo o que levou este tema ao propio pleno, (*Aplausos.*) e hai varios deputados desta Cámara que poden corroboralo.

Tamén teña moi presente que a praza de conserxería da que estamos falando está recoñecida na relación de persoal traballador da súa consellería e que hai un orzamento consignado para esta praza que se negan a cubrir. Aquí o que semella é que están aproveitando o falecemento dunha persoa para non cubrir unha praza, e o que lle pide a comunidade educativa é que se sente a tratar os temas que lle están afectando a este centro. Non lle están pedindo que veña aquí a non dar resposta, estanlle pedindo que poña solucións enriba da mesa.

Porque hoxe falamos de cubrir unha praza de conserxería que —insisto— está recoñecida na relación de persoal traballador da súa consellería, pero é que levan dende novembro sen ascensor e a súa consellería négase a cambialo; un centro con alumnado con mobilidade reducida leva sen ascensor e a súa consellería dinlles que busquen eles e elas unha solución. Iso é unha deixadez absoluta de funcións, porque vostede é conselleiro, é o máximo responsable en educación e ten que dar solucións aos centros; non pode delegar as súas competencias, como está facendo.



Pero, por sorte, como di que este tema non lle preocupa a ninguén, só lle preocupa ao BNG, igual hai seiscentas persoas (*O señor Ruanova Vilas-Boas mostra unha fotografía.*) que se concentraron este pasado venres no centro, unha comunidade educativa enteira, que deu outra mostra de dignidade, semellante á que xa deron cando trouxemos a este mesmo pleno o tema do Departamento de Portugués, onde vostede aquí dixo que non, que non, que non. Pero ¿que pasou despois? Que a súa consellería tivo que recuar e dar marcha atrás e manter ese departamento. (*Aplausos.*)

Esta vez a dignidade da comunidade educativa vai facer exactamente o mesmo, porque, fronte ao desprezo da súa consellería por este centro, está o dereito da comunidade educativa a ter o persoal e os servizos que a súa consellería mantén secuestrados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, señoría, está claro que o lles preocupa a vostedes, máis que o que, é o quen, e que teñen unha dobre vara de medir. Vostede fala do concello, pero eu estoulle falando desta Cámara. Vostede está falando aquí como deputado autonómico dunha formación política que non se preocupa deste tema neste ámbito. (*Murmurios.*) Pode recoñecelo ou pode non gustarlle, pero esa é a realidade.

E mire, creo que non existe, non hai ningún criterio nin ningunha normativa que avale o que vostede está dicindo. Hai exemplos no conxunto do país que están nunha situación idéntica. É certo (*O señor Ruanova Vilas-Boas nega coa cabeza.*) que naquel momento se meteu un profesor (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a maiores e vostedes non fixeron absoluta... Fixérono nun caso concreto —supoño— por unha cuestión absolutamente arbitraria. Dígolle que hai dous centros, un no Barco e outro en Negreira, practicamente idénticos, e seguro que hai máis polo país, e a vostedes iso non lles importa.

Mire, as decisións —dicíao antes— teñen que basearse en criterios técnicos e non en intereses políticos. Iso —creo— é clarísimo e, ao final, a vostede é certo que isto tamén lle dá un pouco igual, é dicir, que haxa uns criterios, que haxa un rigor, que haxa unhas normas... para poder organizar un servizo tan complexo como é o servizo educativo. A verdade é que, cando se cumpre a legalidade, cando hai uns criterios, cando se corrixe un feito diferencial ou unha desigualdade, a vostede parécelle mal. E, sen embargo, cando alguén incumple a súa responsabilidade e comete unha ilegalidade, como é o caso do Concello de Vigo —dos seus socios—, a vostedes lles dá absolutamente igual. Vostedes non protestaron aí nada, (*Murmurios.*) pero aquí, cando se cumpre dentro dos parámetros da lei, parécelle mal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É algo ben curioso. Estou seguro de que se o alcalde de Vigo fose un alcalde do Partido Popular, vostedes estarían aquí facendo moitísimas iniciativas ao respecto ou intentando dicir que había un desleixo etcétera, etcétera.

En todo o caso, a súa vara de medir —creo— xa é coñecida —creo—; non paga a pena facer moitos máis esforzos, pero o que si se pode dicir, e está baseado nas informacións e nos cri-



terios técnicos lóxicos e pertinentes nesta materia, é que o centro ten dous porteiros, ten dous profesionais, ten dous conserxes, que organizan a actividade dentro do propio centro, como hai en moitos noutros, mantendo uns criterios mínimos de uso. Cóbrese, por completo, todo o que ten que ver co horario do centro.

A verdade é que o feito de que teña unha sección de EOI non implica que sexa necesario ter un conserxe a maiores. É certo que, no seu momento, se fixo unha excepción. Vostedes foron os responsables de facer unha excepción que discriminou uns centros respecto doutros, e, agora, (*Murmurios.*) o que se fai é retomar a normalidade aos criterios básicos e ao que debe ser. (*Murmurios.*)

A vostede o que lle interesa é facer ruído neste caso, e tamén lle interesa estar calado — moi caladiño— noutros casos, cando quen incumpre a lei, como é o caso do Concello de Vigo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...é o seu socio político. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Silvia Longueira Castro e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as sentenzas que acaban de recoñecer o dereito das nenas e dos nenos galegos ao acceso ás axudas educativas no ámbito da educación inclusiva

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Señor Rodríguez, esta é faciliña, non é unha pregunta arrevesada nin ten máis. Aproveito para dicir que en Vigo non somos socios do BNG, de momento, (*Risos.*) pois, senón, o meu compañeiro Abel pódenos matar vivos. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Dito isto —e agora en serio—, a urxencia desta pregunta vén motivada pola cuestión dunha política de inclusión en educación, sobre todo, por unha demanda da Federación Galega de Síndrome de Down sobre a educación inclusiva.

Simplemente, para que nos poñamos en contexto, a educación inclusiva é un enfoque educativo que procura que todos os estudantes poidan aprender e desenvolverse en igualdade de condicións. Baséase no recoñecemento da diversidade das persoas e na eliminación das barreiras que limiten a súa participación. Podemos citar catro obxectivos: que todos os estudantes teñan acceso a unha educación de calidade, que os estudantes poidan desenvolver todo o seu potencial, que a escola sexa un espazo acolledor para todos e que se respecte e se valore a diversidade.



Ben, vostedes xa o saben na Consellería, esta federación interpuxo unha demanda porque aqueles rapaces que ían —digamos— na educación ordinaria e os que estaban —digamos— nunha educación especial non tiñan os mesmos dereitos de acceso ás axudas de libros e de material escolar, tal e como se interpretaba na lei. Bueno, interpuxeron esta demanda e gañaron; gañárona no ano pasado. No día 26 de xuño foi publicada a demanda —como que a Federación gañaba esta demanda—, na cal se recoñecía que, por parte da Consellería —digamos—, podían optar en igualdade de condicións todos aqueles alumnos que estivesen dentro da educación especial e da educación ordinaria. É dicir, todos aqueles alumnos que participen da educación inclusiva.

Parece ser que avisaron a Consellería e parece ser que, naquel momento, ou ben as bases xa estaban publicadas ou ben as ían publicar para o ano seguinte. O caso é que non se tivo en conta, posiblemente porque a sentenza, aínda que fora ditada, non estaba aínda en firme. Esa primeira sentenza xa foi firme, pero agora temos unha segunda que —como vostede saberá— foi publicada o 19 de febreiro deste ano e que entrará en firmeza, posiblemente, dentro duns trinta días aproximadamente, polo que, en breve, xa estará en firme.

Entón, entendemos que, despois de dúas sentenzas... E isto non vai de... Simplemente vai de dicir: «Oia, que xa hai dúas sentenzas, fáganlles caso porque esta xente gañou». Entón, isto vai de recordarlles —e aproveitamos para dicilo aquí, no Pleno— que se teñan en conta.

Supoño que, nestes momentos, se poñerán coa redacción dos pregos ou...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ¿De nada?

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...que poderían telas en conta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señoría, pode estar absolutamente tranquila, pois, se algo fai este Goberno é cumprir a lei e cumprir as sentenzas; pode estar absolutamente tranquila nese sentido.

E, por suposto, incorporaranse as modificacións que, neste caso, o xulgado, o TSX, plantexa á Administración autonómica. Aí pode estar absolutamente tranquila, pois non imos cambiar ningunha lei nin inventar unha lei nova para facer fronte a unha sentenza xudicial. Iso o fan outros partidos políticos noutros ambientes políticos. Aí pode estar absolutamente tranquila.



Ben, isto non é un asunto novo —como vostede dixo—. En xuño do ano 2023— houbo xa unha sentenza, pero non era unha sentenza firme. Era unha sentenza que foi posterior á convocatoria da Orde de axudas que, posteriormente, a Federación volveu recorrer. E volveu haber unha segunda sentenza, que chegou agora, hai moi pouco tempo, e que posibilitará ou levará a que na próxima orde, na do 2025/2026, se incorporen os plantexamentos que se fan; e iso é algo absolutamente lóxico.

O que é un pouco menos lóxico é entender como plantexan, nestes momentos, esta iniciativa porque a plantexan pola vía de urxencia. E facendo un pouco un relatorio da súa iniciativa neste ámbito —eu vexo—, o 18 de decembro o PSOE ía preguntar sobre isto; anunciárono publicamente, pero, ao final, non preguntaron. Era o turno de preguntas ao presidente da formación política Democracia Ourensana. E eu pensei: «Bueno, preguntarán posteriormente», pero, a partir de aí, tamén a principios de xaneiro dixeron que ían preguntar, pero nunca preguntaron. E hoxe plantexaron esta pregunta por urxencia; realmente a min iso sorprendeume un pouco. Tamén non sei cal foi a razón última pola cal o fixeron, porque, no fondo, vostede aquí non estivo cuestionando o sistema de préstamo de libros nin o modelo de préstamo de libros nin as axudas que se dan, neste caso, ás familias dos alumnos con discapacidade para mercar os libros. É moi sinxelo: aqueles alumnos que están en centros de educación especial teñen unha cantidade económica fixa e os alumnos que están en centros ordinarios, como o conxunto dos centros ordinarios e para favorecer a integración —e que todos os alumnos que están nun centro ordinario sexan iguais—, se plantexa, como ao colectivo, que sexa con base na renda.

Houbo unha alegación, a Federación de Down abriu un preito e gañouno. Pois corríxese; non hai ningún tipo de problema. Pero entenderá que, a partir de aí, non nos interese ou non interese facer unha causa maior deste tipo porque o sistema de préstamo de libros da Xunta de Galicia é un sistema absolutamente xusto e é un sistema que axuda máis quen máis o precisa. E temos unha relación de confianza e de traballo conxunto cos colectivos de discapacidade moi bos; e, de feito, non é que o diga este conselleiro, senón que o propio ministerio di que a comunidade educativa máis inclusiva de España —máis inclusiva— é a Comunidade Autónoma galega, onde existe o maior número de nenos e nenas con discapacidade integrado no sistema ordinario. *(Aplausos.)* E vostede intenta facer, a partir de aquí, unha causa maior que é realmente..., *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...que se reconece...

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten outro turno despois, conselleiro. Grazas; ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moi ben.

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois. Grazas.



O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Señor conselleiro, tiña vostede unha oportunidade de ouro para que nos levásemos ben, e non sei por que fixo vostede un tema sobre esta cuestión.

Eu simplemente vin preguntar por isto para que quede seguro, porque falamos coa Federación Down, evidentemente, como falamos con todas as asociacións e as federacións do ámbito da discapacidade, e tiñan este problema plantexado do ano pasado. Entón estaban á espera dunha nova sentenza —como foi o caso desta segunda—, e decidimos esperar; e agora, que é firme, simplemente viñemos dicir isto aquí, pero, ¡vamos!, viñemos como na película dos indios: en son de paz. *(Risos.) (Murmurios.)* Ou sexa, non é para que vostede faga disto un *casus belli* porque non o hai.

Eu alégrome moito de que... ¡vamos!, tómolle a palabra —que quede aquí gravado— de que na próxima convocatoria de axudas tanto os alumnos que estean en educación especial como os que estean no réxime ordinario van ter o mesmo acceso ás axudas en igualdade de condicións. E para min o tema rematou aquí porque non hai por que esgotar tempos ou falar para encher o tempo.

Por certo, o señor Julio Abalde foi reitor durante oito anos da Universidade da Coruña, polo que, eu non creo que se deixe enganar facilmente.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): A verdade é que eu quero levarme ben con todo o mundo, por suposto, e vostede, tamén. *(Risos.)* A min non me cabe a menor dúbida de que vostede se quere levar ben co Goberno, por iso formula esta pregunta. Non nos cabe a menor dúbida.

Estou seguro de que, ao saír de aquí, vai chamar a Federación e diralle: «Aperteinos aí, e fíxenlles dicir isto». Non me cabe a menor dúbida porque vostede quere levarse ben con todo o mundo, o cal é digno de vostede; é digno dunha deputada que se prece e de que así intente facer o seu traballo o mellor posible.

En todo o caso —eu creo—, xa lle dixen claramente cal é a causa e cal é a consecuencia dunha sentenza xudicial que, efectivamente, anula dous apartados concretos dunha orde que ten máis de trinta apartados.



Permítame tamén que desconfíe un pouco do seu ton —se se quere— meloso, ¿non?, (*Murmurios.*) (*Risos.*) porque, se falamos de xestión de libros e de xestión de axudas públicas, nós temos dous modelos diferentes: o modelo do Partido Socialista —xa se coñece— é un modelo de café para todos, todos igual etcétera, etcétera.

Eu recórdolle a vostede—e vostede forma parte dun partido político— algunhas declaracións públicas moi altisonantes que se fixeron e que ata o momento descoñecemos, ¿eh?, e que afectan a alumnos con discapacidade e a alumnos sen discapacidade. Por exemplo, mire: vostedes dixeron, no programa electoral do ano 2023, que impulsarían a gratuidade de libros de texto e de axudas para material escolar. Ben, si, axudan un pouco, axudan un quince por cento; está moi ben ese quince por cento. Agradécese. Pero a isto que dixeron no programa electoral despois aínda lle dan outra volta de torta, e veñen dicirnos, nun acordo programático con Sumar —eses grandes acordos programáticos progresistas que ían facer avanzar o país— que prometían libros gratis para todos. E hai unha declaración pública dos seus dirixentes políticos na cal tiñan ese slogan por diante. O resultado coñecido é cero. E xa hai tempo desa declaración. Por iso, aínda que vostede diga que hai que intentar levarse ben e que non ten ningunha mala intención, permítame que desconfíe —que desconfíe— politicamente do que vostede está dicindo aquí.

En todo o caso, no que non pode haber dubida —e eu creo— e non hai dúbida, é de que este Goberno ten como unha prioridade absoluta a inclusión e a procura da equidade dentro do sistema educativo. Díxeno antes, Galicia ten o sistema máis equitativo do conxunto de España; e non o digo eu, senón que o di o Ministerio de Educación, que, por certo, está dirixido por unha socialista. Hai unha socialista que é a ministra dese ministerio.

Creo que, ao final, pode estar absolutamente tranquila e a Federación pode estar absolutamente tranquila de que este Goberno cumpre a lei e cumpre a legalidade. E, por suposto, non imos inventar leis *ad hoc* para intentar sortear unha sentenza nin imos cambiar ningún tipo de lexislación; simplemente, con respecto e con humildade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...imos facer, neste caso, o que mandan os órganos xudiciais.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante o anuncio de peche da Escola Infantil A Casiña, situada no barrio ourensán das Lagoas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Tabarés.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señora conselleira.

Segundo a normativa da Xunta de Galiza as escolas infantís de cero a tres anos son un recurso para facilitar a conciliación entre a vida familiar e laboral, para o fomento da natalidade, para o desenvolvemento harmónico e integral das crianzas e para o acceso e a permanencia dos pais e nais no mercado laboral; un recurso escaso en Ourense, en Ourense e noutras moitas partes. Neste caso, imos falar dun suposto concreto de Ourense para que non nos apliquen os mesmos argumentos de hai cinco minutos.

Ourense conta só con 23 escolas infantís; só 6 desas 23 son de titularidade e de xestión autonómica; 15 están xestionadas por empresas privadas con ánimo de lucro e 1 está xestionada por Cáritas, entidade sen ánimo de lucro de iniciativa social. O conxunto das escolas ofrece aproximadamente 1.220 prazas, das cales apenas un corenta por cento son prazas de titularidade pública; un número de prazas absolutamente insuficiente, como demostrou o exercicio pasado, no cal que, neste escenario de demanda crecente, no ano 2024 máis de cento trinta crianzas quedaron sen praza e en lista de agarda.

Seguindo o ordenado pola Xunta de Galiza no programa de gratuidade, a totalidade das escolas privadas, de común acordo e con coñecemento da Xunta de Galiza, abriu o prazo de inscrición de matrícula nestas escolas o 3 de febreiro, pechándoo o día 21. Pois ben, rematado ese prazo de admisión, a entidade Cáritas emitiu o Xoves de Comadres un comunicado público, que informaba do peche da súa escola para o curso 2025/2026, deixando sen servizo as familias xa matriculadas e, sen traballo, presuntamente, a sete persoas.

Este proceder, que puido ser sorprendente para a Xunta —xa nos explicará se era ou non sorprendente—, provoca que, dada a carencia de escolas infantís nesta zona —só hai unha nunha contorna de dous quilómetros— e, dada a extemporaneidade do anuncio —xa vencido o prazo de matrícula nos centros privados, que son 15 dos 23 que hai na cidade de Ourense—, supón a imposibilidade real de que moitas familias poidan adoptar unha solución que permita a conciliación; e non só atinxe a esas familias que tiñan previsto cursar nese centro para o curso 2025/2026, senón que deixará sen servizo todo un barrio importante dentro do que é a cidade de Ourense, e —reitero—, sen posto de traballo, a sete persoas.

Por iso, ante esta situación, queremos saber... —unha situación que preocupa a cidade de Ourense; xa están recollidas máis de mil sinaturas polo peche da escola infantil—... que preveu facer a Xunta de Galiza para atender...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...as necesidades destas familias...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e para protexer os postos de traballo, que son un ben escaso en Ourense. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señor Tabarés —como vostede ben sabe—, comezamos a tomar medidas dende o mesmo momento en que tivemos coñecemento do peche desta escola de Ourense, que está anunciado para o próximo verán. Así o fixemos contactando coa dirección do centro para lembrarlle que —tal e como marca a lei— é a responsable de estar pendente da reubicación dos seus alumnos, e que non pode pechar mentres isto non se acredite. Pola nosa banda, estamos pendentes deste procedemento, e pódolle garantir hoxe que ningunha familia da Casiña vai quedar sen escolarizar os seus fillos o vindeiro curso 2025/2026.

E así se informou tanto á escola infantil como se informou ás propias familias de que deben solicitar praza naquela escola ou naquelas escolas infantís da súa preferencia, ben sexa privada, ben sexa social ou ben sexa pública, e, unha vez rematado o prazo, analizaremos a situación de cada familia e os seus desexos.

En definitiva, señorías, na cidade de Ourense hai unha rede de prazas suficiente de cero a tres anos para atender as familias que teñen os seus fillos escolarizados na Casiña. E, grazas a iso, podemos facer este compromiso hoxe, que está comunicado ás quince familias e que hoxe reitero nesta Cámara: ningunha familia da Casiña vai deixar ou vai ter que deixar de escolarizar os seus fillos o vindeiro curso 2025/2026.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Si, señora conselleira.

En primeiro lugar, somos perfectamente conscientes de que non teñen a responsabilidade no peche desta escola infantil —vaia por diante—, pero si teñen a responsabilidade na carencia e na ausencia de prazas públicas de escolas infantís en Ourense. E máis importante, si teñen a responsabilidade en dar unha solución a este problema; e unha solución que non sexa un parche para este caso concreto, e, para este feito concreto, pedímoslle compromiso.

E eu iniciaba a miña intervención dicindo que este recurso é un recurso fundamentalmente de conciliación, e non se facilita a conciliación se teñen que ir a unha escola infantil —e, como non hai outra en dous quilómetros á redonda— á outra punta de Ourense, porque iso non permitirá a conciliación; e este é un recurso fundamentalmente pensado para a conciliación. Por tanto, o que si lle pedimos é un compromiso con estas familias, un compromiso con este barrio e un compromiso con estes sete postos de traballo.



E, este momento —como ningún outro— é un momento idóneo para incrementar a rede pública; unha rede pública de escolas infantís escasa en Ourense —como lles dicía—. E é idóneo, primeiro, ¿por que? Pola necesidade que existe no barrio, pois non hai outra escola infantil en dous quilómetros á redonda. ¿Por que? Porque o inmóbel e en que está esta escola infantil é da Fundación San Rosendo —non de Cáritas, senón da Fundación San Rosendo—, con que vostedes manteñen unha magnífica relación contractual. Polo tanto, teñen o inmóbel, teñen o persoal e teñen as necesidades, posto que xa hai matrículas para este ano e, seguramente, para o seguinte; é dicir, é unha escola infantil onde existe demanda.

Por tanto, aproveiten, exerzan as súas responsabilidades e incrementen a escasa rede de escolas infantís, de escolas públicas, que existe en Ourense, porque existe a necesidade. E neste momento, teñen a posibilidade de non facer un parche, senón de dar unha solución definitiva para Ourense e, neste concreto caso, para o barrio das Lagoas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señor Tabarés, a Xunta está actuando dende o primeiro momento, e está achegando solucións e alternativas.

O que tamén sabemos —e dígollo sen ningún tipo de dúbida— é que ningún neno escolarizado, nestes momentos, na Casiña vai quedar sen unha praza totalmente gratuíta para o vindeiro curso 2025/2026; unha praza totalmente gratuíta grazas á gratuidade das escolas infantís de Galicia, tanto públicas como privadas e de iniciativa social, e grazas a un investimento da Xunta de Galicia de 65 millóns de euros. De 65 millóns de euros que asumimos con fondos propios e con que, grazas a iso, nos situamos como un referente a nivel nacional e a nivel internacional en escolarización, é dicir, once puntos por riba da media nacional e superando xa países que eran unha referencia, como Noruega ou Suecia.

A gratuidade, para a cal recibimos un total de cero euros dos seus socios de Goberno, de Pedro Sánchez, que tanto anunciaron que ían financiar parte desta gratuidade.

En definitiva, o que a vostede lle preocupa e a min tamén é que ningún neno da casiña vaia quedar sen escola infantil o vindeiro ano 2025/2026.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Pregunta de D^a María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas de concesión de avais á compra de vivenda postas en marcha polo Goberno central e que terán que xestionar as comunidades autónomas

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleira.

O acceso á vivenda é un dos retos máis importantes da sociedade actual, e, para afrontalo, é necesario buscar solucións reais e eficaces. O obxectivo é que ningún galego ou galega, especialmente entre a mocidade, vexa truncado o seu futuro por non dispoñer dunha vivenda en que comezar a formar a súa propia vida de xeito independente.

E nesa liña, o pasado 19 de marzo publicouse no *DOG* a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de avais para a adquisición de vivenda, é dicir, dúas liñas de avais para a compra de vivenda, das cales unha estará dirixida aos menores de 36 anos e outra destinada á compra de vivenda protexida sen límite de idade. Un programa con que o Goberno galego avalará a adquisición da primeira vivenda en propiedade, dando continuidade á liña pioneira lanzada pola Xunta no ano 2023. Unha convocatoria que segue a estela da Xunta de facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda, sumándose ao obxectivo de dobrar o parque residencial nesta lexislatura ata chegar aos 8.000 inmobles; ou a medidas específicas para a mocidade, como o Bono Emancípate, os futuros aloxamentos compartidos ou a reserva dun 40 por cento da nova vivenda pública en alugueiro e dun 25 por cento da vivenda para menores de 36 anos.

E seguindo ou copiando as medidas adoptadas polo Goberno galego, o Estado anunciou no ano 2023 a liña de avais ICO para o acceso á vivenda, xestionada polo Instituto de Crédito Oficial e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana. Non obstante, non foi posible tramitar, ata hai pouco, a súa solicitude por falta de desenvolvemento regulatorio. É unha medida da cal nos congratulamos, xa que calquera medida que incentive a adquisición de vivenda será ben recibida, sempre e cando, por suposto, sexa unha medida efectiva que redunde no beneficio daqueles que procuran adquirir a súa primeira vivenda.

Dito o cal, señora conselleira, ¿que valoración fai o Goberno galego da posta en marcha, por parte do Goberno central e sen diálogo, da medida de avais para a compra de vivenda?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, señora presidenta.



Señora deputada, na Xunta de Galicia traballamos coa máxima dilixencia, co máximo tesón e con todos os medios que temos ao noso alcance para axudar os mozos e a as mozas na súa emancipación.

Unha das ferramentas é o noso Aval Mozo; unha medida que pode ser ese pulo definitivo para que a xente nova poida comprar a súa primeira vivenda aquí, en Galicia. Coa escalada de prezos é o noso deber axudalos, ademais, por suposto, de seguir a incrementar a oferta de vivenda para frear os prezos. Efectivamente, o pasado 19 de marzo saíu publicada no *DOG* a convocatoria do Aval Mozo. Estamos encantados de que o Estado tome nota das propostas que funcionan, que son referentes en Galicia e que trate de replicalas, como é o caso do noso Aval Mozo; iso si, debe facelo falando e consensuando coas comunidades autónomas, e, neste caso, e unha vez máis, o diálogo foi cero.

Isto debe facernos reflexionar porque, de verdade, é a maior preocupación que ten a nosa sociedade hoxe en día e que ten a mocidade hoxe en día. O Goberno de Pedro Sánchez non é capaz de buscar consenso con quen temos competencia, que son as comunidades autónomas; isto é inexplicable, non se pode entender e, por suposto, os nosos mozos non o comprenden. O que se consegue así, sen diálogo e sen consenso, é que as axudas se solapen, que se xere confusión..., un sen sentido que só demostra a falta de ideas do Executivo central.

Señorías, o Aval Mozo existe en Galicia e funciona dende o ano 2023. Naceu para apoiar os menores de 36 anos para que poidan acceder á súa primeira vivenda en réxime de propiedade aquí, en Galicia. O Goberno galego axuda a esta compra a través das concesións de avais bancarios, que poden chegar ata o vinte por cento do valor do inmovible. Na convocatoria vi-xente —xa publicada—, o prazo de solicitudes comezará o próximo 1 de abril e, como novidade, ademais, este ano decidimos ampliar todos os rangos de idade cando se trate de comprar unha vivenda protexida. Son medidas reais.

Estamos a falar dun programa exitoso, que permitiu conceder avais no período 2023 e no período 2024, por un importe de 3,8 millóns, axudando máis de douscentos mozos a comprar a súa primeira vivenda en Galicia. O Goberno do Estado fixo, dos avais ICO a mozos, un dos seus anuncios estrela en materia de vivenda, pero nin a idea é orixinal nin chega en tempo. Galicia, primeiro, e despois, outras comunidades autónomas levamos xa tempo de vantaxe.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, conselleira.

Como vostede aludía, unha vez máis, o Goberno central puxo en marcha medidas en materia de vivenda, sen diálogo e sen consenso coas comunidades autónomas. Pola contra, o Executivo galego, consciente da situación de emerxencia habitacional e na senda de adoptar medidas que aporten solucións realistas que faciliten ás familias e aos galegos e ás galegas



o acceso a unha vivenda —sobre todo aos colectivos con máis dificultades—, leva anos traballando, primeiro, co plan RehaVita 2015-2020, o primeiro plan de vivenda que tivo Galicia, e dende o ano 2021, co Pacto social pola vivenda, aprobado polo Observatorio da Vivenda de Galicia, no cal están representados todos os sectores. E, dende ese diálogo e dende ese consenso, o Executivo galego —como vostede indicaba— pode falar de programas de éxito, como o do Aval Mozo, que —como recordaba— permitiu conceder avais entre os anos 2023 e 2025, axudando máis de douscentos mozos a comprar a súa primeira vivenda.

É un programa de éxito que se suma aos demais programas postos en marcha pola Xunta, que promoven e incentivan o acceso á vivenda, xa sexa en réxime de compra ou xa sexa en réxime de alugueiro, como o Programa de axudas para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa convocatoria foi publicada o pasado 14 de xaneiro; ou o Programa de axudas para promotores para a construción de vivenda destinada ao alugamento; ou o establecemento de bonificacións no imposto de actos xurídicos documentados e no imposto de transmisións patrimoniais.

Se precisamos unha maior oferta de vivendas no mercado, o que temos que facer é ofrecer aos galegos e ás galegas incentivos e garantías —como está a facer a Xunta— e non impoñer limitacións e obrigas, como fai o Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señora deputada, damos a benvinda aos avais ICO para a adquisición da vivenda por parte dos mozos, recordando que é unha medida que xa implantamos en Galicia. Agardemos a que a xestión sexa óptima e a que realmente poida axudar na emancipación.

Tamén demandamos ao Estado un exercicio de transparencia, de consenso, de colaboración, de non xerar duplicidades, porque os avais son un instrumento máis, pero non pode ser o único, para avanzar nese camiño esencial para apoiar a nosa mocidade na emancipación. Por iso, volvo reclamar ao Goberno e volvo reclamar ao Ministerio, un diálogo e sumar forzas; non é o momento de disputas partidistas. Este ano a Xunta preveu que se poidan conceder avais para a compra de vivenda, por importe de ata cinco millóns de euros. Para levar este programa a bo porto é fundamental e imprescindible a colaboración das entidades bancarias, con que imos referendar a sinatura de convenios de adhesión. Estes avais cobren o 20 por cento do custo da vivenda para que os compradores de menos de 36 anos poidan acceder ao cen por cento do préstamo hipotecario. Os beneficiarios deben acreditar uns ingresos mínimos de 2 Iprem e uns ingresos máximos de 5,5 Iprem, é dicir, un mínimo de 16.800 euros e un máximo de 46.200 euros.

Outro dos requisitos é o prezo da adquisición da vivenda, que este ano incrementamos —aumentamos— con respecto ao ano pasado. Así, o prezo máximo para a compra da vivenda en concellos como A Coruña, Santiago, Vigo, Ourense ou Pontevedra subiron a 260.000 euros;



210.000 euros en concellos como Lugo, Ferrol, Narón ou Vilagarcía; e 180.000, no resto de concellos.

Outra das novidades máis salientables —e que foi moi ben recibida— foi que suprimimos o límite de idade cando se trata de comprar unha vivenda protexida. Ademais, este aval para a compra de vivenda protexida é totalmente compatible coas axudas —que agora mesmo temos á disposición para a súa solicitude— para menores de 36 anos, de 20.000 euros para a compra de vivenda protexida.

Efectivamente, todas estas medidas insírense dentro do Pacto da vivenda de Galicia, 2021-2025, aprobado, por unanimidade, polo Observatorio da Vivenda de Galicia. Neste marco, por suposto, seguiremos a apostar pola axilidade na construción da vivenda pública; pola colaboración público-privada e o fomento a promotores e a cooperativistas para que constrúan vivenda protexida; pola rehabilitación, pero, por suposto —e non menos importante—, tamén para simplificar os trámites administrativos e para mobilizar o solo dispoñible, poñer solo á disposición para a construción de máis vivenda.

Señorías, Galicia está a impulsar medidas reformistas verdadeiramente ambiciosas para brindar máis oportunidades á nosa mocidade. Ese é o camiño do que non nos afastaremos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a pór en marcha a Xunta de Galicia destinadas a facilitarlle á xente nova o acceso á vivenda

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra a señora Grueira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira.

Como persoa moza neste Parlamento, tócame trasladar as necesidades dos mozos, e hoxe, con esta pregunta, quero dar voz a un dos problemas que, dende logo, non é ningún segredo para ninguén, que é o acceso á vivenda.

Este é un dos principais retos aos cales nos enfrontamos a sociedade, en xeral, pero, moi en particular, a mocidade galega á hora de iniciar o seu proxecto de vida e poder lograr a súa plena emancipación co seu primeiro fogar. A todos os mozos nos preocupa o incremento dos prezos do alugueiro, especialmente nas zonas urbanas e nas áreas de maior demanda, a falta de oferta de vivenda ou as condicións exixentes para a compra que, dende logo, dificultan que moitos deles poidan independizarse con estabilidade e con garantías. E esta situación supón un obstáculo para o noso desenvolvemento persoal e profesional, que, en moitos casos, vemos atrasados os proxectos por non atopar unha solución viable.



No Grupo Parlamentario Popular somos conscientes do problema, e tamén sabemos que os problemas só se solucionan con traballo, con planificación e con accións concretas que se teñen que materializar en solucións reais e efectivas. Por iso, é fundamental que as administracións públicas actúen con responsabilidade e con compromiso ante este desafío, adoptando medidas que respondan a este problema e que permitan corrixir os posibles desequilibrios.

A Xunta de Galicia leva tempo demostrando o seu compromiso e a súa implicación neste ámbito, a través de diversas iniciativas —como xa comentou agora a conselleira—, dende o Aval Mozo ata esas axudas directas á compra ou ao alugueiro das primeiras vivendas. Sabemos que a Xunta de Galicia está a traballar con seriedade nesta dirección —na boa dirección—, pero queremos afondar máis nas medidas concretas que se están a desenvolver e nas que están previstas para o futuro.

Por iso, señora conselleira, no Grupo Popular queremos preguntarlle polas medidas que se están articulando, dende a Xunta de Galicia, para facilitar ese acceso á mocidade para poder lograr a súa primeira vivenda. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señora deputada, quero comezar cunha mensaxe clara para a mocidade galega, sobre o compromiso da Xunta de Galicia para o acceso á vivenda. Quero dicirlle á xente moza que facemos nosa a vosa preocupación.

Dende o inicio desta lexislatura marcamos un obxectivo claro: duplicar o parque público de vivenda ata acadar as 8.000 vivendas públicas. Destas novas vivendas de promoción pública, o 40 por cento será destinada a réxime de alugueiro para menores de 36 anos e o 25 por cento será destinada a réxime de venda para menores de 36 anos. Estamos en marcha, xa temos máis de 2.000 novas vivendas de promoción pública en proceso de tramitación. Non son promesas, son realidades, é dicir, son fogares para os nosos mozos.

En Santiago, levantaremos o primeiro edificio de aloxamentos compartidos e imos replicalo en Lugo e en Vigo. É unha ponte cara á emancipación dos mozos, porque sabemos que empezar é difícil e queremos facilitarlles o camiño.

Ademais, apostamos pola rehabilitación a través do programa Rexurbe, adquirindo e rehabilitando inmobles en centros históricos para poñelos á disposición de quen busca un fogar a un prezo asequible. Traballamos con quince concellos para recibir solo urbano consolidado para poder seguir construíndo vivenda pública. Avanzamos xa en Pontevedra, na Coruña, en Santiago, en Teo, na Estrada, en Lalín e en Lugo. Temos sentadas as bases do futuro tamén, e estamos a avanzar para desenvolver solo que permita a construción de máis vivenda pro-



texida, libre e pública, ata 25.000 novas vivendas. Temos xa sete proxectos de interese autonómico licitados e dous máis en tramitación.

En paralelo, estamos a dar respostas para o acceso ao alugueiro e á compra da vivenda para as persoas mozas. No día de hoxe temos xa adxudicadas o cento por cento das axudas do alugueiro da convocatoria de 2024/2025 do Plan estatal, cofinanciado con 10 millóns de euros por parte da Comunidade Autónoma.

Estamos a xestionar o Bono Alugueiro Mocidade; un bono do Estado con escasos fondos, tramitado a expensas do Plan estatal e sen consenso das comunidades autónomas. A pesar de todo, a nosa xestión está a ser exemplar. Antes de rematar o prazo, neste 28 de marzo, xa estamos a comunicar as primeiras concesións, e tamén este ano destinamos 3,8 millóns de euros a axudas directas á compra da vivenda. O próximo 1 de abril tamén abriremos o prazo para que a xente moza poida optar aos avais para sufragar a súa primeira compra de vivenda cunha hipoteca. Estamos a pór en marcha medidas reais para facilitar o acceso á vivenda.

Queremos que a mocidade teña as oportunidades que merece, e non imos parar ata que a vivenda deixe de ser unha preocupación para a nosa sociedade e para a xente moza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Grueira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, señora conselleira.

Grazas pola resposta dada e polo compromiso que está a demostrar con este problema; un compromiso que, dende logo, reflicte o traballo e a responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia.

No Grupo Popular valoramos moi positivamente o esforzo que se está facendo no Goberno galego para poder facilitar o acceso á vivenda. Son moitas as axudas que están enriba da mesa e son moitas as facilidades que se puxeron en marcha, como acaba de explicar vostede. Todo isto son medidas concretas que marcan unha diferenza real na vida da xuventude galega, e tamén son un exemplo; un exemplo de que deberían tomar nota outras administracións, como pode ser o Goberno de España, porque, eu, como moza, non podo obviar que, mentres a Xunta está a traballar para dar solucións, o Goberno de Pedro Sánchez está a facer todo o contrario; un Goberno que debería ser parte da solución, pero que non está a facer absolutamente nada máis que propaganda e publicidade para facer como que palia o problema. Cada paso que dá é un agravio máis, como vimos con esa Lei estatal de vivenda que non fixo máis que agravar o problema.

Por tanto, a mocidade galega ten claro que hai dous modelos de vivenda: o modelo da Xunta de Galicia, do presidente Alfonso Rueda, que aposta por facilitar o acceso á vivenda; e o modelo de Pedro Sánchez, baseado na inacción e en políticas que só xeran conflitos.



En Galicia hai un compromiso real coa vivenda, e a mocidade teno claro. Todo isto é grazas a un Goberno que funciona e que traballa para conseguilo; por iso, señora conselleira, agrádezolle que afonde máis nas medidas impulsadas pola Xunta e tamén nas demandas que está a dirixir ao Goberno de España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señora deputada.

Quero dirixirme de novo, dende esta tribuna, aos mozos e ás mozas de Galicia. Sabemos que acceder á vivenda é un reto, pero estamos aquí para facer que sexa posible.

Este ano destinamos 3,8 millóns de euros en axudas directas á compra de vivenda. Se tes menos de 36 anos e queres mercar unha vivenda nun concello de menos de dez mil habitantes, terás unha axuda de 10.800 euros; se queres comprar unha vivenda protexida, terás unha axuda de 20.000 euros; se queres comprar unha vivenda nos centros históricos, terás unha axuda de 15.000 euros; se a túa preocupación é unha hipoteca, acabamos de publicar a nova convocatoria do Aval Mozo: cubrimos o 20 por cento da vivenda para que poidas acceder ao cento por cento do préstamo hipotecario. Ademais, rebaixamos os impostos para menores de 36 anos. A compra da túa vivenda habitual só pagará o 0,5 por cento dos actos xurídicos documentados. No imposto de transmisións patrimoniais, tamén rebaixamos do 8 por cento para o 3 por cento, incluso a cero se compras unha vivenda en zonas menos poboadas. Queremos que quedes en Galicia, que continúes aquí e que constrúas aquí o teu futuro.

Señorías, o problema da vivenda soluciónase con políticas valentes, e non coas que promove o Estado, pois, por exemplo, están a dificultar a mobilización de vivendas baleiras e a xerar inseguridade xurídica. Mentres nós licitamos máis de douscentos millóns de euros en vivenda e avanzamos xa con máis de dúas mil vivendas de promoción pública en distintas fases de construción, o Goberno central segue a ignorar o problema.

Seguiremos, por suposto, a reclamar a cesión gratuíta das vivendas e dos solos, que a Sareb ten na nosa comunidade autónoma, para poder construír vivenda pública. Seguiremos, por suposto, a exixir que o Plan estatal de vivenda se basee no consenso con todas as comunidades autónomas e que estea adaptado á realidade de cada territorio. O Pleno do Senado deu luz verde á tramitación da Lei do solo do Partido Popular, que confiamos en que saia adiante con accións para incrementar a oferta de vivenda e para facilitar o acceso á propiedade, tamén da mocidade.

Gobernos, como o Goberno galego, estamos xa a deseñar as políticas alternativas de vivenda que o Goberno do Estado non é capaz de facer. Dende o ano 2009, apoiamos 163.000 familias



para a rehabilitación e para o acceso á súa vivenda e, por suposto, seguiremos a facelo, porque máis vivendas significa máis oportunidades e, por suposto, significa máis oportunidades para os nosos mozos e as nosas mozas.

Non nos deteremos.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D^a Lara Méndez López e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que concirne á redución das listas de espera para consultas no Hospital Público da Mariña

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, ten a palabra a persoa que considere o Grupo Socialista.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Conselleiro, onte estivo na miña cidade, en Lugo, e basicamente o que dixó foi que toda a situación do sistema sanitario se debe ao Goberno central, que a culpa é de Pedro Sánchez e do seu goberno, como acabamos de escoitar aquí e como levamos escoitando todo o día. A próxima vez aconséllolle que dea unha volta pola muralla, pois, ademais, é moi saudable e bonita.

O xoves da semana pasada, estiven reunida coa Xunta de Persoal, con facultativos do hospital, con facultativos de atención primaria, con facultativos do PAC..., e trasladáronnos que, nos 36 anos de vida que ten o hospital, este nunca estivera en peor situación —nunca estivera en peor situación— a pesar de que vostede dixó que, durante o último ano, os datos melloraran moitísimo, facéndolle unha emenda ao anterior conselleiro e facendo unha emenda á totalidade ás políticas do señor Rueda e do señor Feijóo.

Tiña que ver as caras, señor conselleiro: caras de indignación, caras de frustración, caras exhaustas..., porque están cansados, están esgotados por non poder realizar ben o seu traballo; por non poder atender ben os seus pacientes; por non poder facer o traballo coa profesionalidade que queren e que lles require. Esa é a indignación que nos mostraron o outro día. De verdade, conselleiro, achéguese por alí e escóiteos porque cambiaríalle moito a percepción.

O domingo estabamos transcorrendo polas rúas de Viveiro miles e miles e miles de persoas. Por certo, os veciños de Foz, o luns, levantáronse e quixeron ir ao médico, e non puideron porque un concello de 10.000 habitantes non tiña ningún médico; esta é a realidade que está a sufrir A Mariña. E, ¿sabe onde estaban os seus compañeiros, señor conselleiro? Estábanlle facendo un Mazón; estaban de papatoria. Alí non hai o restaurante co mesmo nome, pero estábanlle facendo un Mazón, de papatoria, en vez de estar cos veciños e coas veciñas de



Viveiro e de toda unha comarca; de toda a Mariña lucense, defendendo a sanidade pública e preservando a súa saúde, que é o ben máis prezado que temos.

E os datos falan por si sós: en Cardioloxía, 159,8 días de espera e en Psiquiatría, 140,6 días de espera. Pero podemos poñer nomes a estes datos: Vicente Vázquez, unha persoa enferma de párkinson, que levaba un ano esperando a que lle puxesen a cita; non a que o atendesen, senón, simplemente, a que lle puxesen a cita, señor conselleiro. E plantouse alí ata que o atendesen, porque non se ía de alí sen a cita dada. Ou o caso do paciente de uroloxía, que leva cinco anos e cinco meses esperando. E, ¿sabe o que di a cifra oficial de canto ten que esperar? 39,3 días; ese é o dato oficial, pero leva cinco anos esperando. Imaxine os que levan xa 140 ou 159 días.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Polo tanto, ¿que pensou en facer para solucionar este problema, conselleiro? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Moitas grazas, presidenta.

Señora deputada, resulta curioso que unha deputada do Partido Socialista formule esta pregunta, cando as comunidades que vostedes gobernan son campións imbatibles nos tempos de espera. Iso por unha banda. (*Aplausos.*)

Os últimos datos publicados polo Ministerio así o reflicten; igual que acreditan que as listas de espera en Galicia están entre as máis baixas de España, moi por debaixo da media e por debaixo das comunidades que vostedes xestionan.

Mire, o balance da actividade asistencial do ano 2024, que acabamos de presentar hai dúas horas, son o reflexo dunha boa planificación e xestión, e froito do compromiso dos profesionais. Ese ano fomos capaces de realizar moitas máis intervencións cirúrxicas, superando —repito—, por primeira vez, as duascentas mil intervencións. Operamos 10.865 persoas máis, é dicir, un 5,6 por cento máis. Isto é ao redor de corenta operacións máis ao día; incrementamos nun 10,7 por cento as intervencións de prioridade 1, realizamos un 4 por cento máis de probas diagnósticas e diminuímos en 6,2 días o tempo de acceso a elas; aumentamos o número de consultas a especialista nun 2,7 por cento e baixamos o tempo de espera nun 7,5 por cento.

Mailo forte incremento da actividade, o Servizo Galego de Saúde xestionou ben a demanda asistencial e garantiu os tempos de espera, sen incrementos substanciais na demora. E o que dixeron vostedes —repito— cando falaron das esperas, é que hai un déficit acusado de profesionais que afecta toda España; un déficit de profesionais que é responsabilidade do Goberno central. ¿Por que non se dirixen vostedes ao Executivo central demandando solucións sobre o déficit de profesionais de médicos en España? Non o queren facer, porque,



mire, a falta de determinados especialistas afecta, por suposto, á atención e ás demoras. No Hospital Público da Mariña víronse afectadas algunhas especialidades, non sendo o caso noutras, como Hematoloxía, Cirurxía dixestiva, Obstetricia, Pediatría e Xinecoloxía, que non superaron os 21 días.

Para paliar o déficit de profesionais, a Xunta buscou solucións: convocamos diferentes prazas de especialista para o Hospital; acabamos de facer un concurso de traslados; estamos inmersos no proceso de resolución dunha OPE e dun concurso especial de méritos, nos cales se ofertan máis dunha vintena de prazas de especialista para o Hospital Público da Mariña. É dicir, procesos que —como saberá— son longos, no tempo, para os prazos, os trámites e as garantías que hai que cumprir. ¿Que fixeron vostedes mentres? Votar, neste Parlamento, dúas veces en contra da lei que permite ocupar as prazas de difícil cobertura. ¡Demagogia pura é o que fan!

O compromiso da Xunta co Hospital Público da Mariña é firme. Cando teñamos as prazas cubertas, as listas reduciranse de maneira significativa, e os datos están aí. Insisto, a lista de espera cirúrxica no Hospital da Mariña reduciuse, o pasado ano, ata os 45,9 días. Os veciños da Mariña agardan por unha cirurxía case 21 días menos que a media de Galicia e 82 días menos que a media de España.

Eses son os datos e a realidade que vostedes non queren ver.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Méndez.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidenta.

Mire, señor conselleiro, dos 36 anos de vida que ten o Hospital Público da Mariña, vostedes levan gobernando trinta anos —trinta anos—, co cal algunha responsabilidade terán —¡digo eu!— porque as competencias en sanidade están na Xunta de Galicia; polo tanto, se o devir desa comarca non vai ben, pois algunha responsabilidade terán.

Veñen aquí dar datos, datos, datos..., pero a pregunta era clara: ¿que pensou en facer a Consellería para rebaixar esas listas de espera? Porque os datos están maquillados; os datos están camuflados. ¡Si!, señor conselleiro. Tiña que escoitar os facultativos, por iso lle dixen que fose ata alí. Se foi por alí ou se vai ir por alí, escóiteos ben, porque falan dun buzón; e non é un buzón físico, ¿eh?!, (*A señora Méndez López sinala para arriba co dedo indicador da man.*) ou un buzón que está na nube. Tardan ano, ano e medio e dous anos en chamalos para poñerlles cita e, despois, a partir de aí, é cando empezan a contabilizar as cifras, ¡nalgún caso escandalosas e insoportables!; porque as cifras son insoportables.

Están exhaustos, están indignados, están contrariados..., porque, primeiro, non poden realizar ben o seu traballo e, segundo, porque hai algún cunha carga tan brutal que lle está afectando tamén a súa vida persoal e a súa propia saúde; polo tanto, poña solucións enriba da mesa.



Vostedes teñen as competencias, señor conselleiro. As cifras —como dixen— son insostibles e insoportables. Non aguanta a sanidade pública así máis tempo.

A atención primaria, os PAC, os servizos hospitalarios, as consultas... É insostible. Polo tanto, a pregunta élle ben clariña. Non quero máis cifras nesta resposta; quero solucións... Vaime dar máis cifras, co cal, non me vai dar resposta á pregunta, polo que vimos aquí perder o tempo, ¿non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Non, vostede saberá, non!, se non me responde...

Reitérolle, ¿que pensou...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora MÉNDEZ LÓPEZ: ...en facer para dar solución a esta situación? (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Insisto, o compromiso desta consellería e da Xunta co Hospital da Mariña é claro e manifesto. Fronte aos axitadores de sempre —que só buscan alarmar e enganar—, aí están os investimentos, as novas prazas e o incremento de recursos.

Os feitos son moi claros: levamos a cabo as fases 0 e 1 do Plan director, cun investimento da Xunta de 20 millóns de euros, ampliando o centro en máis de seis mil metros cadrados, dotándoo dun novo edificio de consultas externas e dun novo edificio de hospitalización; renovamos o equipamento tecnolóxico con: unha máquina de TAC, cun investimento de máis de catrocentos mil euros; unha máquina de resonancia magnética, de máis de oitocentos mil euros; tres ecógrafos; dous equipos radiocirúrxicos; seis lámpadas cirúrxicas...

Os orzamentos de 2025 recollen case medio millón de euros para a adquisición de equipamento tecnolóxico para varios servizos hospitalarios. Temos o compromiso firme de seguir avanzando no Plan Director do Hospital da Mariña, que suporá un investimento de 30 millóns de euros, o que nos permitirá ampliar en 4.000 metros cadrados o hospital e reformar outros 8.200 metros cadrados, con importantes aumentos nas áreas de Urxencias, Radioloxía, Laboratorio ou Docencia.

As intervencións realizadas no hospital permitíronnos incrementar os servizos prestados na Mariña, atendendo máis xente e evitando trasladados para Lugo, salvo para aquelas intervencións estritamente necesarias, atendendo criterios clínicos. E todo iso fronte aos profetas que dicían que o Hospital da Mariña ía pechar e que se prodigaban alertando do seu desmantelamento. O tempo dá e quita razóns. (*Aplausos.*)

Nestes anos, o Hospital Público da Mariña non fixo máis que ver incrementados os servizos que presta: o Servizo de Oncohematoloxía, unha resonancia magnética fixa, a hospitalización



a domicilio e unha segunda sala de endoscopias. Esta é a aposta que fai a Xunta pola sanidade pública galega e a aposta que fai a Xunta pola comarca da Mariña.

A realidade é que hoxe o Hospital Público da Mariña conta cunhas instalacións máis amplas e cómodas, tanto para os doentes como para os traballadores, o cal contribuíu para unha mellora xeral da calidade do servizo que se presta neste centro hospitalario.

E —xa que non lle gusta— doulle un dato máis: das 28.214 cirurxías realizadas en hospitais públicos da provincia de Lugo, 5.378 fixéronse no Hospital Público da Mariña, é dicir, 233 máis que o ano anterior; isto significa un incremento dun 4,3 por cento da actividade cirúrxica. E o mesmo se falamos das consultas e das probas.: o Hospital da Mariña rexistrou o pasado ano máis de 106.000 consultas ao especialista e 1.202 consultas por vías rápidas, incrementándose nun 9,17 por cento con respecto ao ano anterior e realizando 75.848 probas diagnósticas.

Insisto, señoría: case 5.400 cirurxías, 106.000 consultas, un 9,17 por cento máis de consultas por vías rápidas e 75.848 probas realizadas o ano pasado no Hospital Público da Mariña.

¿É isto un desmantelamento?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Imos á última pregunta da sesión plenaria.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance dos plans locais de saúde

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Antes de comezar, permítame un comentario sobre a pregunta anterior. Moito doeu que en Viveiro gañe e governe quen gañou as eleccións. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Parece que non todas as mocións de censura son iguais. (*Aplausos.*)

Imos xa coa pregunta. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, durante anos, tanto a Consellería de Sanidade como os gobernos do Partido Popular nesta Cámara, destacamos a importancia da atención primaria como clave na xestión da sanidade pública galega, resolvendo a maioría das consultas sen necesidade de derivación para o hospital.

Todos somos coñecedores do gran problema de déficit de profesionais sanitarios, que, neste momento, está atravesando non só Galicia, senón toda España; e sabemos que o Goberno



galego fixo todo aquilo que está dentro das súas competencias para paliar o déficit e para reter na nosa comunidade todos aqueles profesionais que se formaron aquí e incluso para traer profesionais de fóra, mellorando os seus contratos e facendo leis, como a destinada a cubrir as prazas vacantes de difícil cobertura.

Todo isto o fixemos, por suposto, señor conselleiro, sen o apoio da oposición, sempre co voto en contra tanto dos nacionalistas como dos socialistas. Incluso, fixemos todo isto, non recoñecendo o que todo o mundo sabe: que o Goberno central é o que ten a responsabilidade de formar máis médicos de familia.

Á marxe de seguir reclamando ao Goberno central que actúe e que exerza as súas competencias, entre outra cousas, axilizando a homologación de títulos estranxeiros —hai máis de vinte mil médicos esperando esa validación—; ou incorporando as novas prazas acreditadas á oferta formativa de especialistas; tamén acelerando a implantación da especialidade de Medicina de Urgencia, que aprobamos aquí todos por unanimidade.

Diante destas demandas, señor conselleiro, atopámonos co desinterese total do Goberno central, que fixo caso omiso a todo, e un Partido Socialista e un Bloque Nacionalista Galego que miran para outro lado e cuxos esforzos se van todos nas pancartas e nas manifestacións. Mentres tanto, o Goberno galego segue traballando e incrementando as medidas para mellorar a nosa asistencia sanitaria. E aí están, vendo estas necesidades, mediante unha planificación proactiva a través dos plans locais de saúde, que favorecen unha atención integral, equitativa e accesible, mellorando a organización e o liderado profesional.

Hoxe, señor conselleiro, gustaríanos saber: ¿cal é o balance da Xunta sobre os plans locais de saúde?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Amigo.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señoría —creo—, todos nesta Cámara somos conscientes da importancia que ten a atención primaria para o que é o sistema sanitario público. Este nivel asistencial representa a porta de acceso dos cidadáns á sanidade pública, é dicir, a un dos mellores sistemas sanitarios públicos do mundo, que é o da Comunidade Autónoma de Galicia: a atención primaria que achega a atención sanitaria a cada un dos 313 concellos de Galicia.

A súa importancia é grande e medra conforme avanza a idade media da poboación, e, con ela, á súa cronicidade, a súa pluripatoloxía e, en definitiva, a súa necesidade de atención e de cuidados. É por iso que levamos anos traballando para mellorar e fortalecer a atención primaria, establecendo novos modelos de asistencia para dar unha atención integral ao paciente; unha atención centrada na persoa e na súa realidade biopsicosocial, garantindo a ac-



cesibilidade, a coordinación e a continuidade nos coidados desde un enfoque comunitario e proactivo. É dicir, atendemos pacientes —e non enfermidades— e tratamos de facelo moito máis alá das paredes dos propios centros de saúde.

Con esa filosofía xorden os plans locais de saúde. Son estes instrumentos de planificación estratéxica desenvolvidos a nivel de cada servizo de atención primaria; estes plans permítenos facer un diagnóstico exhaustivo da realidade da poboación, co obxectivo de planificar o mellor xeito de responder as súas necesidades asistenciais concretas. Trátase dunha resposta colaborativa porque son os profesionais de cada servizo e de cada centro os que plasman en cada plan local o estado de saúde da poboación que atenden, e os cales, en función dos recursos comunitarios de que dispoñan, fixan as accións para mellorar a calidade e a cantidade de vida da poboación.

Puxemos en marcha esta iniciativa no ano 2022, cos primeiros catorce plans locais de saúde e, dada a boa acollida que recibiron, pouco a pouco se foron incrementando. Actualmente son 95 os servizos de atención primaria de Galicia que xa contan cun plan local de saúde, o cal representa o 65 por cento dos servizos; noventa e cinco servizos de atención primaria que adaptan a asistencia sanitaria ás necesidades de cada poboación e dos cales se benefician máis de 1,7 millóns de galegos.

Estes plans son froito do traballo de equipos multidisciplinares: médicos, pediatras, enfermeiros e enfermeiras, traballadores sociais, fisioterapeutas, odontólogos, hixienistas ou persoal administrativo, a quen quero recoñecer a súa implicación e o seu traballo.

Nos plans locais da saúde, o pasado ano realizáronse 1.552 actividades comunitarias orientadas ao benestar dos pacientes; actividades dentro e fóra dos centros de saúde dirixidas a nenos, a adolescentes e a maiores con accións adaptadas a cada etapa da vida e ao contexto local; estas actividades derivaron en máis de vinte e catro mil consultas comunitarias.

Trátase dunha evolución que reflicte, ben ás claras, non só a intensidade do traballo realizado polos profesionais, senón tamén o impacto real que esta iniciativa da Xunta ten na poboación atendida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica da señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta.

O Goberno galego traballa e está comprometido cos galegos. Iso demóstrase no día a día con feitos e con compromisos; e así o vimos nos orzamentos, nos cales o seu compromiso coa atención primaria quedou patente cun orzamento de 1.668 millóns de euros, apostando pola dixitalización e pola atención domiciliaria, especialmente no rural.



O que hoxe lle acabamos de escoitar sobre os plans locais vén dicir que o obxectivo final é integrar os centros de saúde na comunidade para así mellorar a calidade asistencial; un plan local é unha ferramenta de xestión que adapta a atención ao usuario, ás características demográficas e po-
boacionais, dando unha atención máis efectiva porque coñece todos os recursos dese territorio.

Todos entendemos que non é o mesmo atender un centro urbano, un centro semiurbano ou ben un centro rural. Díxonos que hoxe máis do 65 por cento dos servizos de atención pri-
maria de Galicia contan xa con ese plan local de saúde, do cal se están a beneficiar máis de 1,7 millóns de persoas. Queda claro que estes plans fomentan a colaboración entre os pro-
fesionais sanitarios, os servizos sociais e a cidadanía, mellorando así a prevención e a pro-
moción da saúde; queda claro que o traballo é constante e día a día, para paliar ese déficit de
profesionais [*inaudible*], a Xunta, o Goberno galego —e, concretamente, a Consellería de Sa-
nidade— está traballando para que toda a poboación galega estea ben atendida.

Nesta segunda quenda, señor conselleiro, ¿poderíanos responder cando se prevé acadar ese
cen por cento dos servizos de atención primaria?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Encarna Amigo.

Os plans locais de saúde son documentos vivos, son documentos abertos e participativos
que permiten facer fronte aos problemas sanitarios e sociais dentro dunha determinada co-
munidade, desde o coñecemento das súas necesidades concretas. Somos conscientes da ne-
cesidade de seguir avanzando porque así nolo demandan os nosos profesionais e a cidadanía,
pero tamén por convicción propia.

Como lle dixen na miña primeira intervención, 95 servizos de atención primaria de Galicia
contan xa cun plan local de saúde, o cal supón o 65 por cento dos servizos de atención pri-
maria. O noso obxectivo é que no vindeiro 2026 —no próximo ano— os plans locais de saúde
cheguen á totalidade dos servizos de atención primaria de Galicia.

Señoría, se por algo se caracteriza esta consellería é, precisamente, polo dinamismo e pola in-
novación. Nese sentido, unha das grandes virtudes destes instrumentos é que fan da saúde un
elemento máis da vida comunitaria, poñéndoa en relación con toda a actividade social e coa
contorna. Por iso, é preciso ir actualizando e mellorando estes plans locais para adaptarse e para
satisfacer do mellor xeito as necesidades detectadas en cada servizo de atención primaria.

Señoría, grazas a estes plans locais, o pasado ano puxemos en marcha 87 proxectos inno-
vadores. Un exemplo é o proxecto Hiperuricemia, centrado en optimizar o manexo da en-



fermidade, abordando as comorbilidades mediante un enfoque interdisciplinar desde os equipos de atención primaria.

Nos servizos que contan cun plan local de saúde logramos incrementar, entre os anos 2022 e 2024, nun 13,8 por cento a atención domiciliaria a pacientes inmobilizados; e tamén logramos aumentar en máis dun 19 por cento o volume de consultas realizadas nos seus domicilios, acadando as 189.000 visitas no ano 2024. Todo isto tivo o seu reflexo nunha mellora da atención da poboación e da saúde. Así, no ano 2024, o 75 por cento dos cupos destes servizos dispoñía de ocos libres en menos de catro días; é dicir, un 8 por cento máis que a media global de Galicia.

Señoría, todo isto demostra que os plans locais de saúde funcionan; e funcionan grazas aos seus piares fundamentais, que son todos os profesionais sanitarios e a poboación, que participan na elaboración e na posta en marcha destes plans.

Ao falar de medicina personalizada, pénsase moitas veces no que son as grandes plataformas xenéticas, e non é así; a medicina personalizada tamén é un plan local de saúde.

Moitas grazas e nada máis. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pois chegamos ao remate do pleno, e levantamos a sesión.

Boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás seis e corenta e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

